



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 37

VIII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 23 de febreiro de 2010

Presidencia da Excm. Sra. D.^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

1. Textos lexislativos

1.1 Debate de totalidade do proxecto de lei de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia 08/PL-0011 (18846)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 155, do 20.01.2010

Publicación ampliación. prazo presentación emendas articulado, BOPG núm. 168, do 10.02.2010

Publicación ampliación. prazo presentación emendas articulado, BOPG núm. 169, do 11.02.2010

Publicación emenda de totalidade, BOPG núm. 170, do 12.02.2010

Publicación emenda ao articulado, BOPG núm. 175 f.1, do 19.02.2010

1.2 Toma en consideración da proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de montes de Galicia 08/PPL-0004 (9078)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 90, do 08.10.2009

2. Comparecencias en Pleno

2.1 08/CPP-0100 (18791)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para informar sobre o contido do documento previo á aprobación inicial do Plan de ordenación do litoral

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 157, do 25.01.2010

2.2 08/CPP-0107 (23206)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da Sra. conselleira de Sanidade, para informar sobre o novo hospital de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 174 f.1, do 18.02.2010

2.3 Acumúlase na anterior a seguinte

08/CPP-0093 (14044)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Da Sra. conselleira de Facenda, para explicar o modelo de participación público-privado para o Hospital de Vigo e as consecuencias económicas e de xestión desta fórmula de colaboración

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 123, do 25.11.2009

3. Mocións

3.1 08/MOC-0037 (23248)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre a retirada das Bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 18620, publicada no BOPG núm. 157, do 25.01.2010, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2010)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 174 f.1, do 18.02.2010

3.2 08/MOC-0038 (23278)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre os medios de comunicación públicos e a necesidade de que Galicia dispoña dunha nova lexislación (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 16421, publicada no BOPG núm. 147, do 04.01.2010, e debatida na sesión plenaria do 09.02.2010)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 174 f.1, do 18.02.2010

4. Propositions non de lei ante o Pleno

4.1 08/PNP-0051 (1504)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego respecto das reivindicacións do sector da pesca en relación coa insuficiencia de titulados náutico-pesqueiros para completar as tripulacións mínimas dos buques necesarias para saír a faenar e da homologación das súas atribucións

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 30, do 10.06.2009

4.2 08/PNP-0073 (2086)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen, e 3 deputados máis

Sobre as actuacións para levar a cabo co fin de paliar os efectos da crise económica nas empresas galegas do sector da lousa

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 30, do 10.06.2009

4.3 08/PNP-0138 (5120)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a creación dunha comisión para o estudo da reforma do Estatuto de autonomía de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 173 f.3, do 17.02.2010

4.4 08/PNP-0337 (19925)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luísa, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as actuacións para levar a cabo en relación coa execución e co financiamento do proxecto de construción dun novo hospital público en Vigo previsto no Plan de infraestruturas sanitarias 2008-2013

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 164, do 04.02.2010

4.5 08/PNP-0343 (20049)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, María Emma, e 6 deputados máis

Sobre as actuacións para levar a cabo en relación coa operatividade da figura da Unidade de Xestión Forestal e a creación dunha nova figura de agrupación ou asociación de propietarios forestais co fin de constituír explotacións economicamente viables e sostibles

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 164, do 04.02.2010

4.6 08/PNP-0344 (20282)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as declaracións do conselleiro de Cultura e Turismo nas que menospreza a cultura galega

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 164, do 04.02.2010

5. Interpelacións

5.1 08/INT-0230 (18724)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quintas Álvarez, María Remedios

Sobre os proxectos relevantes do Goberno galego para o Xacobeo 2010

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 157, do 25.01.2010

5.2 08/INT-0159 (9695)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caride Estévez, María José, e 4 deputados máis

Sobre a estratexia, as previsións e iniciativas do Goberno galego diante da actual crise económica

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 93, do 14.10.2009

5.3 08/INT-0247 (19636)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Blanco Álvarez, Fernando Xabier, e Viéitez Alonso, Henrique

Sobre as iniciativas previstas polo Goberno galego para afrontar a crise económica e a recuperación do emprego

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 164, do 04.02.2010

5.4 08/INT-0248 (19660)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen, e 3 deputados máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do proxecto denominado Cidade do Mar

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 164, do 04.02.2010

6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 08/POPX-0028 (23371)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre as previsións de reactivación económica que manexa o Goberno galego para o Ano Xacobeo 2010

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 174 f.2, do 18.02.2010

6.2 08/POPX-0029 (23372)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Fernández, Manuel

Sobre a avaliación da evolución socioeconómica de Galicia no ano 2009

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 174 f.2, do 18.02.2010

7. Preguntas orais ante o Pleno

7.1 08/POP-0590 (18845)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre os obxectivos concretos que para a reactivación económica de Galicia se agarda conseguir durante o Xacobeo 2010

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 157, do 25.01.2010

7.2 08/POP-0641 (20091)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López-Chaves Castro, Ignacio Javier

Sobre a valoración do apoio do Goberno central ao Ano Santo Xacobeo 2010

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 164, do 04.02.2010

7.3 08/POP-0809 (23290)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel

Sobre as razóns que xustifican o peche do prazo de presentación de solicitudes de incorporación de vivendas ao Programa de vivenda en aluguer (Art. 155.5)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 174 f.2, do 18.02.2010

7.4 08/POP-0811 (23322)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María, e 2 deputados máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a posta en marcha dun servizo público de transporte que conecte as distintas áreas urbanas cos aeroportos de Galicia (Art. 155.5)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 174 f.2, do 18.02.2010

7.5 08/POP-0814 (23367)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ruiz Rivas, Manuel Santos, e 3 deputados máis

Sobre a valoración do Goberno galego da decisión do Goberno central de non celebrar un sorteo específico da Lotería Nacional a favor do Ano Xacobeo 2010 (Art. 155.5)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 174 f.2, do 18.02.2010

7.6 08/POP-0610 (19408)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique

Sobre o conflito existente nas instalacións deportivas de Galicia como consecuencia da falta de entendemento na negociación do convenio colectivo

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 164, do 04.02.2010

7.7 08/POP-0629 (19781)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Campos, José Carlos

Sobre os plans e as medidas previstas pola Consellería de Economía e Industria para apoiar as empresas galegas nas políticas de I+D+i

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 164, do 04.02.2010

7.8 08/POP-0659 (20591)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre a política de dotación de vehículos ao parque móbil da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 164, do 04.02.2010

7.9 08/POP-0720 (21778)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito, e Viéitez Alonso, Henrique

Sobre as previsións de traslado da subestación de distribución de enerxía eléctrica de Vilalonga

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 168, do 10.02.2010

7.10 08/POP-0721 (21781)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ruíz Rivas, Manuel Santos, e Puy Fraga, Pedro

Sobre a valoración do Goberno galego da decisión adoptada polo Goberno central en relación coa Lei 10/2009, do 30 de decembro, de caixas de aforros de Galicia

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 164, do 04.02.2010

7.11 08/POP-0734 (22072)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo Antonio, e 3 deputados máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a execución do convenio de colaboración asinado co Ministerio de Educación, para o impulso do idioma inglés entre os mozos e mozas de 18 a 30 anos mediante o aumento de prazas nas escolas oficiais de idiomas no curso 2009-2010

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 168, do 10.02.2010

Ábrese a sesión ás dez e nove minutos da mañá.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor Fernández Leiceaga (S) pide a palabra para emitir unha protesta en nome do seu grupo relativa ao aprazamento de dúas interpelacións. (Páx. 9.)

Presentación do proxecto de lei: *Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.* (Páx. 9.)

Rolda de defensa da emenda á totalidade de devolución: *Sra. Táboas Veleiro (BNG).* (Páx. 12.)

Rolda a favor ou en contra da emenda ou de portavoces dos grupos non emendantes: *Sra. Barcón Sánchez (S),* (Páx. 15.) *e Sr. Rodríguez González (P).* (Páx. 18.)

Rolda de réplica do grupo parlamentario emendante: *Sra. Táboas Veleiro (BNG).* (Páx. 22.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de montes de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación e defensa da proposición de lei: *Sra. Paz Franco (BNG).* (Páx. 23.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre a proposición de lei: *Sra. Verdes Gil (S)* (Páx. 26.) *e Sra. García Pacín (P)* (Páx. 29.)

Rolda de réplica do grupo parlamentario autor da proposición de lei: *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 32.)

A señora presidenta informa de que se vai proceder á votación dos textos lexislativos. (Páx. 33.)

Votación da emenda á totalidade de devolución, doc. núm. 22703, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, presentada ao Proxecto de Lei de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia: *rexeitada por 12 votos a favor, 38 en contra e 24 abstencións.* (Páx. 33.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei de montes de Galicia, do G. P. Do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 36 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para informar sobre o contido do documento previo á aprobación inicial do Plan de ordenación do litoral. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.* (Páx. 33.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Táboas Veleiro (BNG)* (Páx. 37.), *Sra. Barcón Sánchez (S)* (Páx. 39.) *e Sr. Rodríguez González (P).* (Páx. 42.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*. (Páx. 44.)

O señor presidente (Baltar Blanco) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 47.) *Nesta rolda interveñen a señora Táboas Veleiro (BNG)* (Páx. 47.), *a señora Barcón Sánchez (S)* (Páx. 48.), *o señor Rodríguez González (P)* (Páx. 49.) e *o señor conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*. (Páx. 50.)

Suspéndese a sesión á unha e trinta e oito minutos do mediodía e retómase ás catro e media da tarde.

Comparecencia da Sra. conselleira de Sanidade para informar sobre o novo hospital de Vigo

Comparecencia da Sra. conselleira de Facenda, por petición do G. P. dos Socialistas de Galicia, para explicar o modelo de participación público-privado para o hospital de Vigo e as consecuencias económicas e de xestión desta fórmula de colaboración. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente (Baltar Blanco) informa de que á comparecencia documento número 23206 se lle acumula a documento número 14044.

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Sanidade*. (Páx. 51.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Bouza Santiago (BNG)* (Páx. 56.), *Sr. Pose Mesura (S)* (Páx. 58.) e *Sr. Fernández Fernández (P)*. (Páx. 60.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Sanidade*. (Páx. 62.)

O señor presidente (Baltar Blanco) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno (Páx. 65.) *Nesta rolda interveñen a señora Bouza Santiago (BNG)* (Páx. 65.), *o señor Pose Mesura (S)* (Páx. 66.), *o señor Fernández Fernández (P)* (Páx. 68.) e *a señora conselleira de Sanidade*. (Páx. 69.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a María do Carme Adán Villamarín e D. Bieito Lobeira Domínguez, sobre a retirada das Bases para a elaboración do Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Baltar Blanco) comunica que a esta moción lle foi presentada a emenda doc. núm. 24690, do G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 70.)

Intervención da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 71.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Meijón Couselo (S)*. (Páx. 73.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Baamonde Díaz (P)*. (Páx. 75.)

A señora Adán Villamarín (BNG) intervéñ para pechar o debate e posicionarse respecto da emenda. (Páx. 77.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Lage Tuñas, sobre os medios de comunicación públicos e a necesidade de que Galicia dispoña dunha nova lexislación. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Baltar Blanco) comunica que a esta moción lle foron presentadas as emendas doc. núm. 24750, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e a doc. núm. 24808, do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 79.)

Intervención do autor: *Sr. Lage Tuñas (S)*. (Páx. 79.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Quintana González (BNG)* (Páx. 81.) e *Sr. Baamonde Díaz (P)*. (Páx. 84.)

O señor Lage Tuñas (S) intervén para pechar o debate e solicita tempo para transaccionar as emendas. (Páx. 86.)

Suspéndese a sesión por uns minutos.

Retómase a sesión.

A señora presidenta anuncia que se van votar as mocións debatidas. (Páx. 87.)

Votación do texto transaccionado da moción documento número 23248, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a María do Carme Adán Villamarín e de D. Bieito Lobeira Domínguez, sobre a retirada das Bases para a elaboración do decreto de plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia: *rexeitada por 36 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 87.)*

A señora presidenta dálle a palabra ao señor Lage Tuñas (S) para que comunique se houbo acordo en relación co documento 23278 e lle dea lectura se é o caso. (Páx. 87.)

Votación do texto transaccionado da moción documento número 23278, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Lage Tuñas, sobre os medios de comunicación públicos e a necesidade de que Galicia dispoña dunha nova lexislación: *aprobada por unanimidade con 74 votos a favor. (Páx. 88.)*

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol, sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego respecto das reivindicacións do sector da pesca en relación coa insuficiencia de titulados náutico-pesqueiros para completar as tripulacións mínimas dos buques necesarias para saír a faenar e da homologación das súas atribucións. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta anuncia que a esta proposición non de lei lle foron presentadas dúas emendas: unha polo G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 24799) e outra polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 24803). (Páx. 88.)

Intervención do autor da proposición non de lei : *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 89.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Lobeira Domínguez (BNG)* (Páx. 91.) *e Sra. Soneira Tajés (S).* (Páx. 93.)

O señor Balseiro Orol (P) intervén para pechar o debate. (Páx. 95.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María Carmen Acuña do Campo e tres deputados máis, sobre as actuacións para levar a cabo co fin de paliar os efectos da crise económica nas empresas galegas do sector da lousa. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Baltar Blanco) anuncia que a esta proposición non de lei lle foron presentadas dúas emendas: unha polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 24805) e outra polo G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 24809). (Páx. 96.)

Intervención da autora da proposición non de lei: *Sra. Acuña do Campo (BNG).* (Páx. 97.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Viéitez Alonso (BNG)* (Páx. 99.) *e Sr. Sueiro Pastoriza (P).* (Páx. 101.)

A señora Acuña do Campo (BNG) intervén para pechar o debate. (Páx. 103.)

Modificación e alteración da orde do día

O señor presidente (Baltar Blanco), antes de suspender a sesión plenaria, comunica a solicitude de aprazamento por parte do Goberno das interpelacións que figuran na orde do día nos puntos 5.4 e 5.2 (doc. núm. 19660 e 9695) e o aprazamento das preguntas que figuran na orde do día nos puntos 7.5 e 7.10 (doc. núm. 23367 e 21781). (Páx. 104.)

A seguir anuncia que a pregunta do G. P. dos Socialistas de Galicia que figura na orde do día no punto 7.11 (doc. núm. 22072) se tratará inmediatamente despois de concluír o punto sexto da orde do día. (Páx. 104.)

Suspéndese a sesión ás oito e cincuenta e oito minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez e nove minutos da mañá.

A señora PRESIDENTA: Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 175, fascículo 1, do 19 de febreiro de 2010, polo que non se procede á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias e polo tanto, señorías, se lles parece entramos na orde do día.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

A señora PRESIDENTA: Si, ¿para que quere a palabra, señor portavoz?

Déanlle a palabra ao señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, señora presidenta.

Consta no noso grupo que hai dúas interpelacións pertencentes a deputados do noso grupo que parece ser que van ser aprazadas por petición do Goberno. E isto que de por si xa é unha cuestión digamos que roza os límites do Regulamento, dado que non hai ningunha previsión regulamentaria para as interpelacións, dado ademais que o Goberno é solidario e dado, ademais, que se vai responder unha interpelación doutro grupo que versa sobre unha cuestión moi parecida a unha das interpelacións, pois parécenos que é algo que non debe facerse, e queremos emitir a nosa protesta en relación con este asunto. Sobre todo cando existe un conselleiro de Economía e Industria e a nosa interpelación vai xustamente sobre a cuestión da crise económica.

A señora PRESIDENTA: Gracias, señor Leiceaga.

Aceptamos por suposto a súa protesta, pero creo que vostede sabe que o Goberno ten todo o dereito do mundo por unha soa vez a aprazar as súas iniciativas. Efectivamente, xa sei que o Regulamento especificamente fala de preguntas, pero vostede sabe que nesta lexislatura, na anterior e en todas sempre se estendeu ao tema das interpelacións. Polo tanto, eu creo que vostede é coñecedor perfectamente da

mecánica parlamentaria, e ademais non se trata nin sequera de escapar ao control porque, de feito, esta iniciativa vaise incluír obrigatoriamente no próximo Pleno. Por tanto, paréceme que non é unha cuestión de orde, que non se infrinxe eu creo que nin sequera o Regulamento con esta cuestión.

Ben, se lles parece e non hai nada máis, entramos entón na orde do día, como dicía, co debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, don Agustín Hernández Fernández de Rojas, por un tempo máximo de quince minutos.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Hernández Fernández de Rojas): Si, bos días, señora presidenta.

Señorías.

O debate de totalidade do Proxecto de lei de modificación da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia, marca o inicio do camiño parlamentario dunha iniciativa que ten a súa orixe nun acordo unánime da Comisión executiva da Federación Galega de Municipios e Provincias na primavera do ano 2007, para a modificación da lei urbanística no referido ao rural, e que o actual Goberno de Galicia adoptou como unha encomenda institucional. Este proxecto de lei recolle así as propostas formuladas no seu día e que foron reeditadas no acordo institucional para o urbanismo asinado entre a Xunta de Galicia e a propia Fegamp o pasado 16 de setembro.

Esta modificación nace pois do espírito de consenso deste Goberno. Pero, ademais de tratar de facer realidade esta petición do municipalismo galego, a reforma legal que se presenta ante esta Cámara é tamén o froito dun intenso diálogo aberto coas administracións responsables da función pública urbanística e cos axentes sociais implicados nesta actividade. Así, xunto á canle aberta cos concellos a través da Fegamp, a proposta foilles notificada ao Ministerio de Fomento, á Confederación de Empresarios de Galicia, á Federación de Promotores, ao Consello de Avogacía, ao

Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís, ao Colexio notarial, aos colexios profesionais e ao Consello Galego de Medio Ambiente, entre outros.

Ao texto proposto presentáronse trinta alegacións doutras tantas entidades e organismos, que na súa gran maioría foron incorporadas ao documento que foi remitido a este Parlamento.

Finalmente, o documento foi enviado ao Consello Económico e Social para a emisión do preceptivo ditame, por tratarse dunha norma que regula unha materia directamente vinculada ao desenvolvemento económico e social de Galicia, introducíndose diversas modificacións propostas no ditame deste organismo do pasado 23 de decembro.

Este proxecto de lei parte da experiencia adquirida na aplicación práctica do modelo legal conformado pola Lei 9/2002, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia, e a súa posterior reforma do ano 2004, na que se detectaron certas disfuncións, unida aos novos e inaprazables requirimentos das actuais circunstancias económicas que aconsellan unha reformulación de determinados aspectos estratéxicos desta norma.

Trátase de lograr un avance cara a unha ordenación do solo rústico máis consecuente coa natureza do medio rural como medio produtivo de recursos naturais, susceptibles dunha explotación racional e sostible, e dun maior recoñecemento da función, competencia e responsabilidade que ten asinada a Administración local á hora de proxectar e ordenar a actividade urbanística do seu termo municipal.

Tamén se pretende conseguir a reconfiguración dos procesos de formulación e aprobación do plan urbanístico, aínda hoxe excesivamente complexos e dilatados no tempo, alixerando os seus prazos e inserindo neles os trámites propios para o tratamento e a avaliación da súa compoñente ambiental.

O proxecto de lei formula unha redefinición do concepto legal básico do núcleo rural para integrar nel non só os asentamentos históricos tradicionais, senón aqueles que constitúen unha expresión da realidade dos nosos asentamentos tradicionais de poboación.

Esta reforma, na procura dunha maior axilidade, acométese coa convicción de darlles unha resposta verdadeira e inmediata ás inxedanzas xeradas pola situación do urbanismo en Galicia. A esta necesidade non lle é alleo o feito de que na actualidade só 43 concellos galegos dispoñen de plans xerais de ordenación municipal axustados á lei vixente. E o que resulta máis preocupante, 66 concellos, máis dun 20 % do total, carecen actualmente de calquera instrumento de planeamento. E dun total de 247 concellos que están a tramitar o correspondente plan, algúns deles levan nese proceso máis de trinta anos. Se a iso lle engadimos que o prazo medio de aprobación dun plan xeral vén superando os seis anos, resulta evidente a procedencia de acometer esta modificación lexislativa para facilitar os traballos de planificación urbanística municipal.

O contido do Proxecto de lei de modificación da Lei de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia modifica 44 dos 237 artigos da lei, o que supón o 20 % do seu articulado. Modifica tamén dúas disposicións adicionais e tres disposicións transitorias.

As súas liñas fundamentais van dirixidas a potenciar a colaboración da Administración autonómica coa local en materia urbanística, para facilitar e simplificar a elaboración dos planeamentos municipais, así como para darlle resposta –como xa se apuntou– á problemática derivada dos núcleos rurais, e a regulación do solo rústico, tratando de axustarse á realidade rural de Galicia.

As principais novidades agrúpanse en torno a catro eixes:

En primeiro lugar, a consideración de novos tipos de núcleos rurais.

Resulta tarefa ineludible adecuar o contido da lei á realidade contemporánea dos arredor de 30.000 entidades singulares de poboación existentes en Galicia, das que máis de 10.200 son núcleos que teñen o mínimo de dez edificacións, agrupación na que se basea a delimitación do concepto de núcleo de poboación segundo as Normas subsidiarias de planeamento. Así, a especificidade e significación dos núcleos rurais galegos convértese nun dos eixes fundamentais desta modificación.

Propónse unha reformulación do concepto legal de núcleo rural con tres tipos básicos: o núcleo rural histórico tradicional, o núcleo rural común e o núcleo rural complexo, a fin de abarcar con esta definición a multiplicidade de tipoloxías que ofrece a realidade dos nosos asentamentos rurais e que ata este momento carecían dunha regulación específica.

Porque, señorías, non se pode encorsetar o perímetro orgánico dun asentamento vivo nunhas distancias lineais. A pedra angular para a concepción do núcleo rural que se propón é a densidade edificatoria existente, converxendo co concepto tradicional de asentamento, propugnando a consolidación da rede de núcleos tradicionais existentes coa súa correlativa rede de dotacións, equipamentos públicos ao servizo da comunidade. O obxectivo é evitar a dispersión da urbanización e das edificacións, é impedir a actual expansión de ocupación do territorio na procura dun sistema de asentamento sostible, máis eficiente desde o punto de vista social e tamén desde o punto de vista da mobilidade.

O que se trata pois é de certificar a capacidade de acollida dos núcleos fronte á total prohibición de edificación residencial nun rural que cómpre preservar, coidar e potenciar como legado de futuro.

Neste terreo tamén se recupera o protagonismo do plan xeral para fixar a ordenación detallada deste tipo de núcleos, o alcance das actuacións integrais neles e restablécese a figura do plan especial de ordenación de núcleo rural formulado e aprobado pola Administración local.

Faise tamén unha maior incidencia na protección e recuperación dos elementos característicos da arquitectura rural e na conservación da morfoloxía dos núcleos históricos tradicionais, da súa estrutura parcelaria e histórica e dos seus usos tradicionais. Todo o cal se fai obxecto dun plan especial de estrita natureza protectora.

O segundo eixe desta lei, desta modificación é a competencia municipal no solo rústico, que se ve ampliada.

Respecto ao solo rústico resultaba inaprazable atallar o conxunto de problemas que presentaba na práctica a súa actual regulación. A tal fin modifícase parcialmente a casuística de usos permitidos segundo as diferentes categorías das súas proteccións especiais, ampliándose de maneira

decidida o recoñecemento da competencia municipal para o outorgamento das licenzas, sen necesidade de autorización autonómica previa para todos aqueles actos de edificación ou uso do solo rústico directamente vinculados coa explotación racional dos recursos e o uso natural dos predios. En consecuencia, a autorización autonómica previa en solo rústico recupera a súa orixe da Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia, como trámite de excepción, preceptivo exclusivamente para os usos non directamente vinculados ao medio rural.

O conxunto de medidas de reforma que se introducen neste campo suporá así mesmo unha notable axilización na tramitación administrativa das licenzas municipais nesta clase de solo, xa que a eliminación da necesidade de autorización autonómica previa elimina á súa vez a necesidade de observar os tres meses de prazo previstos para o seu outorgamento e alixeira o procedemento de licenza dos trámites e dos tempos necesarios para formalizar a petición de autorización e o seu traslado da tramitación ante a Administración autonómica. En consecuencia, e ao poder outorgar as licenzas municipais directamente sen necesidade de autorización autonómica previa naquelas obras e instalacións directamente vinculadas coa explotación racional dos recursos naturais, poderase reducir ata un 60 % o tempo de outorgamento das licenzas neste tipo de solo, o que contribuirá a tratar dunha forma máis axeitada e eficaz a súa condición de solo realmente produtivo.

O terceiro eixe desta modificación da lei é a maior dilixencia na aprobación dos plans urbanísticos. Esta é unha gran novidade.

Na liña de lograr unha maior eficacia e operatividade na tramitación dos diferentes instrumentos da planificación urbanística introdúcese na modificación da lei unha sensible redución dos prazos correspondentes á tramitación autonómica, rebaixando de tres a dous meses os prazos previstos no réxime legal vixente para as sucesivas intervencións dos órganos autonómicos nos procesos de aprobación dos correspondentes plans, coa excepción do previsto para a aprobación definitiva dos plans de ordenación municipal, que se mantén en tres meses. Coa norma auméntase a iniciativa, a participación e a responsabilidade municipal na elaboración e tramitación dos instrumentos de planeamento. E profundízase tamén na cooperación dos distintos

departamentos autonómicos no proceso de documentación e información a achegar aos concellos para a redacción dos seus instrumentos de ordenación, procurando a simplificación e integración de todos os procedementos, entre eles tamén o correspondente á avaliación ambiental estratéxica para a tramitación dos plans urbanísticos nun prazo máis razoable.

Por último, na lei incorpóranse unha serie de medidas puntuais e complementarias, aínda que non de menor importancia, cara a reforzar a seguridade xurídica e para tamén contribuír á estabilidade necesaria do mercado inmobiliario.

Señorías, estes son os grandes trazos, os motivos e as vantaxes dunha iniciativa lexislativa que ten como fin último lograr unha maior implicación de todos, concellos, Xunta de Galicia e axentes económicos e sociais; tamén na planificación e mellora substancial da calidade da ordenación urbanística, cara a favorecer o desenvolvemento equilibrado e sostible; tamén do territorio, contribuíndo a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación, e especialmente da poboación do noso rural.

É esta unha modificación que se considera e o Goberno considéraa necesaria e inaprazable no momento actual, aínda conscientes, obviamente, do seu carácter perceptible e da conveniencia de traballar de cara ao futuro nunha completa e meditada revisión desta materia lexislativa. Realizada esa modificación tamén co espírito de unidade e de concordia que se ten posto de relevo neste mesmo Parlamento e que se ten posto de relevo —na miña opinión— na tramitación deste proxecto de lei.

Como representante do Goberno galego, espero que o mesmo espírito de consenso que precedeu á elaboración do documento que hoxe se expón aquí se manteña no interior da Cámara entre o conxunto dos grupos políticos á hora de debater este proxecto, en beneficio —como non podería ser doutro xeito— dunha regulación tan necesaria como transcendente para o conxunto de Galicia e tamén para o conxunto dos cidadáns do noso territorio. Porque, señorías, é o momento que Galicia aprobe a asignatura da ordenación, da protección e da mellora do territorio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor conselleiro.

Para a defensa da emenda á totalidade, de devolución, ten a palabra polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego dona Teresa Táboas Veleiro.

A señora TÁBOAS VELEIRO: Señora presidenta, señores deputados, señoras deputadas, señor conselleiro.

O Bloque Nacionalista Galego dende logo que sempre vai estar a prol de conquistar un consenso para ordenar de verdade e definitivamente o noso territorio, pero iso non significa que imos asinar ningún cheque en branco. A responsabilidade política que temos daqueles que nos votaron e o que queremos este país e o seu territorio como soporte físico da nación vai facer do BNG que estea sempre aí cunha voz crítica, traballando sempre, pero cunha voz crítica. Non agarden nunca do BNG cheques en branco nin consensos ficticios porque de lugares comúns xa comezamos a estar fartos. O BNG por iso presentou unha emenda á totalidade do Proxecto de lei de medidas urxentes de modificación da Lei do 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural da Galiza.

Cando escoitaba falar o señor conselleiro, bueno, porque se un puidese ter así agochado ou illado o mundo rural, parecería que está falando unha persoa que lle quere a este territorio e que de verdade ten intención de facer unha Lei do solo e tentar por fin planificar o noso territorio. Pero, bueno, señor conselleiro, vostede está no Goberno como director xeral nunha consellería que fixo a lei do 2002 e que despois modificou a lei do 2004, é dicir, vostede non acaba de caer de repente aquí no medio deste país sen saber nin coñecer o que se fixo con anterioridade.

Como xa digo, o BNG presenta unha emenda á totalidade, de devolución, en base ás seguintes cuestións:

Dito documento, dada a enorme transcendencia que ten, debido ao forte impacto que a súa aprobación terá sobre o territorio físico no que se sustenta —como digo— o noso país, debería ser consensuado con todas as forzas políticas —e cando digo con todas, con todas—, a través dunha Ponencia única creada para tal fin no Parlamento galego. Proposta, por certo, que xa se debateu e nun primeiro momento foi rexeitada polo Partido Popular.

Non é oportuna a presentación da devandita modificación porque de ningunha maneira recolle o que se pretende na propia exposición de motivos, e polo tanto tamén incoherente no que nela se di.

Non procura a mellora da calidade da ordenación urbanística da Galiza coa orde de favorecer un desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio.

O Goberno do Partido Popular, de novo, volve retratar nesta modificación a falta dun criterio claro e coherente coa que afrontar a maneira de como debe ser ordenado o noso país, modificando por segunda ocasión a súa propia lei. Faise simplemente co fin de arranxar problemáticas concretas e puntuais; polo tanto, cunha clara mostra de oportunismo de novo político.

Estamos vendo como desde a súa consellería se están aprobando dunha maneira rápida, acelerada de máis, cuestións dunha transcendencia vital para o noso país. No mes de novembro aprobamos aquí por lectura única unha Lei do transporte, rapidamente, para hipotecar o transporte público do noso país nos vindeiros anos; agora voltamos coa Lei do solo.

Díxenlle a vostede, señor conselleiro, cando comenzaba a lexislatura que esa consellería que lle gusta chamar grupo MATI ten demasiadas competencias, e, ás veces, cando se pretende ser aprendiz de todo acábase sendo mestre de nada. E vese nesta nova lei e nas incoherencias que ten o propio Plan de ordenación do litoral, do que falaremos máis tarde nesta sesión.

A experiencia que este país ten do xeito en que o Partido Popular entende o territorio e de como ten que ser utilizado o urbanismo non ten sido boa. Non temos, dende logo, unha experiencia os galegos e galegas boa como entendeu e como entende o Partido Popular o urbanismo, tanto dende o Goberno autonómico como dende certos concellos gobernados, por certo, por vostedes. Moi distante, por certo de como o entende o nacionalismo galego, que non é outra que a de ser unha ferramenta cunha única, clara, unha función social e, polo tanto, cun alto grao de responsabilidade para a sociedade e para o seu futuro.

Amosa novamente o Partido Popular neste proxecto de lei, nesta reforma que presenta, esa forma precipitada e

facial coa que responde sempre á ordenación territorial o Partido Popular. É moi ilustrativo, por exemplo, como de novo o devandito proxecto de lei consiste simplemente en deixar avanzar cara ao solo rústico a desfeita, a especulación que xa permitiron sempre que gobernaron, tanto nas áreas de maior concentración da poboación do noso país como nos emprazamentos cunha alta presión urbanística, como foi nos últimos anos o noso litoral. Esa especulación que xa rematou. E non rematou cando o escoitei a vostede falar hai un intre de que esta lei tamén serviría para impulsar o sector inmobiliario. É que catividade de miras temos! Que queremos volver de novo? Queremos voltar á especulación inmobiliaria? Queremos voltar a un sistema que levou á quebra a un sistema financeiro e no que nos atopamos actualmente con empresas construtoras pechando, con millares de familias galegas hipotecadas de por vida? Queremos voltar a ese sistema? Queremos que sexa a especulación inmobiliaria a base da economía do noso país? Porque os nacionalistas non. Os nacionalistas non queremos que se volte repetir ese sistema de todo vale e de ir ocupando o noso territorio dunha forma salvaxe co fin duns beneficios rápidos e unha hipoteca de futuro, non soamente para os que compiran a vivenda, senón para todos os galegos e galegas. Por iso a ocupación irracional do noso territorio.

Esta especulación –como xa digo– agora vai no avance cara ao medio rural, xa non lles chegou con estragar os núcleos urbanos, xa non lles chegou con estragar o litoral, que agora tamén hai que estragar o pouco que nós queda sen estragar no noso país, o solo rústico.

Especulación que vai claramente en detrimento, ademais, doutros sectores produtivos, de sectores que si queremos os nacionalistas que sexan a base dunha economía produtiva do noso país, que teñen que ser a base do futuro do noso país para crear riqueza e emprego, e non continuar a afondar nesta crise que por desgraza e pola inacción deste Goberno está cada día indo a máis. Especulación que vai claramente en detrimento –como xa digo– doutros sectores produtivos que teñen neses territorios, nese soporte físico o lugar, o soporte no que eles desenvolven a súa actividade económica.

Esta intención desvélese coa reconfiguración do concepto legal básico de núcleo legal, desvelándose así a verdadeira intención de dito proxecto de lei.

Por outra banda, disfrázase baixo o argumento de darlles máis competencias aos concellos, curiosamente, unha deixación de funcións. Este Goberno é que xa non é que durante un ano non estea facendo nada. É que á parte nesta historia do politicamente correcto que queren entrar, de que os concellos opinen, de que todo o mundo opine, o que están facendo é unha deixación de funcións. A min e aos nacionalistas dende logo non nos van enganar con esta historia de deixación de funcións cara aos concellos. Non é que lles dean vostedes máis competencias aos concellos, non. É que non queren exercer as competencias que teñen como país, como Goberno da Xunta de Galicia, que é velar por que se cumpran as cuestións referidas á ordenación do territorio e ao control urbanístico do noso país. Esa é unha maneira de deixar que fagan outros, de que outros tomen decisións, e vostede, señor conselleiro, non tomar ningunha, como nos ten amosado neste ano que xa vai de goberno do Partido Popular. Polo tanto, foxen claramente das súas competencias e responsabilidades nas cuestións estratéxicas para os galegos e as galegas, delegando e trasladando responsabilidades.

Este proxecto de lei é de novo un paso cara a atrás, outra hipoteca máis de futuro para o noso país, un territorio finito, estragado dabondo que se volta hipotecar pola irresponsabilidade deste Goberno. Por iso o Bloque Nacionalista Galego, por responsabilidade política para o país, presenta esta emenda á totalidade, de devolución, do Proxecto de lei de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza.

Entendemos dende logo dende o nacionalismo que esta Lei do solo ten que ser o cerne fundamental. Explicou ademais vostede, señor conselleiro, que isto viña por un acordo realizado coa Fegamp. Efectivamente, pero tanto conceptualmente como na práctica non ten sentido unha modificación da Louga en profundidade sen ter aprobado antes as directrices de ordenación do territorio. Este era o compromiso pactado polo señor Núñez Feijóo, polo presidente do Goberno do PP, e a Fegamp.

Como consecuencia do pacto local asinado entre a Fegamp e a Xunta, a principios de 2006, constituíuse —como saben vostede— un grupo de traballo na Fegamp que, en coordinación coa Dirección Xeral de Urbanismo, elaborou un documento consensuado por todas as forzas políticas e

independentes da Fegamp. Este documento, elaborado entre os anos 2006 e 2007, recollía toda unha serie de plantexamentos en ordenación do territorio e urbanismo que se foi cumprindo parcialmente en sucesivas leis sectoriais. Faltan por cumprimentar varios aspectos: a aprobación das directrices de ordenación do territorio, do Plan sectorial de ordenación do litoral e tamén o Regulamento de planeamento urbanístico; a adaptación da normativa de núcleos rurais e determinadas realidades existentes mantendo tipoloxías e crecemento harmónico e sustentábel; a axilización de certos trámites urbanísticos, modificación do réxime para as naves agrogandeiras no rural e solución a contradicións normativas ou freos ás invasións sectoriais estatais.

A proposta actual que se presenta da modificación da Louga que plantexa a consellería con carácter urxente recolle os aspectos menos substanciais dos asuntos pendentes. Non recolle os máis importantes: as directrices de ordenación do territorio, nin o Plan do litoral. Asuntos, por certo, de enorme transcendencia que van absolutamente en contra do asinado no protocolo, tanto no protocolo do 2004, asinado polo daquela conselleiro señor Núñez Feijóo, como no documento consensuado do grupo de traballo da Fegamp en colaboración coa Dirección Xeral de Urbanismo, tal e como se demostra, por exemplo, coa resurrección do artigo 236.2, anteriormente derogado, precisamente a instancia da Fegamp, na Lei 6/2008.

A actual proposta de modificación da Louga non se corresponde con ningunha anterior proposta da Fegamp, nin tan sequera cos plantexamentos do señor Núñez Feijóo cando era conselleiro. De aí que o Bloque Nacionalista Galego fiquen preocupado polas mostras que ten dado durante moitos anos de goberno o Partido Popular. Claro que estamos preocupados! E por iso lle volto dicir que imos estar para intentar acadar ese consenso, pero con voz crítica, sen cheques en branco, porque teñen feito vostedes durante moitos anos moitas desfeitas e, dende logo, teñen amosado claramente unha incoherencia e unha falta de responsabilidade coas cuestións referidas a urbanismo e ao noso territorio.

Como digo, o propio señor presidente, o señor Núñez Feijóo, estase contradicindo co que asinou no 2004, coa súa proposta, que dixo aquí neste Parlamento, neste hemiciclo, onde reside a vontade popular dos galegos e galegas. Cando tomou posesión dixo que ía aprobar as directrices de orde-

nación do territorio nun prazo, e xa o está a incumprir. Boeno, igual que está a incumprir que ía arranxar a crise económica en corenta e cinco días, cando a crise, cada día, por desgraza afonda moito máis no noso país, e son cada día moitos máis galegos e galegas os que entran nas listas do paro e que non saben se algún día voltarán atopar un traballo. Ese si que é o problema, ese si que é o drama deste país! Pero o señor Núñez Feijóo nin cumpriu o dos corenta e cinco días, nin tampouco cumpriu aquí a promesa que fixo neste Parlamento, que era aprobar as directrices de ordenación do territorio. De aí que os nacionalistas esteamos preocupados ante esta falta de... planeamento, seriedade e responsabilidade coas cuestións territoriais.

A modificación proposta, por outra banda, altera moi substancialmente a actual lei, con consecuencias de moi longo alcance, que van moito máis alá de modificacións puntuais para resolver asuntos concretos. É dicir, resolve asuntos concretos pero crea ao mesmo tempo unha hipoteca de futuro pola profundidade que ten no que a espírito da propia modificación isto significa.

A modificación proposta, ademais, carece de argumentación de motivos, o que dá a entender que hai razóns de fondo, tantas que tamén o seu mal encaixe, por exemplo, para todo o que se refire á sociedade. De aí –como xa digo– que o BNG estea preocupado porque esta modificación relaxa claramente as condicións para declarar solo como edificable; sobre todo, no chamado solo rústico, neses núcleos rurais que agora aparecen con novas denominacións. Favorece a dispersión e o éxodo cidade-rural e a perda dos valores tipolóxicos propios do núcleo. O desequilibrio tamén de cargas; por exemplo, nas dotacións, nas cesións, nas condicións ambientais. Estamos polo tanto, señor conselleiro, ante unha lei feita con moita présa, sen reflexión, sen a análise que precisa unha modificación destas características.

E, dende logo, dende o Bloque Nacionalista Galego convidámolo, señor conselleiro, a que se retire esta modificación, a que comece de novo; despois de ter votado aquí as tres forzas políticas que queremos realmente chegar a un pacto para tentar ter por fin unha ferramenta que sexa perdurábel no tempo, que non sexa algo finito, que teñamos que estar cambiando, modificando, mudando continuamente. Aí vai estar sempre o Bloque Nacionalista Galego nesas mesas de traballo, traballando como sempre o fai, aportando ideas,

aportando solucións. Dende logo, sempre nos vai ter aí. Por iso pedimos a devolución desta modificación e por iso esa emenda á totalidade que presenta o Bloque Nacionalista Galego.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Táboas Veleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións. *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra dona Mar Barcón Sánchez.

A señora BARCÓN SÁNCHEZ: Grazas, presidenta, benvida.

Señorías.

Señor conselleiro, cando o pasado mes de setembro o secretario xeral dos Socialistas de Galicia, Manuel Vázquez, propoñía por primeira vez ao conxunto das forzas políticas e das institucións un pacto polo territorio precisaba nesa proposición a necesidade de que non se tomaran atallos neste pacto. A necesidade de que non se tomaran atallos para acadar este amplo acordo. Insistía na necesidade de que o presente e o futuro do urbanismo e das políticas territoriais se alcanzaran dende a reflexión compartida, o diagnóstico certo e a xerarquización normativa. Lamentablemente as súas palabras non atoparon o eco debido nin no presidente da Xunta nin no conxunto do Goberno, dado que o Goberno decidiu acometer unha reforma da Lei do solo e a presentación do Plan do litoral sen traer a esta Cámara as directrices de ordenación do territorio, sen amosar as liñas xenéricas das estratexias territoriais que ese documento marco contén e que, en calquera caso, deberían sinalar a dirección correcta dos restantes instrumentos de ordenación e mesmo das normas que teremos que aprobar. Decidiron vostedes perder unha oportunidade magnífica para ordenar o debate, para desenvolver dun xeito adecuado as ferramentas que forman a armazón dun país cun territorio rico, variado e singular, e dar cumprida resposta ás demandas, ás dúbidas, aos atrancos e ás dificultades que enuncian cada día as administracións locais, os axentes sociais e económicos e os particulares; en definitiva, o conxunto da sociedade galega que actúa sobre o noso territorio.

É unha mágoa que non atenderan vostedes ás chamadas feitas pola sociedade civil, dende as organizacións políticas e as profesionais, e dende multitude de foros e entidades de distinta orixe e significado, que lles reclamaron reordenar o curso dos acontecementos: falar antes das liñas mestras da ordenación territorial, acadar un acordo sobre o papel do noso territorio no presente e no futuro e redactar unha nova Lei do solo segura, estable e de consenso.

O propio Consello Económico e Social, no informe desta modificación, fai unha valoración demoledora dela, da súa extensión, da súa utilidade e da súa oportunidade, e ponnos unha vez máis diante dunha evidencia: a Louga non ten servido para aportar seguridade xurídica nin estabilidade ao marco normativo en materia urbanística. Catro reformas en sete anos non son máis que a manifestación das eivas dunha lei que non resolve problemas, que non aporta certezas e que deixa sen resposta multitude de incógnitas. Pero de nada vale empezar a casa polo tellado, de nada vale acometer reformas que non dean resposta aos verdadeiros problemas –vostede sábeo– que hoxe ten esa sociedade e que está pensada exclusivamente dende un cortoplacismo político e electoral.

Xustifica vostede esta modificación amparándose –agochándose, diríamos nós– nunha serie de propostas feitas dende os concellos e canalizadas a través da Fegamp. Non obstante, ese argumento contén dúas debilidades: nin poden vostedes renunciar á súa capacidade de impulso normativo seguindo os criterios de racionalidade, de responsabilidade e marcando as prioridades do país en cada momento; nin é certo que esta modificación dea cumprida resposta ás demandas feitas polos concellos e pola Fegamp. Acaba de dicirlllo a portavoz do Bloque Nacionalista Galego: quedan unha morea de cuestións –e ben importantes– de primeira orde que lle pediron solventar e que, polo visto, terán que esperar á vindeira lei.

O Consello Económico e Social critica asemade a intención de tramitar pola vía de urxencia esta reforma. Temos unha vez máis que sinalar o abuso que este Goberno e a maioría parlamentaria que o sustenta están facendo dun recurso que debe xustificarse debidamente e que non poden converter en común o excepcional, devaluando o papel desta Cámara, tentando convertela nunha simple caixa de resonancia do Goberno e non na ágora onde se valoren e reflic-

tan as aportacións e as reflexións das súas señorías, como lexítimos depositarios da soberanía dos galegos e das galegas. Non hai xustificación pois para esta urxencia. E que dicir –por último– das críticas desa institución á inexistencia dunha liña que permita incluír as determinacións da lexislación sectorial nesta lei á hora de caracterizar e dividir aos núcleos rurais, de permitir ou prohibir usos e actividades e de consolidar un modelo territorial?

Pero, en definitiva, señorías, señor conselleiro, elixiu vostede este camiño e nel estamos. Atopámonos diante dunha proposta de modificación da lei que se presenta, que ten vostede presentado publicamente dicindo que contén tres elementos fundamentais, que incrementa a autonomía municipal, pero o certo é que se limita a recoñecer un mínimo desta autonomía, limitada ao solo rústico e nunha pequenísima parte dos instrumentos de planeamento. Nin o esquema competencial do planeamento xeral, nin o papel municipal do mesmo, nin a consideración dos concellos na tramitación das normas subsidiarias e doutros instrumentos supramunicipais é suficiente.

Que rebaixa os prazos das tramitacións urbanísticas; non concordamos. A tramitación do plan xeral segue sendo semellante e aínda se complica un pouco máis con esta modificación. Por certo, tiveron vostedes un olvido de envergadura ao non ter en conta a aqueles concellos que están en plena tramitación do planeamento xeral. Agardamos que se corrixa no camiñar da Comisión e que eses concellos non atopen unha volta atrás nese planeamento.

Incorpóranse novas administracións á tramitación, mantense un esquema longo e, dende logo, déixase para mellor oportunidade unha reforma ampla e profunda do papel de cada institución na redacción dos documentos, limitándose a unha redución mínima nos procedementos.

Que aporta seguridade xurídica. Nada máis lonxe da realidade, ao revés, inclúense termos e referencias que engaden incertidumes, discrecionalidade e inseguridade a un terreo xa de por si complexo.

E ao parecer, polo visto da presentación das emendas, non somos os únicos, nin é o único o CES, nin o Partido Socialista, os que o pensamos. Non somos só os grupos que estamos na oposición os que pensamos que o texto non é

adecuado, polas emendas vistas é o propio Grupo Popular –presentando unha morea delas–, o que expresa a súa opinión sobre un texto impulsado dende o Goberno que respalda. En definitiva, esta modificación da lei Feijóo, que xa modificara a lei Cuíña, é modificada tamén polo Grupo Popular.

Pola nosa banda, tentaremos coa presentación de 45 emendas parciais mellorar o texto e evitar que algunha das propostas que nel se fan consoliden decisións que van en contra do noso territorio, do uso do solo, da seguridade xurídica e da axilización administrativa. Como teremos oportunidade de sinalar, as nosas emendas queren:

Mellorar a técnica e o rigor xurídico nos termos e nos procedementos propostos por esta modificación.

Manter os principios reitores –eliminados con esa eliminación do artigo 6– que deben alumear as nosas políticas urbanísticas, a calidade dos espazos públicos, a ponderación da edificabilidade, os equipamentos públicos.

Insistir na necesidade de dotar aos núcleos rurais daqueles servizos que deben facilitar a vida dos cidadáns neles, e non permitir desenvolvementos sen a capacidade destes servizos, das súas acometidas e das vías de comunicación precisas.

Favorecer a permanencia e a vida nos núcleos rurais non pode ser a calquera prezo e non pode evitar que se esixa a dotación nestes núcleos daqueles elementos que os converten en accesíbeis, en modernos, en adaptados ás necesidades dunha sociedade como a nosa pero insostíbeis.

Introducir melloras para axilizar a tramitación dos planeamentos xerais, que, ao noso xuízo, non van variar substancialmente nesta modificación, e das licenzas autonómicas para a actividade.

Presentamos emendas para requirir un plan de actuación da Xunta que respalde con recursos humanos e económicos aos concellos para que estes poidan adecuar as súas normas ao marco lexislativo vixente. Emendas para evitar fugas da legalidade vixente no alleamento ou permuta do solo público e do subsolo, e axustar a normativa urbanística ao marco existente e aos requirimentos da vixente Lei da paisaxe. E,

dende logo, dar un marco rigoroso e estrito para a regularización daquelas situacións que hoxe non teñen cabida na lei. Nada máis inxusto que non poñer límites e marcar diferenzas nesta regularización, que debe ser un exercicio de responsabilidade e de realismo, pero que non debe esquecer tampouco a obriga institucional de velar pola legalidade e de facer pedagogía. Nin imos consistir amnistías globais nin debería vostede propor unha amnistía para todos en calquera sitio, en calquera solo, en calquera condición.

Xa ven, señorías, que somos extremadamente críticos coa presentación neste momento desta modificación en concreto, pero temos dito en repetidas ocasións que non é a nosa vontade nin paralizar a actividade municipal, nin impedir que se introduzan melloras nun texto legal, a Louga, que deixou máis espazos para a dúbida das que son tolerables para a vida cotiá dos cidadáns e das institucións.

Señorías, hoxe, en plena crise económica, a cidadanía esixe que a responsabilidade das organizacións políticas nos leve a facilitarlle a súa vida, a impulsar o crecemento económico e a chegar a grandes acordos que beneficien ao país e á súa xente. Por iso, entendendo como partido central da sociedade galega, con responsabilidades de goberno, como partido que goberna o 70 % da poboación galega dende os concellos e con vocación de servizo aos intereses dos galegos e das galegas, valoramos a importancia deste momento e tendemos a man ao conxunto das forzas políticas e das institucións para pechar un grande acordo que redunde en seguridade e estabilidade para as vindeiras décadas.

Non ofrecemos no pasado, nin ofrecemos no presente, nin ofreceremos un pacto a calquera prezo, nin só cargado de palabras baleiras. Ofrecemos facer todos xuntos un exercicio de responsabilidade e resolver unha das cuestións que trinta anos despois de ter autogoberno e de ter gobernado todas as forzas desta Cámara non pode estar aínda sen pechar. Ofrecemos un pacto sabendo que cando fomos goberno non atopamos esa man tendida. Cando nos tocou gobernar asumimos decisións valentes que hoxe lle permiten, conselleiro, a vostede rematar os instrumentos de ordenación nas mellores condicións: protexemos o litoral do avance da depredación, sometemos a información pública as directrices de ordenación territorial, iniciamos os traballos do POL, démonos unha Lei da paisaxe que impulsa instrumentos de protección e avaliación ambiental e que promove unha cultura cívica de

defensa do noso patrimonio natural. Sometémonos, señorías, a numerosas críticas dalgúns que caldeiro e brocha en man pintaban raías dicindo que iamos impedir o crecemento de Galicia. Xa llo dixen, conselleiro, nós non o faremos. Puxemos en marcha unha política de ordenación territorial que non se tiña iniciado ata ese momento, e situamos as políticas territoriais na cerna da acción do Goberno. Hoxe manifestamos o mesmo compromiso enunciando as mesmas prioridades e situando de novo a ordenación territorial como unha responsabilidade colectiva de país e como unha tarefa para asumir tamén dende a oposición.

Por iso, señorías, quixemos plasmar nun documento as nosas propostas, acoutar en sete puntos esta proposta. Sete puntos dirixidos a abrir unha mesa de traballo para acordar un calendario de aprobación dos instrumentos de ordenación; para debater e consensuar as directrices e o Plan de ordenación do litoral; para constituír unha Comisión parlamentaria que avance na redacción dunha nova Lei do solo; para impulsar un espazo de pensamento e debate permanente que nos permita unha reflexión sosegada sobre o territorio coa debida perspectiva temporal; para impulsar e aprobar os plans de mobilidade metropolitanos e comarcais; para reformar o enfoque actual do planeamento xeral e transformalo nun documento estratéxico de carácter transversal que axilice a súa tramitación e profundice na autonomía municipal; para elaborar un plan de identificación dos valores endóxeos do territorio cun catálogo de usos do solo. Como ven, señorías, sete puntos concretos para avanzar cara a un país máis sostible, máis harmónico e máis cohesionado socialmente.

Na pasada sesión plenaria iniciamos o camiño cara a ese acordo coa aprobación por unanimidade dunha Ponencia non lexislativa para o seguimento do POL e dunha comisión de estudo para a redacción da nova Lei de solo. Asemade o presidente da Xunta respostaba por carta á proposta do pacto feita polo noso secretario xeral coa vontade do Goberno e do partido que o sustenta de traballar cara a ese acordo.

Hoxe explicitamos dúas propostas máis: abramos a mesa de traballo a vindeira semana e esa Ponencia non lexislativa de seguimento do POL tamén a próxima semana, e na primeira quincena de abril abramos a comisión de estudo que ten que desembocar nunha redacción dunha nova Lei do solo.

Son esas dúas circunstancias, a aprobación na pasada sesión plenaria e esa carta, esa vontade manifestada polo presidente da Xunta, as que hoxe nos impulsan a votar a favor da admisión a trámite deste proxecto de lei. Estas e non outras.

Votaremos si ao inicio deste trámite como mostra da nosa disposición ao pacto. É un si condicionado, é un si ao traballo conxunto e ao acordo responsable. Non se confundan. Non votamos que si a un texto cuxa necesidade nin compartimos, cuxa urxencia non defendemos e cuxo alcance non asumimos.

Ofrecemos un pacto ás forzas políticas e reiteramos hoxe a súa necesidade. Un pacto para facilitarlles a vida aos galegos, para mellorar a cohesión social, para pechar un tema...

A señora PRESIDENTA: Por favor, vaia rematando.

A señora BARCÓN SÁNCHEZ: ... que temos... –Si, presidenta.– ... que temos a obriga de pechar despois de trinta anos de autogoberno.

Eliximos a vía das emendas parciais e queremos manifestar hoxe a nosa disposición para traballar na dirección do que esta Cámara aprobou na pasada sesión. Non é un si ao texto nin ao contido, é un si a que todos podemos pechar por fin a vergoña de que non teñamos pechado o debate sobre o territorio tras trinta anos de responsabilidades de goberno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Barcón.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra don Román Rodríguez González.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Bos días, señora presidenta, benvida.

Señorías, conselleiro.

A lexislación non é un fin en si mesmo, senón que é un medio para o logro dunha serie de obxectivos sociais e políticos e tamén para solucionar problemas. Tres son os grandes obxectivos que se propoñen nesta modificación de lei e

que xa avanzou o conselleiro na súa exposición: o primeiro ten que ver coas tramitacións administrativas; o segundo ten que ver coa reordenación urbanística do espazo rural, nomeadamente do solo do núcleo rural e tamén no solo rústico, e o terceiro co papel que teñen os concellos no que é a política urbanística.

Falando de tramitacións hai dúas escalas de traballo:

A primeira fai referencia á tramitación dos planeamentos xeral e desenvolvemento. Estas tramitacións sempre foron lentas; sen embargo no bipartito fixéronse case insoportables na súa lentitude, tanto por unha parte polo uso partidista que ás veces se fixo como pola mala organización técnica, que consistía na separación dos trámites urbanísticos dos trámites ambientais. E a implementación na avaliación ambiental estratéxica nunha consellería diferente á de urbanismo o que supuxo foi diferentes prazos de exposición pública, diferentes informes, incluso informes contraditorios entre eles, e iso levou a un incremento moi notable dos prazos de tramitación administrativa.

Hoxe temos case, bueno, máis de 200 concellos que están a tramitar, están a adaptar o planeamento municipal á nova lei e debemos axudar a estes concellos a que adapten o antes posible o planeamento, porque sen dúbida o peor plan é aquel plan que non existe.

A segunda escala dentro deste punto ten que ver coas autorizacións en solo rústico. Todas as intervencións humanas que se facían en solo rústico debían ter unha autorización autonómica, o cal pois xerou un atasco, innumerables expedientes que dificultan o desenvolvemento da actividade rural.

Para dar saída a ambas problemáticas o que se pretende nesta modificación é desatascar estas tramitacións, por unha parte, uniformizando as tramitacións ambientais e urbanísticas, vencellando prazos e exposicións públicas, e, por outra parte, dando maior competencia aos concellos para que dalgún xeito poidan informar directamente en case todas as cuestións —nalgunha non, por exemplo en vivendas—, pero en moitas cuestións naquelas actividades que se van levar a cabo en solo rústico.

O segundo obxectivo ten que ver co medio rural. O medio rural —que aquí está o conselleiro— ten, está vivindo

nun escenario de forte crise demográfica e de forte crise económica. A lexislación urbanística debe favorecer ou polo menos non debe entorpecer as actividades económicas que están vencelladas aos recursos agrogandeiros, en xeral, aos recursos primarios.

E tamén temos, en certa medida, que recoñecer un feito singular de Galicia, que é que temos unha enorme cantidade, o 50 % dos núcleos rurais de poboación do Estado español nun poboamento moi disperso.

Os cambios contemplados buscan —como xa tamén dixo o señor conselleiro— plantexar un novo réxime de solo de núcleo rural. E realmente esta modificación de lei, esta modificación da Lei 9/2002, está basicamente centrada no espazo rural. Dos 44 artigos que se están a modificar pois case todos se centran neste ámbito do noso territorio. Por que?

Realmente o espazo urbano xa está, ten unha certa tradición no que ten que ver coa planificación urbanística. É dicir, os procedementos, os instrumentos, etc., xa teñen unha longa tradición partindo da lei do ano 1956, da Lei do solo, da primeira Lei do solo que houbo en España.

Do espazo rural, sen embargo, no caso galego pois tivo unha menor ocupación urbanística en certa medida. Por primeira vez tócase na Lasga dos anos oitenta, pero non vai ser ata o ano 1997 cando realmente se crea unha figura urbanística específica para os núcleos rurais, que é precisamente a creación desa tipoloxía de solos, que son os solos de núcleos rurais. No 2002 búscase unha maior regulación. No 2004 tamén se intenta concretar os principios urbanísticos nos espazos rurais. E realmente esta de novo modificación de lei o que pretende basicamente é axustar os principios da lexislación da praxe, da práctica urbanística aos espazos rurais.

O terceiro obxectivo ten que ver co papel dos concellos. É fundamental o seu reforzamento. Debemos superar esa cultura ás veces instaurada de que son os malos da película en cuestións urbanísticas. E para elo debemos darlles maior protagonismo. Maior protagonismo tamén aos seus instrumentos, ao plan xeral, que debe ser sen dúbida o instrumento que mellor define o territorio municipal, porque realmente os concellos son quen mellor coñecen o seu propio territorio. E sobre todo temos que darlles maiores responsabilidades e tamén maiores competencias.

Señorías, outro aspecto de interese é tamén coñecer como estamos ou como temos chegado a este momento, como se ten plantexado a configuración desta modificación. Ben, esta modificación xorde dunha reclamación xeral do municipalismo galego. En marzo do 2007 a Fegamp elabora un documento, un documento aprobado por unanimidade por todos eles, para pactar unha serie de reformas lexislativas que naquel momento se estaban levando a cabo. Naquel documento había oito puntos que son a base da modificación actual.

Hai que dicir que nas modificacións urxentes que se fixeron no pasado período de sesións non se lle fixo practicamente nin caso a este documento.

Esas propostas recupéranse agora e na meirande parte delas dáselles saída: maior colaboración da Xunta cos concellos, reducir a lentitude das tramitacións administrativas, modificar a definición do solo dos núcleos rurais. E aqueles outros que se está en trámite de facer, como son as directrices ou son o POL, pois hai que dicir que estamos neste momento porque alguén tamén no seu momento pois non fixo os deberes.

En todo caso, algo que hai que sinalar é que estamos por primeira vez ante un pacto entre a Xunta de Galicia e a Fegamp. Evidentemente, a algúns este pacto doeulles moito no seu momento. Eu creo que primou neste pacto a responsabilidade política de ambas institucións. Por unha parte, do presidente Feijóo e do seu conselleiro Agustín Hernández, que foron –hai que dicilo– creo que xenerosos e non soberbios. E, por outra parte, tamén a visión fóra dos criterios partidistas do presidente da Fegamp, neste caso de Carlos Fernández.

Hai que recordar tamén neste momento –creo que é bo recordalo– que no bipartito tamén se fixeron dúas modificacións por trámite de urxencia de lexislación vencellada ao urbanismo e á ordenación do territorio. E que se fixeron sen ningún tipo de acordo e sen ningún tipo de consenso coa Fegamp. Neste senso, xa anunciamos que a forma de proceder deste grupo parlamentario, igual que o da Xunta no seu momento, vai ser ricamente diferente ao que se fixo aquí no pasado período de sesións.

Se falamos da urxencia, de onde vén a urxencia? O bipartito fixo dúas modificacións por urxencia tamén no seu momento; entón todas as críticas que se poidan facer, eu

pídolles que se apliquen o conto. Pero realmente a urxencia deriva fundamentalmente dunha serie de aspectos:

O primeiro é que hai un enorme número de concellos que necesitan con forza e cunha gran necesidade impulsar o seu planeamento urbanístico. E esta nova norma vai favorecer que os concellos poidan facer os seus plans xerais dun xeito máis áxil e, sobre todo, cunha maior coordinación e cunha maior cooperación coa Xunta de Galicia. Porque, repito, non hai peor plan que aquel que non se fai.

Tamén hai que ter en conta que estamos nun momento creo que moi importante para a planificación territorial deste país. Temos as directrices encima da mesa, temos o POL encima da mesa, temos a modificación da Lei do solo encima da mesa e temos un horizonte a medio prazo de volver modificar esta Lei do solo para crear un documento con vocación de continuidade. Creo que se está facendo todo dun xeito coordinado e creo que isto vai permitir deseñar un novo marco no cal todos os axentes sociais, económicos e políticos deste país poidamos obter unha referencia con vocación de permanencia no tempo.

E, por outra parte, tamén temos un medio rural cun enorme risco de despoboación e todo o que sexa actuar para facilitar o asentamento demográfico e para facilitar tamén o propio desenvolvemento das actividades vencelladas co medio rural pois debe ser impulsado coa maior rapidez posible.

Pero estes motivos están tamén implícitos na oferta de pacto polo territorio. No pasado Pleno os grupos políticos tivemos a oportunidade de manifestar o noso compromiso co mesmo, e creo que debemos felicitarnos todos de chegar a este acordo. Hai que recordar os seus principios: consenso, lealdade e non curtopracismo. Pero tamén queremos dicir claramente, tamén queremos dicir claramente que este acordo, que este pacto –do que hoxe moitos falan e que algúns tamén escriben sobre el nos medios de comunicación– puido ter chegado antes. A algúns acórdalles tarde todo o que ten que ver co que é a xerarquización dos instrumentos de planificación. Falan das DOT, cando se están as DOT están onde están neste momento é precisamente porque no pasado non se fixeron as cousas ben.

Respecto aos posicionamentos políticos dos grupos. Ben, creo que neste sentido xa no anterior Pleno dixemos

que damos a benvinda ao Partido Socialista, e reiteramos a nosa oferta de traballo e de diálogo. Creo que isto non é unha cuestión partidista, ou non debería selo en sentido estrito, porque temos todos concellos onde estamos gobernando, todos temos responsabilidades, que dalgún xeito temos a responsabilidade todos de darlles resposta ás súas demandas.

Respecto a que se criticou aquí que o Partido Popular facía emendas. Bueno, este grupo parlamentario non é un *palmero* do Goberno. Non sei se outros o foron no pasado. Pero nós aquí partindo dun apoio indiscutible, cremos que se poden mellorar certos aspectos, e así presentamos as nosas emendas, sempre cun espírito aberto e cun espírito de cooperación.

E realmente a postura neste caso disonante é a do Bloque Nacionalista Galego. Nós non lle pedimos un cheque en branco ao Bloque Nacionalista Galego, como tampouco lle pedimos ao PSOE. Simplemente lle pedimos o mesmo: traballo, espírito construtivo, autocrítica, autocrítica de todos e vocación de consenso.

Entrar cunha emenda á totalidade pois xa parece que di que hai pouca vocación de consenso, xa semellando ao consenso que vostedes tiveron cando fixeron a Lei de vivenda, que tampouco admitiron ningunha emenda do Partido Popular. Pero, bueno, o BNG parece que nunca gobernou en ningún sitio, que non goberna nos concellos e que non gobernou nesta Xunta, e que parece que teñen un discurso que realmente non se corresponde para nada coa súa praxe política no pasado.

Nós cremos, dende o Partido Popular, que o rexeitamento do Bloque respecto a este texto –que naceu xa nos momentos iniciais– foi quizais un erro de precipitación. Creo que foron moi rápidos en desmarcarse dun posible acordo entre a Xunta e a Fegamp, e agora non queren dar marcha atrás. Quizais nesta precipitación pesaban outras cousas, porque hai cousas que non teñen sentido:

Non ten sentido que o actual vicepresidente da Fegamp, que tamén o era no momento no cal se elaborou un documento que ía ser a base das reformas legais da Lei do solo, pois agora ese documento non lle valla, non ten ningún tipo de sentido.

Como tampouco ten ningún tipo de sentido que os argumentos que vostedes utilizaban, alá polo verán en torno a xullo e agosto, pois agora practicamente xa nin os utilizan. Daquela xa aparecían escusas para poder xustificar o desmarque, despois realmente confirmouse. Daquela dicían que se podían facer urbanizacións de adosados en núcleos rurais, está en prensa. Pois mire, no artigo 28, iso está claramente prohibido.

Realmente, na súa emenda á totalidade vese a particular visión que o BNG ten respecto aos concellos e respecto ao espazo rural. E, por suposto, fala moito do consenso, pero cando tiveron a oportunidade pois non o practicaron en ningún caso.

Confianza nos concellos? Para o Grupo Popular, para o Partido Popular, os concellos son a peza fundamental do Estado. E pedímoslles que opinen, teñen que opinar, sobre todo en materia urbanística. Para o Bloque Nacionalista, pola súa cultura tradicional, digamos que a cultura tradicional nacionalista pois pensa que os concellos son algo imposto, que veu aquí un señor chamado Jaime de Burgos a principios do século XIX e que nos puxeron aquí os concellos e as provincias. Entón vostedes, como non confían nos concellos, todo o que ten que ver cos concellos sóalles fatal. Eu recórdolles que teñen algúns alcaldes, algúns bos, a maioría non tan bos, pero teñen algúns alcaldes bos. Pregúntenlles a eles a ver que lles din eses alcaldes, a ver que opinan cando vostede di que non opinen, a ver que opinan os seus concellos respecto á súa petición a que non opinen nestas cuestións, a ver que lles din.

E respecto ao seu modelo do espazo rural, pois tamén o estamos vendo: critican cunha enorme dureza o novo réxime de solo de núcleo rural. Eu dígolles que este novo réxime de solo de núcleo rural vai recoller moito mellor as notables diferenzas e a enorme diversidade dos núcleos rurais galegos. Nós en Galicia temos máis de 30.000 núcleos de poboación, máis de 30.000 aldeas. Unhas son compactas, outras son difusas, outras son polinucleares, outras son lineares. Para iso mellor eu recomendaríalles consultar os clásicos. Hai algúns, por exemplo, o francés Abel Bouhrier, que é un magnífico estudo sobre a realidade galega, ou o estudo de Pilar de Torres Luna, sobre o sistema de asentamento galego; pois pódese aprender moito de ambos autores.

Respecto a cuestións concretas, non imos entrar xa aquí a falar dalgunhas cuestións que se presentaron para as emendas, pero si recalcar unha serie de cuestións. Nós non somos partidarios dunha amnistía xeral respecto ás vivendas, non o somos, pero hai que ter en conta que a maior parte das vivendas, unha gran maioría das vivendas rurais, non teñen licenza de obra, porque teñen máis de vinte, trinta, corenta anos. E que se fai con esas vivendas, segundo vostedes? Deixámo-las aí nun limbo que non existe? É simplemente darlle saída, resposta a unha realidade que existe. As vivendas dos nosos país, dos nosos avós non teñen licenza de obra, e viven no rural. Entón imos deixalas fóra da ordenación? Segundo vostedes parece que si.

En todo caso, creo que hai un posicionamento puramente ideolóxico, que ten pouco en conta aos concellos, que ten pouco en conta ás persoas que traballan e viven no núcleo rural e que non queren ser un museo etnográfico vivo.

E pensamos que o Bloque aínda pode rectificar, aínda pode rectificar e sumarse a unha idea de consenso en positivo, porque nós dende o Grupo Popular e no debate que agora se abre de emendas parciais imos ter boa disposición. Non imos cerrarnos ás posibles melloras que se poidan aportar, e imos traballar...

A señora PRESIDENTA: Por favor, vaia rematando, señor deputado.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: –Si, moitas grazas, señora presidenta, xa remato.–

... imos traballar con consenso partindo da responsabilidade conxunta que todos temos nesta materia e partindo da lealdade e do sentido común. Dependerá de vostedes se queren entrar ou non entrar.

Saudamos ao PSOE, é unha boa noticia que esteamos xuntos nesta materia, e o BNG se non quere estar pois eu creo que ao final se van arrepentir da súa posición neste asunto.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda de réplica do grupo emendante.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra dona Teresa Táboas Veleiro.

A señora TÁBOAS VELEIRO: Señora presidenta, señores deputados, señoras deputadas.

Ben, ao BNG pídennos que rectifique, o Partido Popular di: rectifiquen vostedes. E ademais faime moita graza cando di que temos algúns concellos bos, claro, porque non gobernamos os 315, senón todos serían bos; así de bos somos no Bloque Nacionalista Galego... cando gobernemos en todos.

Nós ademais recollemos –cando falaba vostede–, nós recollemos con orgullo as tradicións do noso país, o que non somos é tradicionalistas, que é ao que xoga a ser o Partido Popular. Entón, de aí que se presentara esta emenda, presentamos esta emenda á totalidade como un exercicio de responsabilidade política. Xa o dixen antes: claro que o BNG quere chegar a consensos! Claro que o BNG quere acadar unha ordenación do territorio, instrumentos de ordenación urbanística que nos permitan ter unha seguridade xurídica e ter un futuro no noso país e no noso territorio que acolla actividades económicas, que acubille a xente que nel vive! Claro que queremos! Máis que ningunha forza política, témolo dito durante moitos, moitos anos.

Por iso imos seguir insistindo aquí, por iso imos traballar cando se constituía unha mesa de traballo. Claro que vai estar aí o BNG, pero con voz crítica. O que non imos é darlle un cheque en branco nin fotos gratuítas como fai algunha xente, nós non, nós non. Nós imos estar alí traballando, aportando e –como xa digo– cunha voz crítica, como sempre fixo o BNG, e con total lealdade, pero lealdade co país, a lealdade coa xente, coas maiorías sociais que non teñen oportunidade de estar aquí defendendo un territorio que teña un futuro, un territorio sostible.

Mire, voulle dicir unha cousa: nesta emenda á totalidade hai cuestións que a nós nos preocupan e moito. As cuestións derivadas, por exemplo, da venda dos patrimonios públicos do solo. Que pasa?, os concellos van obter cartos a cambio da cesión do solo?, os concellos de novo van poder vender directamente os bens do patrimonio público do solo?, os concellos van poder legalizar as infraccións urbanísticas?

A esa amnistía da que vostede fala –que se recolle nesa disposición transitoria– o BNG presentou unha emenda par-

cial, precisamente, para que se se van legalizar certo tipo de edificacións, terán que facer tamén un aporte ao erario público. Ou que pasa?, que lle estamos dando un exemplo ao noso país de que calquera pode facer unha edificación ilegal que total cando governe o PP hai amnistía xeral? Pero a que estamos xogando? Hai que ser responsábeis politicamente. Esa disposición transitoria recollerá as edificacións ilegais, e moitas veces as edificacións —é certo no noso país— son edificacións vencelladas a actividades agrogandeiras, pero terán que repercutir tamén nas arcas públicas, terán que pagar esas licenzas e terán que pagar por ter esa edificación. Ou que pasa?, que pagan os que fan as cousas legais neste país e os que as fan ilegais non pagan, e non aportan ás arcas públicas? Pero de que se trata?

Por iso hai unha emenda parcial do BNG, precisamente, a esta disposición transitoria, para que, efectivamente, se se vai facer esa legalización que se faga, pero tamén cun aporte destas xentes, que fixeron moitas veces sabedores —porque non estamos falando das vivendas dos nosos avós, estamos falando de vivendas feitas hai vinte, dez ou quince anos—, que saiban que tamén teñen unha obriga. A propiedade é un dereito, pero tamén é unha obriga co colectivo, unha obriga de aportación de recursos públicos, por mor das licenzas de obra, por exemplo.

O que non imos tolerar tampouco desde o BNG é permissividade para certas cuestións, como as referidas á Rede Natura, poder instalar instalacións, como pretende o Partido Popular seguramente con Touriñán, dende logo que non. E por iso tamén presentamos unha alegación concreta para o tema das construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura en espazos que non dispoñan dunha declaración específica de protección. Esa é unha emenda tamén do BNG.

Como que non estamos preocupados polo territorio? Estamos e moi preocupados polo territorio. Por iso estamos facendo unha emenda á totalidade, para comezar de novo. Cales son as présas? Cal é a présa de presentar esta lei cunhas modificacións e con incoherencias tales que o mesmo departamento... incoherencias co propio POL?

Pero é que incluso nós tivemos que presentar unha emenda a un artigo, onde miren vostedes o que dicía: que será o director/directora xeral competente en materia de urbanis-

mo. Curioso!, neste momento non hai director nin directora xeral de Urbanismo, hai unha secretaria xeral de Urbanismo. É que nin facendo eles a lei, ata niso se confunden! Miren vostedes que rigor teñen nesa redacción da Lei do solo, que existindo unha secretaria xeral de Urbanismo falan de director/directora xeral. Esa é unha das emendas do BNG, porque imos ao que ten que ser a filosofía de ordenación do territorio, pero tamén fomos ao miúdo, estudamos polo miúdo toda esa lei e atopamos incoherencias e grallas deste calibre.

En definitiva, o BNG —como digo— coa man tendida para acadar un pacto polo territorio pero con voz crítica, porque queremos acadar o mellor instrumento para ter un territorio con futuro, non soamente para acubillar o que son as vivendas, a vida dos galegos e galegas, senón as actividades económicas que sobre del se vaian desenvolver.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Táboas.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de montes de Galicia

A señora PRESIDENTA: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra dona Tereixa Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Bos días, señoras deputadas, señores deputados.

Señor conselleiro do Medio Rural, benvido a este debate.

A situación actual do monte na nosa nación vén motivada dun xeito obviamente moi resumido, por razóns de tempo, entre outros, polos seguintes factores: primeiro polo progresivo abandono que se produciu no último terzo do século XX dos usos tradicionais do monte, pasando a realizarse nunha boa parte do noso territorio, fundamentalmente no arco atlántico, unha forestación intensiva, caracterizada polo monocultivo de especies de crecemento rápido destinadas á trituración para taboleiros e para pasta de papel.

O cultivo do monte ou máis ben a inexistencia de cultivo no noso monte, onde a ausencia de manexo se une a unha

xestión inadecuada do noso espazo forestal, unha política forestal ou máis ben poderíamos dicir que unha ausencia de política forestal, pero que en calquera caso se executou de costas aos propietarios e que, polo tanto, foi un factor máis para fomentar o abandono do noso territorio forestal.

A convivencia un pouco –digamos– contraditoria dun sector forestal que produce máis do 50 % da madeira que se corta en todo o Estado cada ano, ao tempo que importamos madeira de calidade para a segunda transformación, e que isto ademais se compatibiliza cunha xestión do monte e unha atomización da propiedade que inviabiliza un aproveitamento funcional e economicamente rendíbel.

Se a todo isto lle engadimos a dispersión da normativa que regula o sector, que vai desde a normativa básica estatal, como a Lei de montes, até normativas que regulan a Lei de comunidades de montes veciñais en man común, a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais do ano 2007, ou mesmo lexislacións sectoriais, como a que se acaba de debater anteriormente, a chamada Lei do solo, que acaba regulando partes ou cuestións referidas ao sector forestal, e se ademais iso ten como colofón que Galiza, a pesar de ser a primeira produtora de madeira de todo o Estado, non conta con lexislación propia, é doado entender o porqué das consecuencias que toda esta situación –que brevemente relatamos– tivo para o monte.

As consecuencias son o abandono, a desafectación dos propietarios e da cidadanía en xeral, a desorde, o caos, o monocultivo, a falta de calidade das nosas producións e a falta de manexo. En definitiva, o caldo de cultivo perfecto, non só para a proliferación dos incendios forestais, senón tamén e sobre todo para o desaproveitamento dun dos potenciais que como nación temos para o noso desenvolvemento económico e social.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, Galiza debe artellar unha política forestal que teña como alicerces:

Facer do monte galego un activo económico que xere de forma continuada e periódica rendas para os seus propietarios.

Profesionalizar a actividade forestal.

Establecer medidas específicas para o desenvolvemento do sector, garantindo a existencia de materia prima en diversidade, calidade e cantidade no horizonte, polo menos, dos próximos cincuenta anos para a industria galega, particularmente para a industria do moble e da serra.

Promover unha xestión forestal sustentábel para acadar máis e mellores produtos, e recoñecendo a multifuncionalidade dos nosos montes.

Estas son, señoras e señores deputados, as premisas que sustentan a Proposición de lei de montes que hoxe sometemos á consideración dos outros grupos parlamentares e que desde o noso punto de vista –e cremos que honestamente– dan resposta aos seguintes obxectivos:

Por un lado, o obxectivo fundamental, non menor, de refundir nun único texto legal toda a normativa sectorial que incide na regulación e na posta en valor dos nosos montes.

Por outro lado, darlle soporte legal á ordenación dos montes con criterios estratéxicos, con vocación de permanencia, máis necesaria seguramente que noutros ámbitos no sector forestal polos longos períodos de corta da propia madeira.

E revisar a regulación. Outro dos obxectivos aos que responde este texto que hoxe presenta aquí o Bloque Nacionalista Galego é o de revisar a regulación que até hoxe está vixente na Lei de montes veciñais en man común, coa finalidade de dotar a estas entidades singulares do noso dereito civil dunha maior capacidade de obrar para responder aos seus obxectivos sociais e fortalecer tamén o papel da administración pública no caso daquelas comunidades de montes que non teñen vida e que, polo tanto, non están cumprindo as súas funcións.

Deste xeito establécense no texto que hoxe sometemos á súa consideración mecanismos para permitir que por parte da Xunta de Galiza se xestionen aqueles montes propiedade de comunidades de montes veciñais en man común que se atopen en grave situación de deterioro, de abandono ou de degradación, sen que por iso perdan nin, por un lado, a condición que lles é propia de montes veciñais en man común e, sobre todo, mantendo os seus propietarios, as comunidades de montes, a posibilidade de recuperaren a súa xestión, sem-

pre e cando se dean as circunstancias para que ese monte poida ser posto en valor por elas mesmas.

Creación dun único xurado de clasificación de comunidades de montes, substituíndo aos catro existentes na actualidade.

E, sobre todo, establécense mecanismos moito máis áxiles para realizar os deslindes, ao tempo que se regulan outras novas condicións máis adaptadas á situación do medio rural a día de hoxe para acceder á condición de comuneiro.

E contéplanse tamén no articulado que sometemos á súa consideración actuacións de apoio técnico para facilitar unhas xestións socioeconómica e ambientalmente sustentábel dos montes das comunidades.

Tamén, a través desta lei, se pretende combinar o protagonismo necesario dos propietarios, que ostentan nin máis nin menos que a titularidade do 97 % do noso territorio forestal, promovendo a corresponsabilidade da administración pública para a valorización, creando fórmulas que permitan afrontar o abandono. Neste ámbito é de salientar a creación da figura dos montes de especial protección autonómica e a posta en marcha dun rexistro forestal único e a creación dun seguro forestal de incendios que protexa as plantacións forestais que estean debidamente xestionadas e que inda así sexan pasto dos incendios forestais.

Para dar resposta á necesidade de mobilización de recursos para impulsar esta nova política forestal deseñada nesta proposición de lei, créase no seu articulado o Fondo de Melloras, que se nutrirá fundamentalmente cos recursos procedentes dos aproveitamentos dos montes públicos e tamén cos ingresos procedentes da xestión de montes veciñais en grave abandono, que irán destinados fundamentalmente eses recursos do Fondo de Melloras á posta en valor dos montes propiedade da administración, dos montes veciñais en man común e de propietarios particulares que teñan establecido algún contrato de xestión forestal.

Ademais de regular as obrigas e os dereitos dos propietarios forestais, tamén no seu articulado se regulan medidas para facer fronte á excesiva parcelación da propiedade e ao absentismo e abandono por parte dos propietarios, que son dúas das características que máis tiran cara a atrás do noso

sector forestal e do aproveitamento do monte. Supón o establecemento dun marco xurídico para pór fin á división das parcelas forestais fixando un límite mínimo de 15 hectáreas para a segregación e asentando o fomento da agrupación de parcelas, tanto a través de figuras como as unidades de xestión forestal e de figuras xurídicas que permitan unha xestión profesional, incluída a daqueles montes de propietarios absentistas, como un eixe vertebrador da política forestal. As unidades de xestión forestal e as comunidades de montes veciñais en man común e aqueles de máis de 15 hectáreas serán obxecto de priorización en todas as accións de fomento forestal que se establezan por parte do Goberno da Xunta de Galiza.

Esta proposición de lei considera que a planificación e a xestión forestal sustentábeis constitúen elementos centrais e transversais da política forestal galega nos próximos anos, para o que prevé diversos instrumentos de ordenación e xestión forestal en distintos niveis, tales como a estratexia de xestión forestal sustentábel e o Plan forestal de Galiza como modelo de planificación a nivel estratéxico, táctico e operativo. Estes instrumentos terán como motores tanto obxectivos medioambientais, conservación, restauración, biodiversidade, orientados á obtención de fixación de CO₂ e conservación dos solos, como tamén obxectivos orientados á obtención de produtos de calidade e á mellora da rendibilidade económica dos montes.

A participación dos axentes do sector, a regulación dos plans de ordenación, o fomento do comercio responsábel de produtos forestais e a incentivación da certificación forestal constitúen novidades relevantes que se introducen na nosa proposta de proposición de lei.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego son diversas e profundas as razóns polas que cremos que se debería de tomar en consideración para o seu trámite posterior neste Parlamento a proposición non de lei que hoxe sometemos á súa consideración:

En primeiro lugar, porque Galiza non pode permitirse o luxo de continuar outros vinte, vinte e cinco ou trinta anos sen ter un marco legal propio; non pode permitirse o luxo de continuar sen desenvolver as súas competencias neste ámbito, dotándose polo tanto dunha Lei de montes; non pode permitirse o luxo de tendo o potencial forestal que temos, de

sendo a primeira potencia do Estado en metros cúbicos de madeira que se cortan ao ano e, sen embargo, non ter unha madeira de calidade que nos permita ter tamén unha potente industria de transformación da madeira. Por iso precisamos un marco normativo e estábel, que nós ofrecemos a través da aprobación desta proposición de lei.

Galiza tampouco pode permitirse o luxo de continuar outros vinte ou trinta anos sen unha política forestal estábel e co financiamento axeitado. Non podemos permitirnos que volva ocorrer como despois a principios dos anos noventa, cando se aprobou o Plan forestal de Galiza, cun compromiso de financiamento público por parte da Xunta de Galiza para levar a cabo esa política forestal, e que nunca, porque non había establecidos mecanismos legais que obrigaran a administración a facelo, por parte de anteriores gobernos do Partido Popular, se impulsou a execución dese Plan forestal galego. Por iso nós queremos que haxa unha Lei de montes que obrigue tamén a Xunta a comprometerse co desenvolvemento do noso sector forestal.

E sobre todo, señoras e señores deputados, fundamentalmente, permítanme que me dirixa ao Grupo Parlamentar Popular: cremos que deben tomar en consideración esta iniciativa porque polo que levamos visto ao longo deste ano o Goberno e o Partido Popular carecen de alternativa no que atinxe ao futuro do noso monte, ao futuro da nosa política forestal.

E, sobre todo, porque esta non é unha proposición de lei do Bloque Nacionalista Galego; esta é a proposición de lei que o Bloque Nacionalista Galego asume e defende como propia, porque acreditamos que pode constituír a base para crear ese marco estábel e de futuro. Pero é a proposición de lei do sector forestal; é a proposición de lei froito do diálogo e da interlocución co conxunto do sector, a que o sector ao seu borrador presentou mil alegacións, que foron tomadas na súa maioría en consideración, e que tivo como consecuencia que esta proposición de lei que hoxe presentamos como propia, porque a asumimos e defendemos como propia, contara o pasado 17 de xuño de 2008 co apoio unánime de todos os organismos, entidades, asociacións, representantes do sector forestal integrados no Consello Forestal de Galiza.

Por iso, porque esta é a proposición de lei do sector forestal de Galiza, porque é unha iniciativa que garantiza un

mellor futuro para ese sector forestal e, polo tanto, para a nosa nación, é polo que lles pido o apoio para esta iniciativa que hoxe o Bloque Nacionalista Galego presenta e defende como propia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Paz.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Verdes Gil.

A señora VERDES GIL: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señor conselleiro de Medio Rural.

Señorías, moi bos días a todos e a todas.

Coa miña intervención pretendo fixar a miña posición do Grupo Socialista a respecto da toma en consideración da Proposición de lei de montes de Galicia que hoxe se trae a debate a este Parlamento.

Moitas foron, señorías, as ocasións nas que o Grupo Parlamentario Socialista diante deste Parlamento demandamos do Goberno galego a necesidade dunha Lei de montes que recollera toda a regulamentación que en materia forestal existe en Galicia.

Unha lei que, por certo, o anterior Goberno presidido polos socialistas deixou redactada cun consenso maioritario do conxunto das organizacións agrarias e dos representantes do sector implicados, e que o Partido Popular unha vez que chegou ao goberno agachou no caixón.

Unha lei, señorías, necesaria logo da aprobación polo Goberno de Touriño da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, entendendo o monte como patrimonio esencial e estratéxico para o desenvolvemento sostible do país, entendendo a tripla funcionalidade do monte: social, económica e medioam-

biental e ecolóxica, a planificación preventiva no ámbito da defensa contra os incendios forestais, tamén para garantir a seguridade fronte aos lumes e preservar a riqueza medioambiental e paisaxística.

Así mesmo, como a reorganización preventiva da propiedade forestal, o fomento da agrupación de propietarios forestais a través das unidades de xestión forestal para, precisamente, a xestión conxunta deses terreos en pequenas parcelas.

Unha Lei de montes necesaria en aras de acadar esas premisas, a defensa da multifuncionalidade e a valorización do monte, vinculada ao aproveitamento dos recursos naturais, a produción de servizos ambientais, o desenvolvemento de actividades de carácter estratéxico para o desenrolo do medio rural, tendo en conta a base territorial que supón tamén para outras actividades, como pode ser a gandería extensiva.

Unha lei que xunto coa Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais que acabo de citar se fai necesaria para rematar coas grandes eivas que afectan ao monte galego, debido á excesiva fragmentación das parcelas forestais, ao abandono e á inadecuada xestión, á infrautilización dos recursos forestais, á perda de potencialidade do monte, que repercute nun momento de grave crise económica, que afecta de xeito especial ao sector forestal e que pode poñer en perigo máis de 3.000 postos de traballo, repercute —como digo— nas escasas rendas neste momento dos propietarios forestais, dos titulares dos montes, a perda de emprego e o consecuente abandono do medio rural galego.

E por iso, señorías, por este motivo, desde o Grupo Socialista defendemos a necesidade dunha Lei de montes, baixo as premisas do aproveitamento multifuncional, a reordenación dos terreos forestais que permita o mellor aproveitamento, a prevención de incendios —e incluímos esa lei como compromiso no noso programa electoral—, e así mesmo que contribúa a conquistar unha maior dinamización dos montes veciñais en man común, recoñecendo a singularidade deste tipo de propiedade colectiva, dada a súa importancia territorial e social en Galicia, tendo en conta que ocupan arredor de 675.000 hectáreas, case o 22 % do noso territorio, de xeito que se poida permitir a mellor optimización dos recursos, garantindo a condición de montes veciñais en

man común, pero que evite o seu abandono, apostando así para que o monte se converta nun complemento das rendas agrarias.

Señorías, a lei que hoxe se trae a debate, xunto co impulso das unidades de xestión forestal que se estableceu na Lei de prevención e defensa contra os incendios, promovendo e apoiando a reordenación sustentable da superficie forestal, que permite a asociación de pequenos propietarios,... pois a lei que se trae a debate define os instrumentos de xestión forestal, que refiren xestionar conxuntamente os recursos, os montes de calquera natureza, e a través dos instrumentos de xestión forestal específicos regula a xestión desas unidades de xestión forestal, que cun mínimo de 15 hectáreas deberán contar cun plan de xestión técnico, un plan de defensa contra incendios.

Ademais, este proxecto de lei, o texto que se trae hoxe a debate, contempla o desenvolvemento da estratexia galega de xestión forestal sustentable, que ten en conta aspectos socioeconómicos pero tamén a produtividade do monte, así como a función de preservación e conservación da biodiversidade, para o que se desenvolven e se desenvolverán os instrumentos de planificación forestal e o Plan forestal de Galicia como instrumento de planificación a longo prazo —obxectivos que tamén recollíamos os socialistas no noso programa electoral—, de xeito que se promova o fomento da agrupación das propiedades forestais para a súa xestión conxunta, para facilitar a aplicación territorial das medidas máis axeitadas para a prevención de incendios, para promover efectivamente a multifuncionalidade e a posta en valor do monte, o mellor aproveitamento dos recursos forestais, madeireiros, leñosos, pero tamén outros aproveitamentos, como poden ser os gandeiros agrícolas, os usos recreativos e sociais e educativos compatibles cun modelo forestal sostible, facilitando por parte da administración os dereitos de aproveitamento e axilizando a xestión dos recursos forestais.

Eu non quixera, señorías, profundizar máis en tecnicismos, que parece ser que é o que máis lle ocupa ao conselleiro de Medio Rural. Porque o que toca e o que lle toca a este Goberno é facer política e facer política no eido forestal. O que nos debe ocupar, señorías, ten que ser o compromiso e a vontade política para co monte galego, para cos propietarios e titulares, para cos traballadores do sector forestal.

Compromiso e vontade política que lles falta señorías do Partido Popular. Compromiso e vontade política que lle falta señor conselleiro de Medio Rural, despois de case un ano de goberno. Cando non foi quen e non foron quen de difundir o seu modelo de política forestal, cando non foron quen de plantexar a necesidade de aprobar a Lei de montes, que tampouco recollía o programa electoral do Partido Popular.

Compromiso e vontade política que si tivemos os socialistas apostando por un monte activo para rentabilizar e protexer, apostando pola optimización do potencial produtivo do monte, a reorganización e o planeamento preventivo como motor de desenvolvemento económico e de protección fronte aos lumes e da conservación da paisaxe.

Compromiso, señorías, que en pouco máis de tres anos de goberno á fronte da Xunta de Galicia os socialistas conquerimos poñer fin á cultura do lume, á xestión caduca e pouco profesionalizada dos gobernos da dereita, con escasos recursos en materia de prevención e defensa contra os incendios.

Compromiso que tivemos cando aprobamos esa Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais, vital para o noso país, integrándose nun amplo contexto de planificación do territorio e de desenvolvemento rural.

Investimos, señorías, na mellora das infraestruturas preventivas, na que hai importantes recortes nos orzamentos deste ano 2010; na protección dos núcleos rurais, na que recortaron tamén nestes orzamentos máis do 50 %. Investimos na xestión de biomasa en torno ás infraestruturas viarias, na silvicultura preventiva, na repoboación, na reforestación, no desenvolvemento das políticas de disuasión e persecución. Apostamos pola posta en valor do monte galego, pola prevención fronte á extinción, que articulamos a través do Plan de defensa contra os incendios forestais de Galicia. Un Pladiga que desmantelou o Goberno do Partido Popular nada máis chegar á Xunta de Galicia con contratacións a conta gotas, que denunciaron os sindicatos e as principais organizacións agrarias e forestais, coa paralización das actuacións preventivas, a volta ao escurantismo e á ocultación de datos en materia de incendios.

Dende o anterior Goberno, señorías, apostamos polo mellor aproveitamento e rexeneración do monte. E vostedes,

señorías, paralizaron todas as ordes de axuda en materia forestal, as ordes de axuda para a valorización integral e a promoción da multifuncionalidade do monte, coa ausencia total por parte do Goberno de política forestal. E os seus orzamentos fanos responsables de máis paralizacións e de máis recortes.

Recortes nas partidas específicas en materia de prevención de incendios, con case 8,7 millóns de euros menos; recortes nas partidas para actuacións de silvicultura e valorización do monte; recortes nas partidas para a forestación de terras non agrícolas.

Paralizacións nos tratamentos silvícolas e preventivos, nas repoboacións, que deberan xa a día de hoxe, en vésperas do inicio da precampaña de incendios, estar redactados e estar en marcha.

Apenas 800.000 euros para a recuperación do potencial forestal danado polo Klaus, cando moita madeira danada polo Klaus aínda segue tirada nos montes ante a ineficacia e a falta de xestión por parte do Partido Popular.

Paralizacións das liñas de axuda de prevención de incendios, mellora das plantacións, que están estes días a denunciar as organizacións de montes veciñais en man común.

Fálталles, señorías do Partido Popular, compromiso. Compromiso que tivemos os socialistas cando no cumprimento da Lei de incendios, para promover a mellor ordenación dos montes, o planeamento preventivo, o seu aproveitamento integral, puxemos en marcha as unidades de xestión forestal, para poñer en valor as nosas producións, para fomentar o emprego, para fixar poboación. Unidades de xestión forestal que vostedes nada máis chegar ao Goberno paralizaron, sen dar ningunha solución para o seu futuro e para o futuro das máis de 4.000 hectáreas de monte que se están a ordenar a través das unidades de xestión forestal —e que souberon entender os propietarios e titulares dos montes—, sen garantir a súa continuidade, sen definir ningunha actuación nin boa nin mala.

Cal é, señorías, o compromiso deste Goberno? Cal é o seu modelo para a mellora da xestión do noso monte e do noso patrimonio? Cal é o seu compromiso para a reestruturación da propiedade forestal, para o seu mellor aproveita-

mento, para garantir a defensa contra os incendios forestais? Cal é o seu compromiso para poñer fin e resolver a excesiva fragmentación do monte galego en pequenas parcelas, o abandono, a inadecuada xestión dos recursos forestais para a mellora das rendas, dos propietarios e titulares dos montes, para resolver a perda de emprego no medio rural, para resolver o abandono do rural galego?

Ata o de agora, señorías, non sabemos, non coñecemos cal vai ser a súa política en materia forestal. Mais a súa xestión amosa a utilización, unha vez máis, interesada dos nosos montes, o abandono da prevención, a desprofesionalización, a desprofesionalización tamén na defensa contra os lumes, na procura interesada do rendemento electoralista do monte fronte á rendibilidade das actividades agrarias e forestais, que debe ser o noso obxectivo. Pero os traballadores e traballadoras do monte, os titulares e os propietarios dos montes estou segura que non se resignan. E dende aquí quérolles transmitir que poden contar co apoio e co compromiso do Partido Socialista para co monte galego, como patrimonio esencial para o desenvolvemento do país, con esa tripla función social, ambiental e económica. Polo que debemos velar pola conservación, protección, rexeneración e mellor aproveitamento, sendo necesaria, señorías, xunto coa Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais –aprobada, como digo, polo Goberno bipartito–, unha Lei de montes de Galicia.

Este texto, señorías, que se trae hoxe a debate pode servir de base e por ese motivo, en aras do compromiso do Grupo Socialista, pódolle anunciar ao Grupo do Bloque Nacionalista Galego, señora Paz, que o Grupo Socialista apoiaremos a toma en consideración deste proxecto de lei que nos ocupa.

Esperamos, señorías, que o Grupo Popular poida amosar hoxe o compromiso que lle faltou, señor conselleiro, ao Goberno do Partido Popular despois de case un ano de goberno; que aposten realmente e verdadeiramente polo monte galego, pola multifuncionalidade do monte galego, pola reorganización e a xestión conxunta dos nosos montes, polo planeamento preventivo que garanta a seguridade fronte aos lumes, que permita a valorización e a mellora das rendas nas actividades forestais, e poidan, señorías do Partido Popular que sustentan ao Goberno, apoiar a toma en consideración desta Proposición de lei de montes de Galicia, coa

que podemos seguramente traballar –que seguramente será mellorable– e para o que poden contar, o Goberno e vostedes, señorías, co apoio e co compromiso con responsabilidade deste Grupo Parlamentario Socialista.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Verdes.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra dona Isabel García Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: Grazas, señora presidenta.

Moi bos días, señorías, a todos e a todas.

Facendo unha pequena introdución empezaremos por intentar describir a situación real na que se atopa o monte galego:

E a situación actual, ao igual que a exposición de motivos desta iniciativa, coincidimos en cualificala de excesiva fragmentación, parcelas de reducido tamaño, en ocasións con titulares descoñecidos ou ausentes, en moitos casos con situacións dun abandono reiterado que non só ocasiona que o rendemento sexa moi inferior ao elevado potencial que tería asociado, senón que tamén afecta ao incremento exponencial de sufrir graves consecuencias en forma de catástrofes medioambientais, como son os incendios forestais.

Fronte a esta realidade de marcado carácter negativo, Galicia ao mesmo tempo lidera o sector forestal en produción de madeira, supoñendo a metade da produción nacional. E a demanda do mercado obríganos cada día a seguir traballando para ser máis competitivos coas producións foráneas e a apostar por pechar ciclos na industria e xerar maior valor engadido nos produtos finais manufacturados.

Hoxe en día, máis que nunca, o desenvolvemento rural, ademais da necesaria renda agrogandeira, precisa aproveitar todas as oportunidades e usos que nos ofrece o noso territorio, en especial a riqueza forestal, asociada a unha produción heteroxénea: madeira, silvicultura, froitos e outras actividades ligadas estreitamente coa conservación do medio e a súa valorización, dende a actividade cinexética, caza, pesca, aproveitamentos minerais e industrias, canteiras, enerxías

renovables como a eólica ou a biomasa forestal. Estes e outros usos e aproveitamentos todos eles buscando a rendibilidade e a conservación da biodiversidade e da nosa riqueza endóxena.

O monte como beneficio para toda a sociedade, sociedade que debe velar pola súa conservación, protección, rexeneración e mellora dos seus aproveitamentos.

Despois desta breve descrición convén volver incidir na importancia que os terreos a monte, preto do 65 % da nosa superficie, supoñen para a pervivencia do medio rural. En concreto, incidir na necesidade de manter e conservar os empregos directos e indirectos vencellados ao sector forestal, así como as rendas complementarias de actividades como a gandería extensiva, o ecoturismo, os deportes vinculados á natureza; complementos que axudan a fixar poboación, a manter con vida as nosas aldeas e a procurar mellores condicións de vida no rural.

Se a titularidade dos nosos montes, o 97 %, é na súa gran maioría privada, son os particulares e as comunidades de montes veciñais en man común responsables, xunto coas administracións, de velar pola súa conservación, desenvolvendo todo o seu potencial dun xeito sostible e implicando a toda a sociedade na procura do seu coidado e valorización.

Estamos de acordo na necesidade dun marco xurídico que aglutine a lexislación e a variada normativa existente na actualidade que afecta a todos os ámbitos vencellados ao monte, para regular e ordenar as relacións, facilitando o cumprimento e a súa interpretación tanto a nivel nacional como autonómico.

Tamén coincidimos na necesidade de consensuar, de dialogar para enriquecer con todos os axentes directamente relacionados co sector forestal e o noso monte, incluídos os entes locais, os concellos, esquecidos na pasada lexislatura.

Traen vostedes hoxe un borrador –ao noso entender– tarde, porque a situación antes descrita non se modificou ao longo da pasada lexislatura. Cando vostedes no 2005 accederon ao goberno sen ter gañado unhas eleccións cun pacto lexítimo, a parte nacionalista impuxo, co consentimento por omisión dos seus asociados, as súas políticas. Obviaron o traballo dos seus predecesores e mesmo practicaban o que agora

tan reiteradamente critican que nós fagamos: cuestionar. Cuestionar as xestións e as políticas anteriores. Non só se limitaron a iso, senón que desprezaron os traballos, os esforzos dos gobernos populares, que deron froitos acertados.

Cando vostedes rexeitaron, desbotaron un borrador de Lei de montes que deixamos preparado e listo, non foron quen de servir aos intereses dos sectores. Ao contrario, actuaron en detrimento dos intereses dos propietarios dos montes, das industrias e de todos os axentes do sector durante o seu mandato.

Durante a súa lexislatura, na que foron responsables de políticas e de xestións eficaces, foron incapaces de traer a esta Cámara o que hoxe fan con retraso. Non deron cumprida solución á problemática plantexada, ás demandas do sector, que hoxe seguen a ser as mesmas que hai cinco anos. E pretenden seguir amosando as súas propostas políticas, pero agora dende a oposición, e poñendo de manifesto que foron incapaces de gobernar, de sacar adiante o que prometeron ao principio do seu goberno, pero agora os tempos mudaron. Non foron quen de levar a cabo os seus compromisos.

Pola contra, adoptaron políticas forestais na anterior lexislatura que nosoutros consideramos irresponsables:

Podemos acordarnos e falar das catástrofes ambientais con danos irreversibles; solicitudes de dimisións de conselleiros pola xestión ineficaz no 2006; críticas na adopción de medidas que non foron de nada acertadas, senón, pola contra, totalmente erradas, como a situación na creación dos tan coñecidos como *chiringuitos*, entes que a día de hoxe mesmo cuestionan e mesmo teñen reiteradas preocupacións laborais na xente que vostedes contrataron.

Imposición de políticas non consensuadas, que hoxe se están revisando, que precisan da súa revisión, como as Uxfor. Políticas que non favoreceron a necesaria evolución do desenvolvemento sostible do monte.

Instrumentos xuridicamente cuestionados, un intervencionismo excesivo da administración, pero unha escasa relevancia das entidades locais nas políticas que vostedes levaron a cabo.

En resumo, podemos afirmar que o paso do nacionalismo polo Goberno galego tivo consecuencias claramente

negativas e sen resultados. Pola contra, as demandas dos diferentes axentes relacionados co sector seguen a ser as mesmas, pois non recibiron cumprida resposta.

A actual consellería comprometeuse a curto prazo a tomar as decisións en materia e normativa necesarias, pero o que é máis importante: dotar a futura lei dun regulamento axeitado para a súa correcta aplicación, cos medios necesarios para que se produzan cambios reais; respostas e solucións ás demandas dos propietarios e da sociedade, que entenda o monte como un auténtico potencial económico xerador de riqueza ambiental e social endóxena que debemos coidar e conservar.

Realmente neste oficio de representación dos cidadáns que temos os parlamentarios, tamén podemos dar testemuño e é compatible con ser testemuñas das realidades, das demandas e das necesidades da sociedade.

E casos concretos, que moitos portavoces doutras áreas poñen nomes e apelidos, para facer fincapé nas necesidades e nas demandas que se precisa dar solución e dar cumprida resposta por parte das administracións. Neste caso, persoalmente, podo dar testemuña que hoxe en día problemas que deberon ter xa unha solución ou compromisos que vostedes adoptaron seguen sen ter solucións, e pasar durante catro anos unha auténtica paralización. Estoume a referir con toda a problemática que as comunidades de montes veciñais teñen nos seus deslindes. Acordo que hai máis de vinte anos na comunidade de montes veciñal da miña parroquia empezaron uns contenciosos que a día de hoxe seguen, e non se puxo ningunha solución, pese a que vostedes ían revolucionar o rural e o monte galego.

Pola contra, as comunidades de montes veciñais, que precisan dunha fiscalidade e que precisan de ser tratadas como a figura que son, e non como sociedades, tampouco tiveron cumprida resposta hai cinco anos, e vostedes aquí volven plantexar compromisos que non adoptaron.

Mesmo o papel da administración, das entidades locais, que nós consideramos relevantes na hora de lexislacións como a prevención de incendios, vostedes obviaron, vostedes obviaron.

E realmente acertaron con cuestións que nosoutros poderemos incorporar, que nosoutros poderemos ser quen de

aceptar. Pero o que non poden pretender é que sigamos ou que poidamos considerar e valorar unha proposta continuísta, unha proposta dunha política que ao noso entender foi nefasta para o monte, para o desenvolvemento forestal de Galicia.

Este grupo parlamentario, como afirmaba o meu compañeiro, non somos *palmeros* do Goberno, pero si apoiamos decididamente as súas políticas de acción; entre elas, a de iniciativa da lexislación. E intentaremos mellorar coas nosas propostas, espero tamén coas da oposición, a futura lexislación, que nós si nos comprometemos a sacar adiante a curto prazo nesta lexislatura, non como fixeron vostedes.

Non podemos apoiar a súa proposta, esta iniciativa, porque non se axeita aos intereses, á defensa dos intereses de Galicia e dos seus cidadáns. Pensamos que as súas decisións no pasado estiveron erradas e non queremos continuar, non queremos seguir esas vías entrando a valorar máis do mesmo.

Tamén en relativo á intervención da señora Verdes, paréceme que estiven vivindo nunha Galicia diferente na pasada lexislatura, porque foi ela quen de asumir como propios resultados que non se deron nin que non se acadaron. Porque o apoio en materia forestal decididamente foi a parte nacionalista a responsable dos acertos e dos máis dos erros. Pero aquí os socialistas si que permaneceron mudos, mudiños. E agora veñen aquí como os adaís e como salvadores dunha política forestal que Galicia precisa para seguir adiante, para facer fronte a esta crise, para que o desenvolvemento rural sexa real e para que o desenvolvemento forestal sostible axude a que os nosos montes e as nosas rendas no rural sexan dignas, sexan merecedoras de saír dunha crise que está cumprida... A sociedade precisa resposta de todas as administracións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora García Pacín.

Rolda de réplica do grupo parlamentario autor da proposición de lei.

Ten a palabra dona Teresa Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Desde logo teño que dicir con bastante pesar, señora García Pacín, que tivo vostede unha intervención absolutamente irresponsábel, absolutamente destrutiva e, polo tanto, absolutamente improdutiva para os cidadáns e para os intereses dos galegos e das galegas. Máis ben parece que vostede aínda está na oposición en lugar de lembrarse que levan vostedes practicamente un ano gobernando este país.

Efectivamente, esta Proposición de lei de montes coincidimos en que chega tarde. Chega tarde porque hai case que trinta anos que Galiza ten competencias para desenvolver unha Lei de montes, dos cales –que eu saiba– o Bloque Nacionalista Galego só tivo responsabilidades durante tres anos e medio.

Teño que dicirlle que mente vostede ou está mal informada cando di que o Goberno bipartito herdou do anterior Goberno monopartito un texto legal de Lei de montes. Ou levárona para a casa, porque, ademais, nin no traspaso de poderes se fixo entrega de ningún borrador, nin o director xeral de Montes que estaba daquela –que, por certo, é o mesmo que está agora, e que estivo case catro meses co bipartito porque estaba xa en plena campaña de incendios cando tomamos posesión– dixo nunca nada de que tivesen ningunha lei, ningún borrador, ningunha alternativa.

Miren, o Bloque Nacionalista Galego cando chegou á Consellaría do Medio Rural atopouse con que o traballo dos predecesores –como dixo vostede– tiña convertido o monte galego nun polvorín, que é o que se atopou. Tivo que, primeiro, facer fronte, antes de poder abordar con consenso e con diálogo a elaboración dunha Lei de montes, primeiro, pórllle freo a unha política que vostedes estiveron impulsando irresponsablemente, que era a forestación de terras agrarias, malversando non só os recursos que se destinaron a esa finalidade, senón unha capacidade produtiva que tiñamos aí nunha superficie agraria que vostedes forestaron.

Houbo, efectivamente, que facer fronte a unha catástrofe ambiental no ano 2006, pero unha catástrofe precedida de decenas de catástrofes anteriores, que conlevaron que ardeira máis de medio millón de hectáreas no noso país na década, nos quince anos anteriores do Partido Popular. Houbo, polo tanto, que facer un cambio profundo no dispositivo e

aprobar unha Lei de prevención de incendios e adoptar medidas de urxencia.

E, cando todo iso estivo encamiñado, puidemos finalmente durante dous anos manter un diálogo co sector para chegar a un consenso. E, efectivamente, a proposición de lei que hoxe presentamos aquí –reitero– era a lei do sector, de todo o sector forestal, e era a lei do consenso. Vostede o único argumento que ten aquí para dicir que non había consenso é que non estaba consensuado coas entidades locais. Vostedes, que tanto predican de que non hai que poñer fronteiras, pretenden nin máis nin menos que poñerlles fronteiras municipais aos montes no noso país. Pretenden que os concellos teñan capacidade para regular e legislar no ámbito forestal.

Vaia vostede dicirlles aos de Monte Industria, a todas..., á asociación de aserradeiros, á asociación de rematantes, que queren vostedes darlles máis competencias aos concellos na regulación da política forestal. A ver que lles din ao respecto, porque supoño que tamén se reunirían con vostede para formular emendas á lei cuxa emenda de totalidade se debateu esta mañá a ese respecto, a respecto das competencias que os concellos teñen sobre a actividade forestal.

Di vostede ademais que esta non se axeita aos intereses de Galiza nin aos intereses dos galegos e das galegas. Vaia vostede preguntarlle á organización galega de comunidades de montes veciñais en man común, a Monte Industria, a todo o clúster da madeira, se cando aprobaron esa proposición de lei no Consello Forestal o fixeron sabedores de que non ían defender os seus intereses e que non ía defender os intereses do conxunto do país e do conxunto do sector.

Desde logo, no Bloque Nacionalista Galego lamentamos profundamente a falta de altura de miras do Partido Popular e do Goberno da Xunta de Galiza, que non é capaz de tomar en consideración un texto que está consensuado polo sector, un texto que é do sector.

Sobre todo é especialmente lamentábel cando vostedes non teñen alternativa. Vostede estivo aquí durante quince minutos e non foi capaz de formular nin unha soa alternativa, nin un só dos eixes vertebradores sobre os que se debería rexer a nosa política forestal e que nos faga albergar algún tipo de esperanza acerca de que vostedes poidan traer

efectivamente aquí un texto que sirva para darlle estabilidade ao sector. Estabilidade efectivamente...

A señora PRESIDENTA: Por favor vaia rematando, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: –Remato, señora presidenta.–

... e crear emprego no monte e no medio rural, que dixo a señora García Pacín que era un dos obxectivos.

Pois teño que dicirlle, señora García Pacín, que tampouco a ese obxectivo responde o seu Goberno porque hoxe, e iso é imputable unicamente á Administración pública galega, non ás empresas e non aos particulares, hai 1.200 desempregados máis no monte galego, porque hai 1.200 persoas menos traballando no monte que hai doce meses.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Paz.

Pasamos á votación dos textos lexislativos.

Pechamos as portas.

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, documento número 22703, presentada ao proxecto de lei de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 12; votos en contra, 38; abstencións, 24.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda á totalidade.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei de montes de Galicia, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

A señora PRESIDENTA: Continuamos co punto segundo, de comparecencias en Pleno.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para informar sobre o contido do documento previo á aprobación inicial do Plan de ordenación do litoral

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para esta intervención o conselleiro D. Agustín Hernández Fernández de Rojas.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Hernández Fernández de Rojas): Bos días outra vez, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, comparezo outra vez nesta mesma mañá para falar doutra peza imprescindible na ordenación do noso territorio. A petición propia, para informar sobre o contido do documento previo á aprobación inicial do Plan de ordenación do litoral.

No momento de preparar esta comparecencia, a primeira intención, como parece obvio, foi a de recoller na mesma o contido, o alcance e as repercusións principais do documento do plan. Parecería lóxico explicar aquí as razóns de redacción do plan, a xustificación do ámbito territorial ao que afecta, o número de concellos, os diferentes tipos de protección que establece, etc. Como é natural, parte da miña intervención recollerá estes aspectos, aínda que tamén, como saben todos vostedes, foron postos de manifesto o pasado día 25 de xaneiro ao presentar o plan. Porque é evidente, señorías, que o Plan de ordenación do litoral do que hoxe veño a informar a esta Cámara axústase ás premisas que inspiran as liñas de acción coas que traballa a Unión Europea e que se concretan en varios aspectos que me gustaría salientar.

En primeiro lugar, ten como obxectivo o Plan do litoral aumentar a conectividade espacial entre as áreas con algún tipo de protección para fortalecer a súa coherencia ecolóxi-

ca e evitar a fragmentación do territorio, tarefa que no plan galego desempeñan os chamados corredores.

Tamén ten como peza fundamental fortalecer a permeabilidade da paisaxe, mediante o establecemento de zonas próximas ás de maior nivel de protección para garantir unha transición e unha progresiva ordenación do noso territorio, neste caso do territorio máis preto do litoral.

E tamén pretende o plan identificar no territorio zonas multifuncionais, nas que se poidan compatibilizar diferentes usos e aproveitamentos coa necesaria protección dos valores naturais.

Estas tres liñas son os piares dunha planificación que se concreta nas diferentes zonas e grados de protección que se recollen no plan.

O Plan do litoral pode resumirse nunhas cifras e nun datos que dende o pasado 25 de xaneiro que foi presentado en Santiago foron repetidas esas cifras, eses datos, e recollidos polo Goberno, a propia oposición, os concellos, os medios de comunicación e os diferentes colectivos interesados na nosa ordenación do territorio.

Son 212.000 hectáreas de terreo no contorno das nosas costas, cerca do triplo da superficie afectada pola lei dos 500 metros, delimitadas, eso si, por criterios obxectivos e de coherencia ambiental e no que se establecen áreas con diferentes grados de protección.

As áreas definidas son tres, que se dispoñen en solución de continuidade dende o bordo marítimo. En primeiro lugar a área de protección, en segundo lugar a de mellora ambiental e paisaxística e, en terceiro lugar, a área de ordenación.

As áreas de protección, que abranguen inicialmente 67.144 hectáreas, caracterízanse en dous tipos, protección ambiental e protección de corredor. O primeiro deles, a protección ambiental, asóciase ao valor en si dos elementos identificados para preservar, buscar e garantir a conservación daqueles valores naturais singulares presentes no territorio costeiro, e nela diferénciase e identifícase a protección intermareal, a dos bosques, a ecolóxica e a costeira.

O segundo tipo de protección, o segundo tipo de zona, é a protección de corredor, que tenta darlle unha solución de

continuidade a eses elementos de especial valor fomentando a conectividade, evitando a fragmentación do territorio e fomentando a conectividade dos ecosistemas, onde os ríos actúan principalmente como elementos esenciais e de conectividade deses espazos.

O plan define unha segunda área como área de mellora ambiental e paisaxística que recolle 47.000 hectáreas do territorio entre a área costeira e os primeiros eixos ou espazos que articulan o modelo de organización tradicional, comprendendo a paisaxe litoral máis próxima a costa. Este é, sen dúbida, o espazo sometido ás maiores transformacións nas últimas décadas, e no plan propónse como unha categoría con vocación de permanecer libre de edificación, conformando o que se podería denominar a paisaxe litoral.

Con todo, as situacións idílicas non existen, e a complexidade e diversidade do sistema de asentamentos, así como as súas transformacións recentes no territorio, fan necesario que neste ámbito teñan cabida algunhas operacións de crecemento motivado e contido, desde os asentamentos e en dirección sempre hacia o interior e contraria ao mar. Outras de mellora dos ámbitos existentes son incompatibles cos novos criterios do plan.

Polo tanto, o seu obxectivo principal é o de preservar a paisaxe litoral como un valor natural e cultural, reivindicando este fronte como un elemento propio, un trazo distintivo, un recurso, un indicador da calidade de vida de Galicia e do noso litoral. Pero tamén ten como obxectivo mellorar aquelas intervencións que non se axustan ao modelo proposto no plan e necesitan de actuacións para colaborar e transformar estas escenas en paisaxe de calidade. Desta forma búscase garantir a integridade do borde costeiro como espazo de goce público e de valor social, ao mesmo tempo que un desenvolvemento urbanístico sostible e integrado na paisaxe permite o desenvolvemento da actividade necesaria para esa zona costeira.

As dúas áreas nas que se intensifica a protección —a de protección e a de mellora ambiental e paisaxística— teñen un 43% da súa superficie por riba dos 500 metros da liña de costa e representan en torno a 114.000 hectáreas, o 53% da superficie total incluída no plano.

A terceira área definida no plan é a área de ordenación, na que se engloban 98.193 hectáreas e que recolle as plani-

cies costeiras e de transición situadas detrás da fronte litoral, na que na maioría das situacións podemos atopar asentamentos ligados visual ou funcionalmente ás paisaxes litorais. Nesta zona intégranse tamén as áreas xa urbanizadas en contacto co mar.

Ademais destas tres áreas continuas, téñense en consideración no plan unha serie de espazos que, situados nas áreas de protección e mellora, responden a valores singulares que os fan merecedores dun recoñecemento complementario aos anteriores. Estes espazos denomínanse espazos de interese, nos que se agrupan 96 espazos de interese paisaxístico, 76 de interese xeomorfolóxico, 76 de interese biolóxico e 162 núcleos de identidade do litoral.

Igualmente incorpóranse ao plan as 31.390 hectáreas de lugares naturais xa recoñecidos, como a rede de espazos naturais protexidos, o convenio Ramsar e tamén de Rede Natura 2000, entre outras.

Por último, tamén se identificaron nas diferentes unidades da paisaxe áreas desvinculadas dos núcleos fundacionais que se consideran áreas de recualificación. Estas deberán ser concretadas no planeamento de cada un dos concellos para poder actuar sobre elas mediante operacións de recualificación, restituíndo na medida do posible a paisaxe natural rural ou urbana e dotando esas áreas da funcionalidade e estrutura que lle son propias ao modelo que se formula.

Ese modelo que propón o Plan do litoral poderíase resumir, pois, nas tres áreas: de protección, de mellora ambiental e paisaxística e a área de ordenación, sobre as que se desenvolven os sistemas xerais territoriais que enlazan o sistema de asentamentos.

Estes son os datos principais e as características básicas dun documento eminentemente técnico que hoxe, a petición propia, viñen a explicar a esta Cámara. Con todo, nada máis lonxe da miña intención que o comparecer neste hemiciclo para dar unha conferencia ou unha explicación técnica, porque, señorías, vostedes están sentados nos seus escanos para facer política, e nós, no Goberno, tamén. Acción política que ten como deber máximo satisfacer as necesidades dos cidadáns, permitindo que coa nosa acción de Goberno no noso caso, e de control e lexislativa no caso da Cámara, se melloren as condicións de vida de todos os galegos e de todas as galegas.

O pasado mércores, día 17 deste mesmo mes, o presidente da Xunta, os alcaldes de Xermade e Vilalba e eu mesmo descubrimos unha placa, con motivo da posta en servizo da autovía entre Ferrol e Vilalba, que dicía: “*Dos galegos de hoxe para a Galicia do mañá*”. Pois ben, co Plan do litoral, e tamén coas directrices de ordenación do territorio que estamos a tramitar á vez e coordinadamente, iso é precisamente o que estamos facendo, planificando o presente para deixar a mellor herdanza pública aos que continuarán o noso labor.

A responsabilidade política que debe reflectir calquera responsable público na súa acción de goberno debe inevitablemente levar a buscar o consenso, a concertación e o acordo na confección de documentos como é o Plan do litoral.

Señorías, este Goberno non elixiu o punto de partida, o punto de partida era o que se correspondía coa situación de cada un dos documentos de planificación o pasado 20 de abril de 2009, esa é a unha realidade incuestionable. De pouco vale –mellor dito, non sirve de nada– dicir agora o que se podería ter feito, o intentar xustificar por que non se fixo o que se debería ter feito durante anos e anos de competencias en ordenación do territorio. De nada sirve que quen puido facer e non fixo diga agora que hai que facer as cousas, ou que quen non foi suficientemente áxil ou dilixente para completar unha determinada tramitación diga agora que hai que rematala.

O actual Goberno da Xunta de Galicia atopouse unha realidade, e fronte a esa situación o reto que asumiu a consellería e o Goberno foi o de avanzar no cumprimento do programa electoral e do programa de Goberno partindo dese punto de inicio, sin mirar atrás, sin revisionismos innecesarios, sin perder un único minuto, e co máximo afán de consenso e busca de puntos de acordo.

O pasado 20 de abril este Goberno recibiu un traballo de redacción do Plan do litoral que estaba na súa fase inicial. Non hai que esquecer que o equipo empezara o traballo de forma efectiva nos últimos meses do ano 2008. Con ese mesmo equipo –con ese mesmo equipo, volvo a repetir–, reforzando os efectivos, vemos as consignas claras e precisas e marcamos os obxectivos concretos. Durante os sete meses que transcorreron dende maio a decembro fíxose un intensísimo traballo de campo, de visita a concellos, de

recompilación da información e de preparación dun documento de inicio que é o que poñemos enriba da mesa agora para comezar un debate e confeccionar o mellor documento para a aprobación inicial posible.

Logo da visita á practica totalidade dos 84 concellos que integran o ámbito do plan estanse a recibir as respostas ás enquisas que lle foron enviadas dende o mes de xuño para achegar as súas suxestións, así como a información relativa á localización de proxectos en marcha e actuacións de interese para cada un dos municipios aos que afecta o Plan do litoral. Ata o de agora só 48 —é dicir, un 57% dos concellos que están afectados no ámbito do POL— remitiron os seus datos, aínda que é de esperar, e esperamos que sexa así, que nos vindeiros días aumente esta colaboración.

Con independencia da situación pasada, dende o 25 de xaneiro o documento do plan iniciou unha fase de audiencia prevista na súa tramitación como plan territorial integrado que o que pretende é facer un documento mellor, un documento co necesario consenso. O documento do plan foi trasladado dende o Goberno aos concellos, deputacións e organismos afectados sin ningún tipo de condicionante; volvo a repetir, sin ningún tipo de condicionante previo. Non pretendemos establecer ningunha condición apriorística para ordenar, protexer e conservar o litoral.

O documento do plan é un documento aberto e, polo tanto, sometido a revisión, porque así debe ser. Isto, en todo caso, tamén quero dicirlles, señorías, que non quere dicir que o Goberno renuncie á súa obriga de impulso dos documentos que ten o deber de redactar, nin tampouco quere dicir que deleguemos na oposición, nos concellos ou noutras instancias as nosas obrigas. O único que quere dicir é que estamos abertos a todas as achegas que redunden nunha protección do litoral realista e efectiva. Estamos abertos a sumar todas as achegas construtivas, todo iso coa mesma firmeza e convición que teremos na aprobación do plan, porque temos claro que agora é o momento e que o reto é inaprazable.

Remato esta exposición técnica e tamén relativa ao noso posicionamento político resaltando os sinais de identidade do núcleo, do cerne do Plan do litoral. É o plan propio, axustado ao noso territorio, porque xorde do coñecemento e da diversidade dos valores, dos usos e das dinámicas dunha costa única e singular como é a de Galicia.

É un plan dinámico, é dicir, nace coa capacidade potencial de darlles respostas axeitadas ás transformacións a cada paso máis aceleradas que experimenta un litoral e un territorio tan dinámico como é o litoral de Galicia.

É un plan innovador, polo sistema de información xeográfica que achega, xa que é a primeira vez que se aglutina tanta información nun mesmo documento, e sobre todo porque ten como ferramenta para a ordenación a protección e a xestión da paisaxe conforme aos principios que emanan da Convención europea da paisaxe.

É tamén un plan vivo, aberto á participación, ás achegas de todos, no que se vai incorporando a información que se axusta e perfecciona nun modelo que foi profundamente meditado e que atende a variedade de espazos que se manifestan na franxa costeira.

Por todo iso, dende o Goberno queremos e confiamos que o Plan de ordenación do litoral se converta no marco básico de referencia para a integración eficaz e sostible das políticas territoriais e necesidades sociais, garantindo a conservación e protección dos ecosistemas natural e tamén humano.

A través do plan vaise propiciar un maior control, un maior equilibrio, a moderación e responsabilidade na xestión do territorio costeiro, primando os criterios de sustentabilidade e de protección ambiental.

E en último termo quixera reiterar a posición do Goberno para actuar coa máxima transparencia e coa firme vontade de colaboración ofrecendo a man tendida cara aos concellos, cara ás deputacións, cara ás demais institucións implicadas na materia, cara ao conxunto dos cidadáns e moi especialmente cara ás forzas políticas presentes neste Parlamento.

Entre todos debemos de construír un instrumento propio de consenso que perdure no tempo, unha sólida base sobre a que cimentar un desenvolvemento sostible do noso litoral que garanta a súa protección e que en definitiva axude a concienciarnos sobre o perigo de atentar contra un dos nosos mellores patrimonios, porque, señorías, estou convencido de que o litoral, como o conxunto do territorio, non pode e non debe converterse nun lugar para a confronta-

ción, senón que debe de ser un espazo onde convivir e onde compartir, e porque o litoral ten que ser de todos, e así debe de ser, tamén neste plan que vai protexer e que vai ordenar e que este Goberno pon enriba da mesa co máximo espírito de consenso e co máximo espírito de chegar a acordos coas forzas políticas, cos concellos e cos demais organismos afectados.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra dona Teresa Táboas Veleiro.

A señora TÁBOAS VELEIRO: Señora presidenta.

Señoras e señores deputados, señor conselleiro.

Por segunda vez nesta mañá imos falar de territorio, neste caso do Plan de ordenación do litoral. Galiza e o seu litoral, esa liña sinuosa, a raia onde a terra bate contra o mar, esa liña de tensión que, ademais do mar e do vento, pode ser modificada pola actividade humana.

A costa galega, que presenta características moi particulares, froito dunha achega de variábeis ao longo dos séculos (a configuración xeolóxica, a intensidade das mareas e as correntes, as diferentes orientacións que fai que estea exposta a unha morea de formas diferentes cara ao vento e cara ás ondas), fan dela un microcosmos dunha inigualable beleza e un elemento definitorio, dende logo, da nosa identidade territorial. Esa é a liña de tensión, a liña onde bate o vento e o mar e neste caso terra e auga.

Unha liña de tensión que nos últimos anos foi sometida a outro tipo de tensión –neste caso nunha tensión nin batía o mar contra a terra–, unha liña de tensión de forte especulación inmobiliaria, unha forte especulación inmobiliaria xeralmente da man da chamada segunda residencia e que fixo do noso litoral un campo onde estivo abonada durante moitos anos a especulación, neste caso inmobiliaria. De aí a grande responsabilidade política de quen goberna para evitar e continuar a evitar a desfeita.

Vostede falou, señor conselleiro, na súa intervención de que este Goberno non elixiu o punto de partida. Efectivamente, porque o eliximos outros, porque se por vostedes fora non estaría nunca elixido ese punto de partida. Gobernaron dezaseis anos, puideron ter tomado medidas cautelares para evitar a desfeita a que estivo sometida a costa neses anos de boom inmobiliario, e non o fixeron, non elixiron polo tanto o punto de partida, e agora élle moi difícil darlle a volta, por iso están tentando facer pequenas escaramuzas para ver como poden librarse desa herdanza que deixou o que vostedes chaman o bipartito e que o único que fixemos foi poñer en marcha unha protección do noso territorio; por iso, que sorte que teñan un punto de partida porque, se non, continuaríamos como se fixo durante dezaseis anos.

O Plan do litoral, señor conselleiro, eu non sei se se lembra vostede hai quince días, eu comenteille aquí que é un documento cheo de grallas, hai un titular dun medio de comunicación que dicía: o Plan do litoral atorde aos concellos; é que atorde a todo o mundo; eu comenteille aquí que tiña grallas na gama cromática, na paleta de cores, e vostede sorría aquel día, pero ¡que curioso!, porque o seu director, o seu director xeral, o señor Manuel Borobio, o director xeral de Sostibilidade e Paisaxe, aos poucos días de eu comentar isto no Parlamento, dixo unha frase curiosa: “non foi moi acaída a escolla das cores nos mapas, non se acaba de entender”. Esa foi unha frase do seu director xeral; é dicir, un documento que atorde a todo o mundo pola falla no coñecemento de quen fixo ese documento tan importante para o noso país.

Para o BNG, unha vez estudado polo miúdo e en certos concellos, pois fainos cando menos un motivo de preocupación para nós atopar grallas tan importantes como as seguintes, señor conselleiro.

Mire, no concello de Culleredo vostedes meten como corredor medioambiental, como corredor ecolóxico –perdón–, como corredor ecolóxico, a metade do aeroporto de Alvedro e o noiro lateral; ou sexa, mete esa metade do aeroporto e o noiro lateral como corredor ecolóxico; ou sexa, é para que saiba a xente, os deputados e deputadas, o grao, ou sexa, o rigor que teñen cando elaboran un documento destas características; é un corredor ecolóxico o aeroporto de Alvedro; é que, claro, seguramente recolleron a información dos voos que se fan para este tipo de documentos e pasábano directamente sen revisar antes de presentalo.

Continúo, señor conselleiro. Ao longo —como xa digo— dos últimos anos, a ordenación do noso litoral tivo un extenso reflexo na normativa aprobada en materia de ordenación territorial. Malia esta intención reguladora teórica, sempre faltou nas actuacións dende a Xunta de Galiza, cando gobernaba o PP, esa intención clara de buscar solucións para recoller cabalmente a nosa realidade e dar solucións acaídas.

A normativa promulgada foi diversa, centrada no procedemento de elaboración de instrumentos de planificación, mais sen que tivese resultados concretos no que atinxe á ordenación do litoral galego, o que orixinou parques resultados prácticos, ata a entrada en vigor destas medidas cautelares que puxo en marcha o Goberno anterior. A Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galiza, crea e regula os instrumentos destinados á coordinación da política territorial e do espazo de Galiza, entre eles os denominados plans territoriais integrados.

Isto é un dos elementos que para o Bloque Nacionalista Galego é preocupante, porque precisamente neste Plan de ordenación do litoral hai un artigo que recolle que non se vai precisar a autorización autonómica previa ás infraestruturas, dotacións e instalacións previstas nos proxectos sectoriais aprobados ao abeiro desta lei. Eu prefiro non traducir isto en que vai haber un agravio comparativo entre os cidadáns, entre todos os cidadáns, e empresas como Pescanova; agardamos que este artigo non se recolla no Plan de ordenación do litoral para permitir precisamente a través dos proxectos sectoriais a construción e a implantación de edificacións con este impacto medioambiental. Polo tanto, este artigo é unha cuestión que nos preocupa —e moito— ao Bloque Nacionalista Galego.

Outra cuestión importante. No mes de maio remata o prazo das medidas cautelares desta moratoria; nós cremos dende o Bloque Nacionalista que é preciso continuar con esa moratoria porque, nese levantar estas medidas cautelares, estamos certos que vai haber unha carreira por apurar rapidamente edificacións que colisionen e que sigan colisionando co noso litoral, que eu creo que esta cuestión ten que ser tida en conta polo Goberno se non queremos que neses meses de carreira desaforada para poder construír ou levantar esta cautela continúe a estragar a liña de litoral; de aí, señor conselleiro, que para os nacionalistas é moi importante manter esa cautela e, por outra banda, tamén revisar o

documento de novo integramente, dadas as grallas que este contén, e que está creando verdadeiros problemas aos concellos que están afectados por este Plan de ordenación do litoral, este Plan do litoral que divide no artigo 10 cada un dos concellos do litoral en tres grandes áreas:

Area de protección. Son os ámbitos merecedores de especial tratamento: protección costeira, de bosques, ecolóxica; sen embargo, a través deste artigo pódese dar o caso de que empresas como Pescanova poidan construír finalmente en Touriñán a través dun proxecto sectorial, a través deste proxecto sectorial recollido na Lei de ordenación do territorio.

Área de ordenación de litoral. Serán autorizables as edificacións establecidas na lexislación e no planeamento municipal.

E a chamada área de mellora ambiental e paisaxística. Permítense construcións para uso residencial, agrícola, forestal, etc.

Ata aquí, ningún problema, pero cando un le o artigo 36 do Plan de ordenación do litoral, contra o que todos poderíamos pensar, na área de ordenación do litoral é onde máis se pode edificar, é onde máis se pode edificar, pois queda en mans do planeamento urbanístico —é dicir, dos concellos— os usos e as edificacións autorizábeis. Primeiro erro do Plan de ordenación do litoral.

E agora imos falar de grallas, dos erros, da falta de rigor na redacción dun documento destas características; nomes inadecuados para a identificación das áreas.

Segundo erro. Cando se examina cada un dos concellos afectados, chégase á conclusión de que ou ben o plan o fixo un marciano ou un equipo que non coñece a Galiza para nada, porque non se recollen as diferenzas nin se recolle a realidade do noso país; é dicir, unha persoa claramente, un equipo que non coñece Galiza nin os concellos en cuestión. Ou ben o fixo un topo do bipartito, porque tanto erro ten que ser adrede.

A toponimia dos lugares está equivocada, establécese protección para zonas plenamente urbanas e fóra da liña dos 500 metros e en concellos como A Illa de Arousa quedan

impedidos de calquera desenvolvemento sostible, é dicir, condenados ao ostracismo; seguramente será porque o alcalde da Illa non é do PP.

Terceiro erro. Unha variedade cromática –que xa comentei antes– que leva a moitas, moitas confusións a quen intenta ler eses planos, e agora estou falando con certa deformación profesional, planos que non se len, intelixibles. Unha gama de verdes para as diferentes áreas que nin os alcaldes do PP son capaces de distinguir.

¿A gama cromática coa que se limitaron nos planos do chamado Plan de ordenación do litoral as diferentes áreas dos concellos galegos afectados era coñecida? Esta é unha pregunta que lle fago, señor conselleiro; ¿esa gama cromática era coñecida polo director xeral de Sostibilidade e Paisaxe antes da presentación do POL o día 25 de xaneiro do ano en curso, do ano 2010, cumprimento dun ano de goberno, do grande Goberno do Partido Popular? ¿Coñecía o señor director esa gama cromática para facer esas declaracións?

Segundo, ¿cantos concellos protestaron á Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe pola similitude entre as cores empregadas para diferenciar as distintas áreas do POL?

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Táboas.

A señora TÁBOAS VELEIRO: ...A escala, inadecuada –si, señor presidente en funcións–.

A escala inadecuada, 1:20.000. Os que nos dedicamos a arquitectura neste caso é unha escala que non se utiliza, é unha escala que é inadecuada para facer un tipo de documento deste tipo; e a intromisión na autonomía municipal por ordenar o territorio máis aló dos 500 metros.

Terceiro erro. ¿Os erros cometidos pola Subdirección Xeral da Paisaxe e Territorio na elaboración e tramitación do POL van saldarse con algún cese, señor conselleiro?, porque son erros moi graves, son erros moi graves, e vostede sabe que son graves.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Táboas.

A señora TÁBOAS VELEIRO: Xa vou, quedánme dous soamente.

Cuarto. ¿Por que houbo cambios no texto do Plan de ordenación do litoral remitido aos concellos con respecto ao texto entregado ao público asistente á presentación, realizada o día 25 de xaneiro de 2010? A gran maioría, por certo, canles.

E cinco –remato, señor presidente–. Tendo en conta que pola Dirección Xeral de Sostibilidade foron admitidos erros importantes (cores inadecuadas, texto censurado...), ¿por que non se amplía o prazo de dous meses para emisión do informe un mes máis?

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Táboas.

A señora TÁBOAS VELEIRO: Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas.

Polo Grupo Socialista ten a palabra a señora Barcón.

A señora BARCÓN SÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Señorías.

Señor conselleiro, permítame que empece contestando a algunhas afirmacións que fixo vostede nesta tribuna ao respecto de que non elixiran o punto de partida. Créame que concordo con vostede en que non me gusta nada *l'esprit de l'escalier* –creo que lle chaman así os franceses, ¿non?–, esa cousa estupenda que se nos pon aos gobernantes cando deixamos de gobernar e que nos recordamos do que non fixemos. Pero aplíquese o conto. Cando vostede subiu a esta tribuna dicindo que non elixiran o punto de partida, podo afirmarlle, señor conselleiro, que o anterior Goberno tampouco. Lonxe estaba o anterior Goberno de ter elixido que no 2005, despois de dezaseis anos de goberno, despois de tres anos de vixencia dunha lei que chamaba á redacción duns instrumentos de ordenación que tiñan que estar feitos, non se atopara nada. Na-da. *(Aplausos.)* Nada máis que un contrato cunha empresa para realizar unha análise do territorio, que finalmente non realizou nin sequera esa análise.

Polo tanto, compartimos que non son momentos de elixir ou de falar dos puntos de partida, pero, cando queira, comparamos o seu punto de partida, o punto de partida deste Goberno, e o punto de partida que tivo o Goberno anterior. Estamos dispostos a facer esa comparación.

En calquera caso, señor conselleiro –como se imaxina–, unha parte da nosa intervención ten que referirse á intervención que tivemos fai uns minutos no debate da totalidade da Lei do solo. Porque atopamos de novo unha incoherencia á hora de traer este POL ou –como vostede di– o documento previo á aprobación inicial á presentación deste documento a esta Cámara.

Vimos falar dun Plan de ordenación do litoral –non me cansarei e non nos cansaremos de dicilo– en que se fagan públicas as grandes directrices territoriais que necesitamos e nas que este Plan de ordenación do litoral ten que inserirse e coas cales ten que ser coherente. Polo tanto, unha incoherencia no deseño normativo e no camiño que ten vostede marcado.

En calquera caso, imos falar –ou falamos esta mañá– do contorno que delimita unha metade de Galicia no que teñen agromado a meirande parte das nosas vilas, dos nosos pobos e do desenvolvemento máis dinámico de Galicia, pero tamén o que agocha as máis importantes feblezas dun crecemento difuso que ten posto diante de nós algúns problemas aos que teremos que dar resposta.

Señor conselleiro, os galegos fomos e somos conscientes do valor e da importancia do noso territorio, do orgullo de pertencer a esa terra, ategada de elementos patrimoniais de indiscutible valor. Un territorio que se resume e se condensa dun xeito único na paisaxe, como se reflexa o fiel do compromiso de todos os galegos, do que tivemos todos os galegos coa terra que pisamos dende hai milleiros de anos, como espello onde debe reflectirse o aprecio e o coidado dun territorio por parte dos que o habitan e aproveitan, e tamén do compromiso das administracións responsables, que deben velar pola súa integridade e o seu aproveitamento. Non temos maior tarefa como sociedade e como xeración que a de impedir que a nosa pegada esnaquice ou degrade un país herdado, que non posuamos máis que como gardiáns para deixárllelo a aqueles que o han de vivir en mellores condicións; protexer, coidar e mellorar debe de ser a nosa tarefa colectiva.

Preséntanos vostede un documento que aspira no seu título a ser un plan de ordenación do territorio, e tentaremos demostrar que nin é un plan nin ordena, e que fala dun territorio con moitos erros, como lle acaban de explicar. Atópanse numerosos erros topográficos nos mapas, nesa elección das cores aos que xa se ten referido a señora Táboas, e que se resume en que nin os do PP entenden a gama cromática dos verdes. Con iso xa lle digo todo.

É un texto, ademais, de ida e volta, no que aparecen e desaparecen os artigos na páxina web e que non se corresponde nunca o texto que nos dan co que logo aparece colgado. Bueno, que nos dan..., quero reiterar aquí que tivemos que pedirlo e que nos gustaría que en diante, señor conselleiro, o envío aos grupos parlamentarios fora un pouquiño máis dilixente.

Presenta vostede un documento –volvemos dicilo– que debe concordar nas súas estratexias co marco xeral por definir ou alomenos por dar a coñecer con esas directrices e que non pode ser alleo a elas. Non se ten en conta, de novo, a necesaria xerarquización na toma de decisións, que o noso espazo non pode carecer dunha ordenación e planificación de solos, usos e dotacións, e que nesa liña marco o POL é un elemento máis que non pode condicionar de xeito previo o discurso global senón que debe inserirse plenamente nel.

É un documento pouco comprensible. A comprensión do documento por parte dos concellos ten recibido numerosas, multitude de queixas, formuladas polas administracións locais, non só na color, non só na escala, senón no propio contido técnico ao que se refire ese Plan de ordenación do territorio. Empeza a dar a impresión, señor conselleiro, de que hai unha certa intención de non querer mostrar o que se pretende con ese plan; ao mellor é que aínda non sabemos que se pretende con este plan; de que hai un certo intento de agochalo, incluso daqueles que teñen que ser parte e arte neste documento e nas súas decisións.

Complexidade e pouca transparencia non se compadece coas reiteradas chamadas ao consenso e non as merece un instrumento que é froito do traballo e do compromiso iniciado na anterior lexislatura. Preséntanos un documento inconcreto e inseguro que fai, dalgunha maneira, unha renuncia expresa a boa parte das obrigas de protección co noso territorio.

Así, o texto adolece en toda a súa extensión dunha falta de criterios claros en canto á eficaz protección do litoral; bótase en falla unha maior concreción e o compromiso coa defensa dos valores naturais, paisaxísticos e culturais do litoral. No título III, normas de protección, aparecen unha serie de usos permitidos autorizables e prohibidos; bueno, prohibido logo non aparece ningún. Dá a impresión de que intentan quedar ben con todo o mundo, sen atreverse a enunciar aqueles usos que non poden ter acomodo no noso litoral.

E gobernar é iso, señor conselleiro, é dicir a unhas cousas si e a outras non. Seguimos sen saber onde autorizaremos os usos acuícolas, cunha excepción que todos coñecemos; ¿onde estarán as instalacións eólicas ou outras industrias? En realidade, o documento non é un plan de ordenación, senón unha recompilación de bos consellos que o Goberno galego non se atreve nin sequera a converter en indicacións: consellos, recomendacións e considerandos que deixan de novo no limbo xurídico a meirande parte das determinacións que parecen asomar pero nunca concretarse. En realidade, este plan nin prohibe nin ordena, forma parte desa “xeración nin-nin” que está agora tan de moda.

Hai un déficit de protección dos espazos naturais. O plan, malia a presentar unha análise pormenorizada –con algúns erros– dos sistemas ambientais e da paisaxe litoral, incluíndo mapas e referencias claras aos espazos naturais de maior valor ecolóxico, en ningún caso establece que estes espazos –Rede Natura ou espazos naturais protexidos– deban considerarse como zonas de exclusión de actividades que non sexan tradicionais ou asociadas ás tradicionais. O POL sinala unicamente que para estas actividades haberá que buscar localizacións alternativas. Mesmo cos espazos da Rede Natura tan só di que os lugares de interese comunitario terán esta consideración en función da súa localización e en relación ao paisaxe litoral. Isto abre a porta á erradicación en espazos de especial sensibilidade de actividades que poidan xerar un dano ambiental irreparable.

Señor conselleiro, atopamos eivas e indefinicións dabondo neste documento, pero sobre todo asústannos os feitos. As decisións do seu Goberno parecen indicar que o litoral non entra dentro das súas prioridades; a pesar da presentación deste documento, os feitos parecen desmentir a palabra ordenación. A ordenación do territorio e a protección do patrimo-

nio natural debe converterse nunha liña estratéxica preferente da acción do Goberno, nun modelo de organización territorial ao servizo da cidadanía que promova o desenvolvemento sostible e asegure a calidade de vida das persoas.

Permítanos algunhas consideracións que consideramos irrenunciabes. Debemos integrar as consideracións da paisaxe, a protección, a ordenación e a xestión das paisaxes, tal e como se recolle na Lei 7/2008, de protección da paisaxe, nos instrumentos de ordenación territorial e urbanístico, así como nas outras políticas sectoriais. Debemos desenvolver os instrumentos que se recollen nesa lei, fomentar unha cultura cívica e poñer en valor o noso patrimonio natural. O planeamento debe promover a defensa daqueles elementos máis salientables do noso territorio. A interacción entre a acción do home e o territorio debe converterse nunha fortaleza e nunha oportunidade de desenvolvemento sostible, pero debemos dicir onde, con que cautelas e en que espazos imos tolerar que actividades industriais e produtivas. O mellor xeito de coñecer o territorio, de afondar nos seus valores, é a posibilidade de coñecelos e percorrelos; tanto as directrices como o POL deben prever a defensa e a recuperación das vereas reais e outros camiños importantes de ferradura e a creación doutros vieiros, identificando para elo as áreas de especial interese e proponendo unha creación de rede de corredores verdes.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Barcón.

A señora BARCÓN SÁNCHEZ: Remato.

Moitas das paisaxes máis sobranceiras están representadas polos sistemas dunares, os areais costeiros e as zonas húmidas, ecosistemas que acollen unha extraordinaria diversidade biolóxica. Cómpre asegurar a defensa e a conservación destes sistemas naturais. E a erradicación dos parques eólicos e doutras industrias –repetimos– debe contar con áreas de exclusión, nas que non se toleren estas actividades.

Señor conselleiro, falou vostede de rías e de ríos, pero a protección do territorio hai que crer nela. Non pode vostede manter este discurso mentres asume tamén que vai continuar ou vai seguir impulsando os aproveitamentos hidroeléctricos nos ríos. Falou vostede de protección, señor conselleiro, pero, ¿que vai pasar con esa moratoria dos 500 metros?

Falou vostede de protección e de defensa ambiental, pero aí en Touriñán olvidaron vostedes esa protección ambiental, señor conselleiro.

Reitérolle a proposta que lle fixen fai uns minutos: abramos a mesa de traballo e esa Ponencia non lexislativa a próxima semana para facer un seguimento e unha mellora dun documento que precisa ser mellorado tecnicamente pero que tamén precisa outra mirada de protección, de conservación do noso territorio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Barcón.

Polo Grupo Popular ten a palabra o señor Rodríguez González.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, conselleiros.

O litoral galego pois é un espazo de excepcional valor: 1.700 quilómetros de costa –un terzo da costa española– e unha enorme diversidade de formas, paisaxes, rías, cantís, dunas, marismas, praias, etc. Ten sido e é tamén pois o espazo de maior ocupación humana; unha agricultura moi favorecida polas condicións agrolóxicas; unha pesca tamén moi potenciada por uns excepcionais portos naturais; lugares de intercambio comercial e marítimo, e nos últimos anos tamén, con moita forza, o turismo.

Falábase aquí por parte das portavoces dos partidos que me precederon na palabra de que había que falar dun punto de partida. Eu non quería falar do pasado, pero en certa medida temos que falar tamén do pasado e precisar xustamente onde están estes puntos de partida.

No ano 2004 a Xunta de Galicia, sendo conselleiro de Política Territorial naquel momento o actual presidente Feijóo, pois puxo en marcha a redacción dun instrumento dentro da Lei de ordenación do territorio, un plan territorial integrado, que tiña como espazo de referencia o que era o espazo litoral. É o coñecido como o POL.

O obxecto daquel contrato era que estivese rematado o POL no 2005 e naquel momento estaríamos na vangarda co resto das comunidades autónomas españolas; de feito, Cataluña aprobouno no 2005 e Cantabria aprobouno no 2004. Sen embargo, a ascensión ao poder do bipartito, sustentado pois polo Partido Socialista e polo Bloque, pois rompe esta dinámica. O litoral pasa a un lugar secundario, a ordenación do litoral pasa a un lugar secundario, abandónanse os traballos preexistentes, iniciados, e agárdase ata o ano 2007 para sacar adiante pois unha medida pouco reflexiva e que demostrou pois unha gran incapacidade de traballo daquel Goberno, a coñecida como Lei do litoral ou Lei dos 500 metros, ¿non? De feito, esa lei viña supor *de facto* pois a paralización do desenvolvemento dos solos urbanizables e dos urbanos non consolidados nas franxas dos 500 metros de todos os concellos litorais, excepto, curiosamente, as cidades litorais e tamén A Illa de Arousa.

Despois desta decisión, dura, pois entran nun período de pasotismo; non se fixo absolutamente nada, e isto levou a que unha vez que entra o novo Goberno tivese que prorrogar a moratoria, debido á situación de inseguridade xurídica a que levou esta inacción nesta cuestión.

Pero, bueno, deixémonos do pasado, aínda que é bo recordalo de vez en cando, para non repetir os mesmos erros, e falemos do futuro, porque o POL é unha auténtica oportunidade de futuro para un litoral como o galego, que aínda está a tempo de apostar por unha excelencia territorial que todos desexamos e que, por suposto, a nosa costa se merece.

No debate do POL a veces nos perdemos pois nas grandes cifras, no cuantitativo, pero realmente o importante é o cualitativo, o que é a filosofía deste Plan de ordenación do litoral. Xa o temos dito en máis ocasións: non se trata de non facer, senón que se trata de facer ben ou, o que é o mesmo, ordenar ou prohibir. Porque ordenar é decidir, ordenar é decidir entre diferentes usos ou diferentes alternativas posibles para unha cuestión do territorio. Iso é ordenar e iso é gobernar, e o que non é nin ordenar nin gobernar é simplemente prohibir, tomando decisións pouco valentes sen ningún tipo de percorrido.

Señorías, quixera rebater algunhas cuestións que se están dicindo, que xa se dixeron en prensa e aquí se volveron dicir. Fálase das DOT e do POL.

Bueno, intentar vincular ambos documentos e dicir que non se pode avanzar no POL sen estar aprobadas as DOT pois é unha escusa de moi mal pagador, unha escusa de moi mal pagador, porque as DOT neste momento están en tramitación administrativa e estase facendo o documento de referencia, debido a que algún no seu momento non fixo ben os seus deberes, e o POL está tendo en conta dun xeito escrupuloso as determinacións tanto excluíntes como orientativas que as directrices de ordenación do territorio aprobadas polo Goberno bipartito inicialmente pois plantexan. Co cal hai unha coordinación directa, unha coordinación directa entre as directrices e o POL.

Dende o Grupo Parlamentario Popular pois celebramos o ofrecemento de consenso que plantexa neste caso pois o Executivo. Creo que dende a Xunta de Galicia se está a ofrecer ao conxunto dos partidos políticos –e por extensión, ao conxunto da cidadanía– pois unha oportunidade para poder ter presenza neste instrumento estratéxico. Porque hai que recordar, hai que recordar que o POL ten unha tramitación e ten unha elaboración que non ten que pasar polo Parlamento; sen embargo, aprobámolo na anterior sesión, vai vir a este Parlamento para que todos poidamos opinar sobre el.

O feito de que se traia aquí ao Parlamento, á casa da soberanía popular, é unha proba inequívoca de que este POL ten a vontade de non ser o POL dun Goberno determinado, senón de ser o POL de todos os galegos, no que todos poidamos opinar e no que todos poidamos aportar o noso gran de area. Creo que é unha mostra de xenerosidade da Xunta de Galicia e nomeadamente pois do conselleiro competente nesta materia.

Temos unha oportunidade para traballar agora en clave de país, e por iso sorprende a actitude de certos concellos que, sabendo que estamos nun período de consultas e nun período de correccións técnicas, primeiro disparan e despois preguntan; primeiro disparan e, en segundo lugar, preguntan.

Curiosamente, curiosamente –ao mellor é unha coincidencia–, pois estes concellos pertencen pois á mesma forza política maioritariamente, que cualificou aquí neste Parlamento – pois creo que nun acto de soberbia– de trapallada a este POL. E o que aquí din, que é unha barra libre, que abre a especulación, etc., etc., pois curiosamente nos concellos

din completamente o contrario. Apostan ou están dicindo que é demasiado restritivo e optan pola vía máis fácil: a manipulación política, ¿non?, xuntarse con colectivos e ir coa raia a pintar etc., etc.

Señor conselleiro, se o problema que se ve aquí é un problema de cores, que se o mapa ten unha color ou outra, un problema de escalas –que aí podemos falar moito de escalas–, eu tamén teño certa deformación profesional como xeógrafo, ¿non? ¿Que escala é mellor para un documento territorial? ¿A 5.000, a 10.000, a 20, a 3? É dicir, ou se estamos falando de roles cartográficos. Hoxe falamos do alcalde da Illa, eu creo que imos por bo camiño. Sinceramente creo que imos por mellor camiño se aquí o principal problema pois é a color dos mapas.

En todo caso, hai cuestións que tamén hai que precisar. O POL non clasifica solo, quen clasifica solo son os planeamentos xerais. O POL plantexa unhas recomendacións. O que vostedes din que é vaguidade é simplemente dar cumprimento aos obxectivos dos plans territoriais, que son diferentes aos plans urbanísticos.

Xa para rematar, dicir que no pasado Pleno pois demos un paso importante. Eu pediría dende o Grupo Parlamentario Popular pois que non o desperdiciemos, agora mesmo non o desperdiciemos, polo curtopracismo político ou por estratexias curtas de visión. Imos ter unha Comisión, imos ter un grupo de traballo no que todos imos poder analizar, discutir, facer propostas, avaliar, ver se as cores son bonitas ou feas, se se entende mellor ou peor...

Busquemos entre todos un acordo de permanencia, demostrémoslles aos cidadáns que os políticos podemos traballar para solucionar os problemas e, en definitiva, convertamos ao POL nun instrumento que non sexa só dun Goberno determinado, senón que sexa un instrumento de todos os galegos.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Rodríguez González.

Réplica do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Hernández Fernández de Rojas): Moitas grazas, señor presidente.

Vou tratar de responder as cuestións plantexadas no debate.

A verdade é que a miña primeira intención, aínda que loxicamente debo deixar constancia da situación inicial das tramitacións que nos atopamos e do que está a facer este Goberno, díxoo o portavoz do Partido Popular, o Goberno actual da Xunta atopou unha situación pero tamén é certo —e os feitos son contumaces— que o Goberno da Xunta de Galicia que rematou a súa andaina no ano 2005 deixou a redacción do POL e a redacción das DOT en marcha e a realidade, a realidade é que os atopamos no 2009 igual que estaban no 2005.

Esa é a realidade, porque tamén é certo que se incumpriron todos e cada un dos prazos que estaban plantexados polo actual Goberno da Xunta. E, precisamente, o que nós non queremos —e creo que estamos a demostrar que iso vai ser diferente— é incumprir os prazos. Nós si que intentaremos cumprir os prazos.

Falaba a portavoz do BNG nesta materia dun concello. A verdade é que me sorprendeu que falara do concello de Culleredo, porque sei que o seu ámbito vital pois é noutra zona de Galicia, e gustárame que falara —e invítolle a que fale— pois de Pontevedra ou de Poio, porque, home, a verdade é que é sorprendente que non fale da actitude que está a ocorrer neses concellos precisamente por colegas seus de grupo político.

Pero, en todo caso, vou tranquilizar a vostede, porque, mire, en primeiro lugar, como di vostede, que é especialista nesta materia, pois supoño que lería o documento e sabe perfectamente que os corredores están recollidos de maneira orientativa e só aparece no artigo 12 do documento. Polo tanto, creo que os artigos si que non manifestan ningún problema de cores nin de cromatismos e, polo tanto, poderá vostede comprobar que iso é así. Os corredores axústanse precisamente no momento da redacción do plan.

E, por certo, non están incluídos na regulación do plan por ser un sistema xeral as instalacións como o aeroporto; pois faltaría máis, tamén o aeroporto da Coruña. Polo tanto,

gustárame que fixera vostede unha reflexión ao respecto de Pontevedra, ao respecto de Poio, ao respecto de zonas que probablemente coñeza mellor vostede e onde sabe que se está intentando facer co POL verdadeira chantaxe política.

Mire, o POL é un plan complexo no que evidentemente —e por iso existe esa tramitación, a tramitación que estamos a facer— pode haber aspectos a mellorar e hainos.

Debo reiterar que estamos ante un documento que abrangue un importante espazo do noso territorio, o 7 %, que estamos a falar de moitos espazos: espazos de praias, sistemas dunares, humedais, zonas de especial protección; un ámbito onde tamén se enmarcan catro das sete grandes cidades de Galicia: Ferrol, A Coruña, Pontevedra e Vigo. Un territorio extenso e dinámico e, polo tanto, un territorio onde é complicado, é difícil establecer un documento da complicación do Plan do litoral. E por iso precisamente o Plan do litoral establece estes prazos para audiencia aos concellos e ás administracións, que é o que estamos a facer agora, coa máxima lealdade e coa máxima transparencia.

E tamén, como plan territorial integrado, o Plan do litoral ten unha escala territorial que non é a mesma que as correspondentes aos plans de ordenación municipal, que son instrumentos —como sabe tamén, supoño que sabe vostede— absolutamente diferentes.

Todas estas circunstancias (a complexidade, o ámbito territorial) fan que, a pesar do exhaustivo traballo e do traballo no terreo e do traballo cos concellos —por certo, algúns con participación activa e outros con participación menos activa—, todas esas cuestións fan posible —e tamén esperable— que o plan presente inexactitudes, deficiencias ou omisións. Pero na nosa opinión esas deficiencias, esas inexactitudes non poden desvirtuar un extraordinario traballo e unha adicación fóra de toda dúbida e un traballo tamén no territorio e por xente que coñece e que aprecia ese territorio.

Por iso, neste período de audiencia a que se está a someter o documento, o que se pretende precisamente é recoller toda a documentación que os concellos queiran dar á Xunta de Galicia para mellorar o documento e para facer entre todos o mellor documento, e, polo tanto, esa é a nosa intención, nesa liña imos traballar e estamos a traballar dende o día en que presentamos o documento.

Temos abertas todas as canles permanentes de participación, temos aberta unha páxina web, temos aberta unha oficina especial para atender todas as situacións, e somos conscientes de que neste traballo está a parte principal do que logo vai ser o mellor documento para a aprobación inicial do Plan de ordenación do litoral.

Falouse aquí nesta tribuna da protección que establece o Plan do litoral e comparárona coa Lei dos 500 metros. A verdade é que tampouco tiña intención de facer esta comparación, pero é importante, é necesario facer esta comparación porque a realidade é que o Plan de ordenación si que se orienta a ordenar de maneira efectiva e non a prohibir de xeito xeneralizado. A ordenación do plan vai dirixida a un ámbito territorial moito maior que o que establecía a Lei dos 500 metros. Á parte, a Lei dos 500 metros non é un plan –como é evidente–, senón unha medida transitoria que non contén estudo, reflexión nin modelo e que, polo tanto, queda curta nalgúns casos –e tamén o temos demostrado– e longa noutros. Ademais, obedece a un criterio arbitrario e uniforme, mentres que o Plan do litoral estrutúrase conforme a criterios ambientais e específicos en función de cada unidade territorial.

O Plan do litoral, por certo, é moito máis restritivo, moito máis esixente que a Lei dos 500 metros, posto que establece a prohibición de construír en 65.881 hectáreas e limita o crecemento en 46.243 hectáreas adicionais; polo tanto, establece restricións en 112.000 hectáreas, o que supón un incremento do 39 % sobre a Lei dos 500 metros. O Plan do litoral regula 11.500 hectáreas de solo urbanizable non delimitado, fronte ás 4.200 da Lei dos 500 metros. E, por último, o Plan do litoral regula 13.000 hectáreas de solo urbanizable e urbano non consolidado, fronte ás 5.170 hectáreas da Lei dos 500 metros.

Polo tanto, é moito máis amplo, moito máis esixente e moito máis pegado ao territorio que a Lei dos 500 metros.

Falar de erros –como dixen– e inexactitudes, da necesidade de mellorar o documento, é evidente que é así nunha fase de audiencia, pero tamén é curiosa a actitude dos concellos. Tamén teño que dicir dende esta tribuna que é certo que a actitude dos concellos tamén é diferente. Hai concellos –e tamén teño que dicir de todas as cores políticas– que están a pedir información, que están a colaborar, que están a facilitar a información dos diferentes ámbitos e, polo tanto,

que están contribuíndo á mellora do documento. Fronte a iso, existen concellos que decidiron iniciar a senda da confrontación, a senda da loita política, pero alá eles; supoño –estou seguro– que ao final o que pasará é que o documento neses concellos non terá a necesaria calidade e o necesario contido, que, en todo caso, beneficiaría aos cidadáns tamén deses concellos.

Falaban vostedes tamén, o portavoz do PSdeG, da retirada de artigos, da modificación dalgún tipo de documento no período.

Teño que dicirlles a vostedes tamén, señora Táboas –pois vostede sabe de que estamos a falar, sabe deste tema e, polo tanto, sabe perfectamente cal é a razón da modificación da eliminación da disposición transitoria no documento que está nestes momentos en tramitación–, que non exista ningunha dúbida, o que se está a tramitar é o documento sen a disposición transitoria, e iso ten unha razón en relación coa propia circunstancia, co propio contido e coa propia natureza do Plan territorial integrado.

Ata o último momento o equipo redactor do Plan do litoral estivo a traballar no documento, eso é así, e é así por lei, e di a lei precisamente que cando os plans territoriais integrados incidan sobre plans urbanísticos, como é o caso do Plan do litoral, o acordo da aprobación definitiva daqueles, é dicir, dos plans territoriais integrados, o acordo de aprobación definitiva deberá precisar necesariamente os puntos concretos nos que estes, é dicir, os plans municipais, quedan modificados sen prexuício de que os concellos afectados poidan incoar os procedementos precisos para adaptalos ás determinacións daqueles.

Polo tanto, todos aqueles que estean familiarizados coa ordenación do territorio –e sei, señora Táboas, que vostede o está– ou o urbanismo saben que este contido normalmente cóntase no que denominamos situacións transitorias, posto que cando o Plan do litoral entre en vigor haberá instrumentos e plans en distintos momentos de tramitación. O texto que se eliminou foi precisamente o relativo ás disposicións transitorias, porque o equipo de traballo do plan entendía que era mellor neste trámite de audiencia escoitar e recoller o distinto estado de tramitación das diferentes figuras para así establecer un réximen transitorio adaptado á realidade. Moita da información que se necesita para este traballo está en mans

dos concellos, e por iso considerouse convinte atrasar a redacción definitiva das transitorias; parece razoable e parece necesario, en todo caso tamén hai outra cuestión estratéxica que é a de evitar que ámbitos que se atopan afectados polo Plan do litoral e non pola suspensión cautelar dos 500 metros aceleren a súa tramitación en virtude do establecido no réximen transitorio para que o plan, falando de xeito sencillo, non os pille. Polo tanto, os motivos foron guiados polo principio de caución e o de fiabilidade da documentación.

Falaba a señora Barcón de aprobar o POL e aprobar as DOT con antelación ao POL, non hai problema en que se tramiten os dous documentos, porque insisto que o punto de partida foi o que nos deixaron vostedes; o punto de partida non foi unha decisión deste Goberno e neste momento se está a tramitar de maneira coordinada e conxunta baixo a mesma dirección. En calquer caso, tamén sabe vostede que o alcance é distinto, as determinacións do Plan do litoral e a escala da súa concreción e os seus obxectivos son distintos, e polo tanto non parece convinte que ningún dos dous instrumentos extremadamente necesarios para Galicia se paralicen porque sexa necesario que un esté diante do outro se somos capaces, como estamos a facer, de coordinar os dous documentos de planificación.

Falaban tamén vostedes de que vai a pasar en relación coa protección da costa tras o levantamento da prohibición dos 500 metros. É curioso que o diga un goberno que nos deixou enriba da mesa unha proposta sin datos, sin coñecemento efectivo do territorio para levantar nuns ámbitos e non noutros. Certamente, cómpre dicir, e iso tamén é certo, que non haberá unha protección efectiva da costa ata que o Plan do litoral non entre en vigor, posto que é o único documento que realmente protexe, ordena e establece con criterio de sustentabilidade un uso racional da costa. Con todo, o compromiso do Goberno é que antes do 15 de maio realizárase unha nova orden que paralice aqueles ámbitos de desenvolvemento incompatibles co modelo de POL, estean situados dentro dos 500 metros ou fóra dos mesmos, alá logo donde os estudos e ese trámite de participación que se faga despois e a audiencia pública e a información pública se poida establecer algún tipo de protección.

Polo tanto, haberá unhas zonas donde se produza esa paralización e outras donde se produza o levantamento no sentido de que non exista que manter esa cautela.

Falaban vostedes das instalacións acuícolas, dos parques eólicos, das diferentes instalacións de interese para Galicia, para o noso desenvolvemento, e para o noso desenvolvemento tamén sostible. E gustárame facer algunhas reflexións ao respecto porque creo que vostedes, probablemente porque non teñan datos suficientes, confunden algunhas cuestións. Que unha zona sexa red natura non impide que non se poida facer un desenvolvemento compatible con ela, eso o dice a Unión Europea, o di a comisaría de Medio Ambiente e o dice o sentido común. O que hai que facer é cumprir a normativa europea, eso é o que hai que facer, e eso é o que vai facer este Goberno.

Polo tanto, non se preocupen vostedes, as instalacións acuícolas, os parques eólicos, os parques empresariais estarán onde podan estar, onde o diga o correspondente plan sectorial de incidencias supramunicipal, onde o diga o interese de Galicia, e por suposto respectando as determinacións e respectando os contidos do Plan do litoral e a correspondente tramitación administrativa. Polo tanto, poden vostedes estar tranquilos que dispoñamos das instalacións que permitan o noso desenvolvemento sempre respectando e compatibilizando o medio ambiente e co respecto dos valores, neste caso do litoral. *(Aplausos.)*

Remato, simplemente, recordando o que dixo o noso portavoz, o portavoz do Partido Popular, en relación co que o plan territorial non é un plan; o Plan do litoral non é un plan de ordenación municipal, non é un plan de ordenación, non califica o solo, é un plan territorial integrado, non é un plan de ordenación, polo tanto a súa escala e as súas determinacións son diferentes. Ante o plan na nosa opinión, na opinión do Goberno, só existen dúas actitudes, as actitudes de concertación, as actitudes de consenso, nas que nós sempre estaremos esperando e abertos a calquera aportación como as que estamos a recibir dos concellos, e actitudes de confrontación de uso político do plan, que a verdade é que lamentamos, pero que non van impedir que este Goberno siga coa liña de tramitación e de aprobación do plan co máximo consenso, coa máxima participación, para o que volvo a pedir dende aquí a participación tamén dos dous grupos da oposición.

Moitas grazas e máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor conselleiro.

Rolda especial de aclaracións. Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Táboas.

A señora TÁBOAS VELEIRO: Señor presidente, señoras e señores deputados.

Señor conselleiro, se quere ese consenso, se tanto pide ese consenso, ¿por que non fai unha tramitación aquí no Parlamento para que se poidan facer emendas e se poidan aportar desde os distintos grupos parlamentares? Esa é a proposta do BNG, acaba vostede de tender esa man, nós facemos esa proposta.

Sexa o noso territorio, esa liña de tensión da que falaba antes, que foi entendido secularmente polos nosos devanceiros que souberon conxugar á perfección a utilización do mesmo como sustento económico dun xeito sostible coas actividades económicas vencelladas ao mar pero sen colisionar con el, como si en cambio o fixeron nos últimos anos certo tipo de instalacións, como algunhas piscifactorías, ou como o entendeu a poboación galega secularmente, ou como ocupou ese territorio, esa liña de tensión, para acubillar a poboación que vivía a carón do mar, construíndo centos de núcleos mariñeiros ao longo dos séculos.

Por iso é un elemento tan importante para nós e para a todo o pobo, non soamente para o nacionalismo galego, é un elemento identitario do que temos que ter o maior coidado.

Falaba vostede desas transitorias. Hai un erro que me esquecín antes de comentarlle, señor conselleiro, presentouse un documento aos alcaldes no mes de xaneiro e entregouse outro no mes de febreiro onde se suprimía a obriga de adaptar os planeamentos municipais no prazo de dous anos; porque se se mantivera ese texto, os alcaldes do PP non poderían, ao mellor, dicirlle á xente que eles arreglarían todo co planeamento municipal. Suprimiuse por iso, seguramente, señor conselleiro.

Eu fixen antes unha intervención donde salientei os antecedentes, o que é esa costa galega, ese litoral, un dos máis fermosos do mundo. Salientei a importancia de contar con elementos, un elemento que tivera un elemento de xestión válido que recollera esas diferencias que ten o noso litoral; agora gustárame tamén facer algunha consideración sobre a tramitación.

A suspensión dos planeamentos na franxa do litoral, os 500 metros, foi acordada no seu día para garantir uns criterios de orientacións comúns para a ordenación axeitada do litoral, de xeito que a concreción da mesma por parte dos concellos se ativese a unha serie de pautas orientadas á preservación dos valores existentes no litoral. Agora o feito de que o PP optase porque tiña un punto de partida, optase malia a súa profunda oposición á moratoria do planeamento no litoral establecida dende maio do 2007 para prorrogala ata este, non supón rectificación para nós nin indica que sexa un cambio de rumbo na política do PP; ao contrario, o exiguo prazo para a elaboración das directrices, unido ao proceloso trámite que si se consulta alén dos concellos afectados, aproximadamente vinte e tres organismos administrativos, así como a redacción da avaliación ambiental estratéxica e do informe de sustentabilidade para ter a súa aprobación inicial en maio de 2010, amosa a intención de encher o Plan de ordenación do litoral con referencias xenéricas, con lugares comúns, no que atinxe a obxectivos e escasa ordenación real para que realmente houbera unhas bases sólidas para o desenvolvemento posterior por parte dos concellos.

En suma, non se trata dun documento aberto nin flexíbel, como vostede falou eiquí, con posibilidades por prazos e vontade de ter un resultado final moi diferente ao actual, para facerlle as modificacións precisas que se requiren para un documento destas características. Por iso nós dende o Bloque Nacionalista Galego facémolles esa proposta, que se tramite no Parlamento para poder engadir todas as modificacións, todas as emendas e todo o traballo que poidamos aportar os que representamos tamén a unha parte dos galegos e das galegas.

En conclusión, este Plan de ordenación do litoral parte dun plantexamento afastado da realidade galega, incorpora serias diverxencias no tratamento outorgando a máxima protección ambiental a determinadas áreas reducidas segundo a ordenación global coherente que responde ás características e ás necesidades da Galiza; non aborda as contradicións motivadas pola lexislación estatal e non homoxeneiza en materia de costas especialmente, polo que non se dan solucións acaídas dende o POL a determinados problemas enquistados nos núcleos costeiros tradicionais dos que falei antes, neses núcleos que durante séculos acubillaron a vida da xente que traballaba a carón do mar.

No que atinxe á tramitación, os prazos previstos impiden un debate serio e rigoroso para afrontar a ordenación do litoral con consenso e como un asunto de verdade do país. Para o Bloque Nacionalista Galego dende logo a oferta que lle estamos a facer, señor conselleiro, agardo que sexa tida en conta se de verdade quere consenso, se non simplemente será unha frase politicamente correcta pero que non ten máis profundidade que esa.

Dende o BNG vou rematar cunha frase, comecei falando desa liña da costa donde bate o mar e a terra. Agardamos que nunca máis, señor conselleiro, nunca máis sexa a liña de tensión da especulación do noso país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Táboas.

Polo Grupo dos Socialistas ten a palabra a señora Barcón.

A señora BARCÓN SÁNCHEZ: Gracias, presidente.

Non se engane, señor Rodríguez, que falaba vostede de que buscábamos excusas de mal pagador. A nós non nos fan falla excusas, a quen lles fan falla é a vostedes. Porque mire, foi o señor Núñez Feijóo –ese experto en tradicións grecorromanas– o que dixo no seu discurso de investidura nesta Cámara que en seis meses iban a traer as directrices e o POL; as excusas fanlle falla a ese conselleiro, a ese grupo e a ese goberno para explicar o porqué se alonga no tempo a tramitación.

Di vostede, señor conselleiro, e decíao tamén o portavoz do Grupo Popular, que os concellos pedían máis. De momento os concellos o que están decindo é que non entenden este documento, que non comprenden o documento que lles manda vostede, e ademais que lles gustaría ter algunhas cousas que decidir.

E señor Rodríguez, por último, o da brocha e do caldeiro, debeu de atopar vostede un periódico doutra época, porque recórdolle de novo a actuación vergoñenta dalgúns deputados e deputadas do Partido Popular cunha brocha decindo: os socialistas e o Goberno bipartito van a tirar todas

as casas de aquí en diante con esa moratoria dos 500 metros, que por certo era en si mesma unha medida transitoria, que iso si que foi un punto de partida, señor conselleiro, o que atopamos, o que atopou o anterior Goberno, o punto de partida de que o litoral estaba a punto de ser engullido pola especulación da que falaba a señora Táboas.

Tramitación parlamentaria. Home, hai opinións para todos os gustos. Lei de ordeación urbanística de Galicia, disposición transitoria oitava: así mesmo a Xunta remitirá ao Parlamento no prazo de dous anos –esto era o 2002– dende a entrada en vigor da presente lei o Plan sectorial de ordeación do litoral donde se recollerán as condicións específicas dese ámbito territorial. Por certo, foi incluído nesta lei a petición expresa do señor Rodríguez Peña, deputado do Bloque Nacionalista Galego.

Polo tanto, nós recollemos o espírito desa disposición transitoria e pedímoslle que tramite no Parlamento ese Plan de ordenación do litoral, cando menos que se abra de inmediato esa Ponencia non lexislativa para a avaliación e para a mellora do documento.

A primeira declaración que escoitamos a respecto deste Plan de ordeación do litoral foi do presidente Feijóo e encendeu moitas alarmas ao dicir que o plan estaba completamente supeditado á lexislación sectorial, naquel caso da acuicultura, e hoxe vostede acaba de dicir aquí exactamente o mesmo. Non se preocupen porque o que pon o Plan de ordeación do litoral non é de aplicación ao que poñan os plans sectoriais, ao que poña a lexislación sectorial, pero ademais dixo vostede tamén que non se preocupen porque a clasificación do solo depende dos planeamentos xerais. ¿Entonces me quere dicir vostede para que vale este documento? Porque se non exclúe nin inclúe zonas, se non fala de que actividades sectoriais se permiten e se exclúen no ámbito do litoral, señor conselleiro, ¿para que estamos aprobando este instrumento, máis que para distinguir uns verdes doutros?

Na miña anterior intervención fixenlle unha serie de propostas, gustaríanos engadir unha máis, que tendo en conta que este ámbito de actuación do Plan de ordeación do litoral colle unha ampla área fronteira con Portugal, deberíamos ser quen de aproveitar as sinerxias e as ventaxas xeoestratéxicas dese contexto espacial de eurorrexión e os programas de

cooperación, atendendo a que tanto as paisaxes desta área como as ribeiras do Miño, e o patrimonio monumental que teñen, non menos importante, se convertan en elementos estruturantes das políticas de ordeación territorial e nunha oportunidade para o desenvolvemento sostible.

Finalizo, señor conselleiro.

Tendímoslle a man na tramitación da lei. Facemos, como decía anteriormente a portavoz do BNG, de novo ese ofrecemento, tender a man para que aprobemos un documento que teña valor, que teña valor en si mesmo, que sirva para que o que decimos que vamos a protexer o fagamos eficazmente, para que se traiga a este Parlamento, que é onde o temos que mellorar, que é de onde temos que colocar a mirada de protección e de conservación do noso territorio e para que o noso litoral sirva para vivir, sirva para producir e sirva para seguir convertindo o patrimonio natural nun activo, pero dende logo para que non haxa un retroceso lamentable que moito nos tememos que nos anuncia vostede nun documento incoherente normativamente, obscuro en canto á súa explicación técnica e bastante incomprendible para moitos dos actores que teñen que falar, que aportar, que decidir e que decidir.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Barcón.

Polo Grupo Popular ten a palabra o señor Rodríguez González.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, o rigor na acción política, como en todo en xeral, creo que sempre é moi positivo, ¿non? Digo isto porque se están confundindo os termos de xeito deliberado cando se fala das tramitacións. A tramitación dun PTI é competencia exclusiva da Xunta, o POL podería ser unha competencia exclusiva da Xunta e non vir a este Parlamento para nada, sin embargo vai a vir, si é verdade.

Mire, a señora Barcón falaba da Lei do solo e falaba dos planes sectoriais. Efectivamente, os planes sectoriais teñen

que vir ao Parlamento, agora o plan sectorial non é un plan sectorial de incidencia supramunicipal, é un PTI, é un plan territorial integrado que, na súa tramitación na Lei 10/95, do 23 de novembro, da ordenación do territorio de Galicia, di claramente que non ten que pasar polo Parlamento.

Punto cinco, non o vou a ler textualmente para non perder o tempo, pero entón hai que falar con rigor e non confundamos unhas cousas con outras.

Ben, é curioso que se fale de diálogo, se en algo hai diálogo é nesta cuestión. Creo que moitos dos que hoxe falan, dos que se lles enche a boca co diálogo, de falar do diálogo, cando tiveron ocasión de practicalo desgraciadamente non o fixeron, e agora supoño que terán mala conciencia, pero a realidade é a que é.

É curioso que as críticas máis fortes que están xurdindo por parte dos concellos sexan de concellos de forzas políticas, nomeadamente do Bloque Nacionalista Galego, que aquí din unha cousa pero nos concellos din outra.

Falan dos alcaldes do PP, eu non vin a ningún alcalde do PP agora mesmo na prensa, e si vexo aos alcaldes do Bloque pois reuníndose con afectados, pintando raias, pintando raias no territorio; aí entón se ve a coherencia de cada un, porque aquí din unha cousa, nesta casa din unha cousa, e fóra din outra, incluso o calificaron de trapallada, e o que eu creo que hai que reconecer é o inxente traballo técnico que hai detrás do POL.

Neste sentido desde o grupo parlamentario queremos tamén aproveitar para felicitar a todo o equipo técnico, co seu director xeral á cabeza, con Manuel Borobio, que fixo un traballo técnico, creo que magnífico, impecable, cos erros que ten, evidentemente nun traballo de tan grande escala, e fixo un traballo que nunca se logrou en Galicia, que non ten parangón en Galicia, nunca se fixo algo con tanto detalle. Que cumpre, digamos, as bases dun estudio territorial, cunha análise, cunha diagnose e cunhas propostas, e a paisaxe, que tamén se falou aquí, estando ou está de modo transversal practicamente en toda a base analítica, ¿non?

Pero en fin, este debate non o debíamos ter hoxe, o debíamos haber tido fai xa uns anos, pero bueno, tampouco é momento, tampouco é tempo de falar do pasado, senón de

falar do futuro, e creo, señorías, que hoxe, nesta Cámara, estamos asistindo a dous debates vinculados, semellantes á modificación da Lei do solo anteriormente, agora o POL, e tamén sabemos todos que están as directrices moi vencelladas e que neste momento se topan en tramitación administrativa.

¿Que nós ven a decir isto? Isto dinos que cando hai vontade, cando existe vontade de facer as cousas, as cousas se fan. Con traballo, con rigor e con vontade política, as cousas se fan. Cando hai vocación de consenso e de superar os intereses partidistas e partidarios, pois as cousas se fan, e cando se traballa sin prexuícios as cousas se fan.

E cando non é así pois quedámonos no fácil, no simple discurso, e quedámonos no falar e non no facer.

O territorio, todos coincidimos, é un ben finito, máis aínda o litoral, é un recurso en si mesmo, é un patrimonio que todos temos a obriga de protexer e de deixalo para as xeracións futuras mellor de como o atopamos.

Ten un valor estratéxico que incide na calidade de vida dos cidadáns, de todos os cidadáns, non só dos que aí residen, e ten tamén un valor estratéxico dende o punto de vista do desenvolvemento socioeconómico.

E por todo isto, pois, o POL é unha necesidade irrenunciable.

E xa para rematar, recordar, como decíamos anteriormente, que este POL debe de ser un instrumento de todos, non debe de ser só un instrumento dun goberno determinado, por eso se abre a participación ao Parlamento, por eso se crea unha Comisión que se aprobou no Pleno pasado e por eso hai unha vontade firme e decidida desde o punto de vista político de topar un consenso nesta materia. Non é un instrumento dun goberno determinado, é un instrumento de todos e todos temos a responsabilidade de sacalo adiante nas mellores condicións posibles.

A limitación está aí, depende de vostedes, tamén depende de nós, por suposto, que todos estemos á altura das circunstancias, que traballemos en positivo, en clave de país, que teñamos visión de futuro. Desde o Grupo Parlamentario Popular por suposto que o desexamos, abrimos a man e creo

que a oportunidade que se nos presenta nesta ocasión podémola aproveitar para dar unha lección a todos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Para pechar a comparecencia ten a palabra o señor conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Hernández Fernández de Rojas): Moitas grazas, señor presidente.

Parece ser que en Galicia, e concretamente no noso litoral, hai dous tipos de alcaldes e dous tipos de concellos, os que non entenden nada e os que parece que entenden tanto que son capaces de substituír a propia labourea didáctica, e digo “didáctica” da administración, por exemplo o alcalde de Pontevedra, que coñecen todos vostedes, que se reúne cos veciños de Ponte Sampaio e lles explica o Plan do litoral. A verdade é que é de agradecer se non fora porque o que está a facer é sendo absolutamente desleal, faltando á verdade e contribuíndo ao descrédito dun documento que non se merece ese trato de falta de escrúpulos do señor alcalde de Pontevedra. (*Aplausos.*) Ese é o alcalde que parece que entende os planos, parece ser que o señor Lores e o amigo Mosquera si que entenden os planos.

Nós, o Goberno, entendo que tamén o partido que sustenta ao Goberno, o Partido Popular, si que queremos concertar e pactar o documento. Consideramos ademais que peza clave desa concertación, dese consenso, é a Comisión decidida neste Parlamento e nela estaremos, e nela traballaremos para conseguir o acordo e os puntos de acordo.

Creo, despois de escoitar hoxe o debate como consecuencia da miña intervención, que a actitude do Partido Socialista é clara, e espero que a actitude do BNG sexa tamén clara, aínda que tamén creo, e vostede señora Táboas decía que parece ser que tiña dúbidas ao respecto de que o Partido Popular, dixo vostede esta mañán, que o Partido Popular, e polo tanto entendo que o Goberno da Xunta, non entende o urbanismo. E a min despois deste debate o que me queda claro, creo que me queda claro, é o concepto que ten do litoral e do urbanismo o Partido

Socialista, pero por desgraza non me queda nada claro o concepto que ten do urbanismo e do litoral o BNG. ¿Cal é o concepto de urbanismo do BNG? ¿O que pensa a UPG?; ¿o que pensa Máis BNG?; ¿o que pensa a señora deputada especializada no cromatismo, na arquitectura, e creo que tamén agora no cromatismo nos planos?; ¿o que pensan os concelleiros e o alcalde de Pontevedra, desleal ata límites insospeitados, que afirma que o plan é moi proteccionista?; ¿o que pensan os concelleiros do BNG de Poio que estragaron unha das zonas de máis beleza da ría de Pontevedra?

Non sei, non sei o que pensa o BNG, pero a verdade, gustárame que vostedes se aclararan porque creo que eso é bo para Galicia, é bo para o Goberno e tamén, permítanme que lles diga, é bo para vostedes mesmos.

Señorías, vou a rematar facendo algunha reflexión sobre o documento que hoxe me trouxo aquí. O Plan do litoral que presentamos nesta Cámara é o resultado, a pesares do que din vostedes, dun inmenso traballo, pero tamén representa unha decidida aposta por contribuír a protexer e regular un territorio especialmente delicado e fráxil, unha paisaxe que é un verdadeiro sinal de identidade do noso territorio.

Unha aposta feita dende a responsabilidade, dende o compromiso e dende o desexo de achegar un elemento clave para lograr un acordo transcendente ao redor da ordenación do territorio.

É sin duda, e o digo aquí claramente, un traballo perceptible, como é o proxecto de lei urbanístico que acabamos de presentar esta mesma mañá e como é calquera obra humana, pero abre, e así o vai a facer, a posibilidade de realizar un traballo colectivo a prol dun ordenamento tan necesario como urxente.

Para aqueles que anticipan as súas críticas, que se precipitan nas súas apreciacións, e que confunden as críticas a un plan cos ataques a un goberno, diríalles que reparen na importancia deste documento no seu obxectivo, na súa necesidade e na intención que o anima.

Despois diso só me quedaría lembrarllas o famoso e acaído dito de Castelao: “*Non lle poñades chatas á obra namentras non se remata. O que pense que vai mal que traballe n’ela; hai sitio para todos.*”

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor conselleiro.

Suspéndese a sesión ata as dezaseis trinta horas, as catro e media da tarde.

Máis nada e moitas gracias.

Suspéndese a sesión á unha e trinta e oito minutos do mediodía e retómase ás catro e media da tarde.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Boas tardes, señoras deputadas, señores deputados.

Reiniciamos a sesión.

Comparecencia da Sra. conselleira de Sanidade para informar sobre o novo hospital de Vigo

Comparecencia da Sra. Conselleira de Facenda, por petición do G. P. dos Socialistas de Galicia, para explicar o modelo de participación público-privado para o hospital de Vigo e as consecuencias económicas e de xestión desta fórmula de colaboración

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Á comparecencia documento 23206 acumúlase a documento 14044.

Ten a palabra a conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Farjas Abadía): Boas tardes.

Señorías, presidente.

É un placer comparecer a petición propia para informar a esta Cámara das actuacións que se están a levar a cabo para facer unha realidade a dotación na cidade de Vigo do novo hospital. A necesidade deste novo hospital para a área sanitaria de Vigo é unha realidade incuestionable recollida como compromiso programático polos partidos políticos galegos nas últimas convocatorias autonómicas. Así estaba explicitado no programa electoral do Partido Popular e así quedou previsto polo anterior equipo direc-

tivo do Servicio Galego de Saúde no Goberno do Partido Popular.

Cando chegamos ao Goberno atopámonos cunha situación preocupante, no mes de maio do 2009 por non haber nada feito non estaba nin rematado o proceso de procura dos solos para o hospital e tivo que ser o novo Goberno da Xunta o que asinase o contrato o 29 de maio para adxudicar as tarefas técnicas para a expropiación de terreos contemplados no plan sectorial. Un plan sectorial para o que en catro anos de Goberno non foron quen de acadar o compromiso do alcalde de Vigo, nin nos concellos da área sanitaria para a cesión de solos nin ningún outro compromiso financeiro para a súa realización. Un proxecto no que o gran ausente é o concello no que se vai construír a maior infraestrutura sanitaria de Galicia, o Concello de Vigo. Cero euros en metros cadrados e cero euros de compromiso do alcalde de Vigo co hospital, como se se tratara dun asunto que non atinxe ao seu concello. Cero euros para expropiación do solar, cero euros para a adecuación da parcela, cero euros de apoio ao máis importante reto sanitario de Vigo e da súa área sanitaria. (*Aplausos.*)

Empregouse toda unha lexislatura para aprobar o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e para facer o proxecto básico do hospital e todo quedou por facer. Non estaba feita a expropiación dos terreos –como decía–, pero é que tampouco estaba realizado o concurso para o proxecto de execución do novo hospital, a pesares de que despois das múltiples presentacións calquera podería creer que o hospital xa estaba construído. O proxecto actual é un proxecto básico de planos e alzadas, non construtivo, que recolle os parámetros da súa planificación en dimensións, estrutura, características xerais e previsión de custes. Proxecto básico que nin sequera puxeron a exposición pública, aínda que o teñen vendido e presentado unha e outra vez tratando de convencer a non se sabe quen.

Foi o Goberno actual quen o puxo a exposición pública para que todos os vigueses e as súas organizacións poideran coñecer o seu contido real. Así pois, especializáronse en promesas no aire, invertiron 4 millóns de euros dos galegos en asesorías, anteprojectos, plans e publicidade. Deberon pensar que os vigueses ían darlles un premio, aínda que non fixeran o hospital. Coa vontade de manter puntualmente informada a esta Cámara de todos os pasos dados e para

facer realidade a construción do hospital de Vigo vou describir sucintamente o que fixemos dende o 20 de abril do 2009.

O 29 de maio –como decía– adxudicamos as tarefas técnicas para a expropiación dos terreos que están contemplados no plan sectorial, iniciando o proceso de procuras dos solos para o hospital, realizáronse os estudos de parcelación, mantéñense reunións periódicas cos propietarios para avanzar neste proceso, e no momento actual estanse estudando as alegacións á comunicación de expropiacións. En especial, quero resaltar o contacto e colaboración coas familias que van ver expropiadas as súas vivendas, coas que se están a valorar posibilidades de ubicación, vivendas de protección oficial ou outras alternativas individuais, de maneira que non sexan perxudicados por un proceso de tan grande interese xeral como é a construción do novo hospital.

Constituímos unha comisión técnica que estudou e analizou os equipamentos e necesidades da área sanitaria de Vigo e que concluíu os seus traballos no mes de xullo coa presentación do Plan funcional da área sanitaria de Vigo, que fixemos público na cidade de Vigo.

Realizamos a tarefa técnica de elaboración dos informes xustificativos e o plan de viabilidade económico-financeira para a licitación da construción do novo hospital de Vigo, e presentámolo aos vigueses o 27 de xaneiro. Actualmente están en exposición pública, segundo establece o *Diario Oficial de Galicia* do 27 de xaneiro, e dispoñibles na Dirección de Recursos Económicos do Servicio Galego de Saúde e na Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo. Iniciamos a licitación co anuncio do concurso no *Diario Oficial da Unión Europea* o 26 de decembro do 2009.

Quero ademais informarlles dos pasos fundamentais deste proceso que imos iniciar. Así temos convocada para o día 3 de marzo a reunión da comisión técnica de seguimento da construción do novo hospital de Vigo. Nesta comisión, o 3 de marzo convocamos ás tres institucións cos responsables do proxecto e das infraestruturas necesarias para a súa execución: a Deputación Provincial, o Concello de Vigo e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que xunto coa Consellería de Sanidade deben abordar dende xa o estudio das necesidades de viais, electrificación, rede de abastecimento de auga e demais requirimentos de infraes-

truturas. Porque é un proxecto que require da iniciativa de todas as institucións e no que o Goberno municipal de Vigo non pode ser o gran ausente, o convidado de pedra.

Proximamente imos iniciar os estudos xeotécnicos imprescindibles para poder facer o proxecto de construción do hospital. Ademais, estamos finalizando a elaboración dos pregos técnicos e administrativos para, unha vez rematado o prazo de exposición pública do plan de viabilidade, continuar co proceso de licitación do proxecto de execución e de obra. Unha licitación conxunta que vai permitir acurtar en dezaoto meses a construción do novo hospital. Un proceso que queremos se vexa coroado co inicio das obras na parcela de Valadares e Beade ao final do 2010 e que marcará o inicio do cumprimento da obriga que o Goberno da Xunta ten adquirida cos vigueses, cos galegos residentes nos concellos aos que atenderá o novo hospital público de Vigo. Un exemplo de que o Goberno de Alberto Núñez Feijóo cumpre realmente cos seus compromisos cunha boa xestión, sen maquetas, sen despilfarros, sen sesións pirotécnicas nin cinematográficas.

Ademais quero explicarlles as características do plan funcional deste hospital. E teño que comezar a explicación destas características das dotacións definitivas do Plan funcional da área sanitaria de Vigo decindo que a Consellería de Sanidade prima o criterio de cumprimento de prazos para que Vigo conte o antes posible co novo hospital e co criterio de austeridade. É dicir, priorizamos claramente a axilidade por riba de aspectos estéticos.

O novo hospital vertebrará a asistencia xeral en materno-infantil cun alto grado de especialización. Funcionará como referencia da área e contará cunha porta única de urxencias. Este centro sanitario contará cunha capacidade máxima de 1.465 camas, das que 1.079 estarán dispoñibles para a hospitalización convencional e outras 386 para outras unidades: reanimación, hospital de día, urxencias... As unidades de obstetricia contarán con 143 camas, as de psiquiatría e de agudos con 66, as de pediatría con 160 e coidados paliativos con 111. Respecto á UCI polivalente e de cardioloxía, contará con 60 camas dispoñibles e outras 28 en UCI pediátrica. Un total de 255 son para unidades polivalentes médicas e 256 para unidades polivalentes quirúrgicas; mentres que as restantes, 386, destinaranse ás outras unidades.

Apostamos por un área sanitaria con ciruxía innovadora e alta tecnoloxía e con importantes dotacións para patoloxías prioritarias. O plan para a área conta cun sistema multihospital cunha capacidade de máis de 2.000 camas. Pois ademais das 1.465 camas do novo hospital, o Hospital Meixoeiro contará con 422: 232 de hospitalización convencional e outras 190 para outras unidades, que segundo a distribución por unidades destas 72 serán para unidades de oncoloxía, 160 para unidades polivalentes quirúrgicas e 190 para coidados mínimos. Doutra banda, o Hospital Nicolás Peña terá 117: das que 60 estarán dispoñibles para a hospitalización de psiquiatría e 57 para coidados paliativos.

Neste sistema multihospital o Hospital Povisa manterase como hospital xeral con poboación asignada mediante libre elección dos cidadáns. Respetarase o acordo do 2006, firmado pola consellería do anterior Goberno da Xunta e todas as organizacións sindicais, acordo que establece: “O concerto con Povisa debe garantir a actividade de calidade necesaria para manter o emprego actual en todas as especialidades e servizos na súa configuración como hospital xeral con atención específica”. Por elo o Goberno da Xunta, entendendo a importancia de cumprir cos compromisos adquiridos coas forzas sociais, vai a manter a actividade do Hospital Povisa tal coma vostedes o configuraron no seu acordo. *(Aplausos.)* Como hospital xeral no que se garanta a actividade e o emprego, abrindo a posibilidade á liberdade de elección dos doentes dentro da área sanitaria de Vigo.

Unha vez posto en funcionamento o novo hospital, no ámbito de atención especializada ubicarase un centro de alta resolución no edificio do actual hospital xeral, que se complementará con estruturas diagnósticas de apoio á atención primaria no Centro de Alta Resolución do Morrazo. Prevese que queden sen uso de asistencia sanitaria parte do hospital xeral, o Hospital Rebullón e o Hospital Cíes, que se destinarán para outros usos do ámbito sociosanitario, administrativo ou complementarios.

En definitiva, un novo hospital co que o Goberno da Xunta de Galicia dá resposta firme e clara ao compromiso de manter o servizo sanitario 100% público, con traballadores do Servizo Galego de Saúde e coa garantía de manter os postos de traballo a todos os traballadores dos hospitais do Sergas de Vigo.

No que atinxe ao modelo de financiamento está claro que o gran reto ao que nos enfrontamos é conseguir dotar a Galicia de infraestruturas sanitarias nun momento de crise económica e de evidente redución de recursos públicos e no menor tempo posible. Non imos renunciar a ter infraestruturas e á tecnoloxía necesaria por non empregar fórmulas de financiamento que xa se utilizaron e se están a utilizar noutros países neste tipo de infraestruturas, e que se están utilizando tamén por outras comunidades autónomas e polo propio Estado de España. Priorizamos a consecución destas infraestruturas no menor tempo posible e temos estrutura de financiamento que permite contar no novo hospital de Vigo no ano 2013, co modelo concesional no aspecto non sanitario. Utilizarase este modelo para a construción desta infraestrutura coa fórmula de pago por dispoñibilidade. Esta fórmula permite comezar a pagar cando se dispón da infraestrutura e o seu custe refírese ao longo do prazo concesional de vinte anos, favorecendo a equidade interxeneracional dos contribuíntes.

Ademais, a administración regula e controla a dispoñibilidade e calidade da prestación dos servizos non sanitarios obxecto do contrato.

Este modelo consiste en que unha sociedade concesionaria adianta o investimento e constrúe a infraestrutura a cambio dun canon anual e da explotación dos servizos non sanitarios, que a día de hoxe na súa maioría están xa externalizados: a prestación sanitaria, a dotación inicial de equipamento médico e electromédico, o subministro, instalación e mantemento de aplicacións informáticas e a explotación quedan claramente no ámbito da xestión sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

En definitiva, tras valorar os modelos actualmente utilizados en España, apostamos por empregar o que garante que a prestación e xestión de todos os servizos sanitarios asistenciais sexa pública, de xestión directa do Servizo Galego de Saúde. Servizos 100% públicos, prestados por traballadores públicos e baixo os criterios e obxectivos da Consellería de Sanidade.

Quero ademais que quede claro que os postos de traballo dos traballadores dos centros hospitalarios de Vigo están garantidos.

O Goberno galego traballa no plan de infraestrutura sanitaria con estes obxectivos. Así estamos reforzando o papel

dos profesionais, desenvolvendo os sistemas de información, os plans de saúde, os programas de prevención, reducindo listas de espera e potenciando a xestión eficiente dos recursos económicos.

Neste plan de infraestruturas sanitarias Vigo ocupa un lugar central. O novo hospital de Vigo vaise facer e vaise facer canto antes, e no Goberno galego estamos plenamente comprometidos e involucrados neste obxectivo tan transcendente para a calidade de vida dos vigueses. De aí que o novo hospital esté deseñado para mellorar a situación actual de accesibilidade, de aparcamento, elimina as barreiras arquitectónicas, conta con máis flexibilidade estrutural, laboratorios de maior superficie ou permite a conciliación da vida laboral e familiar con servizos como a gardería.

Recordo ademais que estas fórmulas de financiamento que imos utilizar, recollidas na lexislación estatal española, xa se utilizaron e se están a utilizar en países como Suecia, Alemaña, Irlanda, comunidades autónomas como Baleares, Asturias, Cataluña ou Castela-A Mancha, e neste tipo de infraestruturas sanitarias como son o hospital Son Dureta en Palma de Mallorca, o novo hospital de Can Misses en Ibiza ou tamén en estruturas non sanitarias: autovía de Castela-A Mancha, aeroportos. A fórmula tradicional pode dilatar ata oito, nove ou quince anos a construción dun hospital. No caso do hospital de Lugo todo o proceso durará máis de dez anos.

Nós queremos axilizar a infraestrutura a unha media de tempo de tres ou catro anos, e a fórmula que o permite é precisamente a fórmula do modelo concesional nos aspectos non sanitarios; é utilizar ese, o modelo concesional, para a construción desta infraestrutura, como dicía, coa fórmula de pago por dispoñibilidade, cunha ventaxa importante: comézase a pagar cando se dispón de infraestrutura.

Ademais –repito– a administración regula e controla a dispoñibilidade e calidade da prestación dos servizos non sanitarios obxecto do contrato.

Ademais neste modelo –reitero– quedan excluídos do contrato a prestación sanitaria ou dotación médica, electro-médica, subministros, instalación de sistemas informáticos e a xestión da expropiación, que estamos no proceso de realización.

En concreto, o perímetro concesional abarca aos servizos non sanitarios e explotacións comerciais como: limpeza, seguridade e vixilancia, lavandería-lencería, restauración, mantemento xeral, transporte interno e externo, subministro e xestión enerxética, central de abastecemento e tratamento de auga, reprografía e imprenta, conservación de vías e xardíns, locais comerciais, aparcamento e gardería. Todos eles servizos non sanitarios.

Ademais, seguimos polo tanto a garantir o posto de traballo de todos os traballadores do centro hospitalario. O custe de infraestrutura se difere ao longo do período concesional de vinte anos e a través do modelo de retribución de pago por dispoñibilidade, que presenta as seguintes vantaxes: aforro para a administración, o custo está axustado ao orzamento e non hai modificacións nin ampliación. Transfírense de forma maioritaria os riscos de construción, dispoñibilidade, explotación de determinados servizos non clínicos complementarios á iniciativa externa a cambio dunha prima de risco. É máis eficiente dende a perspectiva económica e permite a non consolidación da débeda, garantindo a calidade e dispoñibilidade de conformidade cos criterios do Sistema europeo de cuentas nacionais e regionales de la Comunidad Económica Europea.

O total de estimación económica, segundo o estudo de viabilidade para a construción do novo hospital de Vigo, ascende a 305.131.014 euros, incluíndo o 18% do IVA.

Estamos cumprindo así a palabra dada e os prazos previstos, e así licitamos de forma conxunta proxecto e obra para non perder máis tempo do imprescindible.

O estudo estima o período de construción e edificación propiamente dito en dous anos e medio, coa terminación das obras no ano 2013 e cunha data estimada de posta en servizo a final do segundo semestre do 2013.

A nova área asistencial de Vigo responderá a un modelo que primará a eficacia da xestión e que dará resposta ás necesidades de saúde e demanda que existen na área sanitaria. E no horizonte do 2014 a situación será a de novo hospital como xeral e materno-infantil e como porta única de urxencias. Nel seguirá a colaborar como dicía o Hospital Meixoeiro, como referencia oncolóxica, quirúrxica e de coidados mínimos; o Nicolás Peña, de psiquiatría e coidados

paliativos; Povisa, como hospital xeral; mentras que a torre do Hospital Xeral do Rebullón e o Hospital Xeral Cíes destinaranse a aspectos complementarios.

Además, desenvolveremos os centros de saúde en atención primaria de San Paio de Navia e de Bouzas, e melloraremos os recursos públicos aproveitando os coñecementos no sector no desenvolvemento da construción e conservación de infraestruturas na relación co mercado financeiro.

A construción de infraestruturas será, ademais, un importante elemento dinamizador da economía e de desenvolvemento social, pois atraerá investimento e creará postos de traballo, ademais de reforzar o sistema sanitario con estes centros.

Se van crear máis de 2.400 postos de traballo directos ou indirectos no proceso de construción do hospital, nun momento de grave crise laboral en Galicia e, sobre todo, en España. Ademais, coa garantía de mantemento de todos os postos de traballo actuais nos servizos do Sergas, servizos 100% públicos, prestados por profesionais públicos.

E neste plan de viabilidade económico financeira quedan explicitados os límites dos proxectos de construción e explotación da concesión, e a información financeira necesaria para avaliar por parte das empresas interesadas en participar no proxecto.

Así, no estudo dos modelos de xestión actualmente utilizados en España apostamos por manter a prestación de todos os servizos asistenciais con xestión directa do Servicio Galego de Saúde. Servizos, repito, 100% públicos e prestados por traballadores públicos.

¿E cales son as actuacións que imos realizar unha vez finalice o período de exposición pública?

No que respecta a este sistema de contratación elixido para o financiamento, construción e posta en funcionamento do novo hospital, quero informarlle da decisión de actuación que haberá que adoptar a partir de que remate o período de exposición pública do estudo de viabilidade económico-financiera e do proxecto básico arquitectónico, que como xa lles dixen remata a finais desta semana.

Unha vez rematado este período de exposición pública valoraranse as alegacións que se reciban e publicaranse os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas na primeira quincena de marzo. A continuación ábrese un prazo de alegacións para os licitadores de arredor dun mes e a partires do mes de maio as empresas poderán presentar as súas ofertas. Previsiblemente a obra do novo hospital será unha realidade a finais do ano 2010, cumprindo así co compromiso que este Goberno adquiriu cos cidadáns galegos na área de Vigo.

Estou segura de que contamos co apoio do resto das institucións implicadas neste proxecto, como o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Bouza Santiago.

A señora BOUZA SANTIAGO: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, señorías, boas tardes.

Non vou responder a unha parte da súa intervención sobre o que teñen que facer outras administracións, nin ás inexactitudes que unha vez máis pon enriba da mesa sobre o pasado, sobre como atoparon as cousas, sobre o orzamento que había para expropiacións. Bueno, o tempo vai pasando, levan vostedes un ano gobernando e polo de agora só temos papeis. O tempo vai pasando e corre moi rápido. Polo de agora só temos papeis.

Tampouco vou responder ás mentiras sobre o acordo de 2006 de Povisa. En calqueira caso, puideron escoller outros acordos para respectar do Goberno anterior e non precisamente ese, porque tiñan acordos para respectar, acordos do Goberno, acordos entre o Goberno e outras administracións: consorcio, decreto do galego..., tiñan acordos a esgallo para respectar. Pois non, precisamente escollen para respectar o acordo de Povisa. Eu dígolle que non era ese o acordo de 2006, pero bueno.

Está vostede aquí a petición propia despois de ter presentado aos medios o 28 de xaneiro este mesmo proxecto, eu creo que case coas mesmas palabras, de terse entrevistado con numerosos axentes sociais. Agradecemosllo, somos os últimos da cola, pero bueno, aínda así agradecemoslle a deferencia de vir aquí a contarnos o seu proxecto.

O que si coñecemos son os documentos que están en trámite de exposición pública, algún deles o leu vostede aquí, o que fan; dan algúns datos e fan moitas valoracións, igual que fai vostede, moitas valoracións.

Fanse nos dous documentos previsións e valoracións dun sistema como se fose novo. Polo menos non teñen en consideración efectos nocivos que estamos xa a ver en países e en comunidades autónomas que xa iniciaron nalgúns casos hai máis de dez anos este sistema de financiamento privado da sanidade.

Aínda que falamos dun sistema de financiamento de construción dunha infraestrutura, falamos tamén, e vostede tamén o dixo aquí, dun modelo de xestión de servizos. Neses documentos parece..., critican o sistema actual de concesións e trátano de cortoplacista porque cada pouco hai que licitar e eso dende logo é un engorro. E tamén de falta de integración, xa que é difícil crear sinerxias cando os servizos os xestionan diferentes empresas.

E para solucionar estes dous defectos do sistema actual, cortoplacismo e falta de integración, propoñen un sistema de concesión, de xestión de numerosos servizos, doce, desde restauración a pacientes, ata a conservación de vías e xardíns; nomeounos vostede aquí todos, en numerosos centros, porque estamos falando dunha concesión que non só afecta ao novo hospital de Vigo, afecta tamén ao Meixoeiro, afecta tamén ao Xeral e afecta tamén ao Nicolás Peña, nunha táboa que aparece neses documentos. Por numerosos anos, unha concesión a vinte anos a unha soa empresa. Unha concesión a vinte anos de doce servizos a unha soa empresa.

Este argumento, se vostedes non tuveran ese sectarismo mental, os levaría a promover a xestión pública deses servizos a longo prazo, para toda a vida, a unha soa empresa: ao Sergas. Si, utilizando ese mesmo argumento que vostedes utilizan para desbotar o sistema actual. Déalle unha volta, señora conselleira.

Pero ademais o que non contan é que este contrato por vinte anos supónlle á administración galega renunciar á posibilidade de mellorar as condicións en que se presta un servizo a través dunha nova licitación no mercado, a mellor prezo. Durante vinte anos a administración vai renunciar a acudir ao mercado a mercar, vostedes que están a favor das leis do mercado, a mercar un servizo a mellor prezo. Estamos atados de mans durante vinte anos cunha concesionaria, aínda que no mercado se poda, polo que sexa, pola evolución tecnolóxica, polo que sexa, mellorar a prestación do servizo e facelo de xeito máis barato. Vinte anos nun sector que evoluciona tecnoloxicamente e que permite continuamente mellorar a prestación de servizos. Temos exemplos desto; a experiencia inglesa de case vinte anos mostra como hai que negociar. Tirar unha parede para aumentar unha consulta, como iso pode supoñer ampliación do canon. Hai exemplos diso, do que significa estar atados de mans durante vinte anos.

Falan dun canon en función do mantemento da calidade de servizo, pero non contan que xa temos un exemplo do que está a pasar en Madrid. En Madrid levan tres anos con este modelo. Nove meses despois de inaugurado o Servizo de Urgencias do Hospital Puerta de Hierro non tiñan material para atender os doentes, segundo denunciaba o persoal facultativo. No Infanta Leonor deixaban de dar citas para facer radiografías porque saía moi caro e se saía do acordado no canon. No Hospital do [...] un grupo de xinecólogos deixaron o hospital pola escandalosa falta de medios para exercer o seu labor.

Xa sabemos como funciona este sistema de concesión a vinte anos. Sabemos ademais que produce derivación de pacientes caros, de pacientes non rentábeis, a hospitais públicos; dos crónicos, dos anciáns, das patoloxías que precisan probas costosas. Sabemos ademais que neste momento os servizos sanitarios en máis proceso de deterioro, que empeoran ano a ano, son os de Madrid e Valencia, xustamente as comunidades que foron pioneiras no Estado neste experimento do PCI.

Trátase dun modelo mixto de posta a disposición da infraestrutura para o servizo sanitario, pero tamén se trata dun modelo de concesión directa –de concesión directa, non o ocultan– de todo o resto dos servizos para todos os centros hospitalarios de Vigo, non só para o novo hospital, ser-

vizos que agora está a prestar a Administración a través de personal fixo, interino, eventual. ¿Que vai pasar con esa xente? Servizos que se están ás veces a prestar a través de contratas. ¿Que vai pasar co personal que atende esas contratas? ¿Que quere dicir vostede con que os postos de traballo están garantidos? ¿Se refire só aos postos dos facultativos do Sergas ou se refire a todo o personal fixo do Sergas destes servizos non sanitarios ou interino ou eventual ou persoal das contratas? ¿En que situación queda o personal das listas de contratación? ¿Que futuro espera nas seguintes OPE para as categorías que se ven directamente afectadas?

Ten vostede pendientes de contestarlle todas estas preguntas aos sindicatos. Cando fixeron a presentación aos sindicatos do proxecto non llelas contestou, esperemos que as conteste hoxe.

Tamén o réxime tarifario é mixto, en contra do que di o documento. Existe no canon, efectivamente, unha parte de pago por disponibilidad, pero haberá peaxe, porque os usuarios van ter que pagar directamente á empresa unha serie de servizos. A gardería, ¿non a van pagar os usuarios? O comedor externo, ¿non o van pagar os usuarios? O parking ¿non o van pagar os usuarios? E haberá peaxe na sombra, polo menos para unha parte importante dos servizos concesionados por vinte anos. A restauración a pacientes, o transporte sanitario, a lavandería, son peaxe na sombra, porque se paga en función dos usuarios, se paga en función do volumen de traballo, e eso é o peaxe na sombra. Non oculte os datos, non engañe a xente.

Falan no documento dun pago final por disponibilidad de 792 millóns de euros para unha estimación económica total de construción, incluídos os gastos financeiros e o IVE, de 305 millóns de euros, e a conselleira calculou ademais ante os medios, aínda que non aparece no documento, que o canon total será aproximadamente de 15 millóns de euros por ano durante vinte anos; eso quere dicir 3.000 millóns de euros. Se restamos, vemos que desos 3.000 millóns de euros, 2.200 millóns de euros non son de pago por disponibilidad, son de pago por servizos que están concesionados por unha concesión única.

Tamén sabemos como foi o tema de Inglaterra. Nesta estimación económica total incorporáronse os intereses do préstamo, os intereses que estaban no momento da conce-

sión do préstamo. O tipo de interese nese momento da concesión é moi alto, ¿por que? Porque o risco está no período de construción, e ese tipo de interese no momento da concesión é o que se utiliza para calcular o canon. Pero ¿que pasa cando acaba a construción? A empresa construtora renegocia os tipos e eso non afecta ao canon. Todos os millóns de euros que aforra a empresa construtora desa renegociación do tipo é un beneficio neto para a empresa construtora. Ao mellor se refería vostede a eso cando falaba de aproveitar o coñecemento mutuo entre o sector da construción e os mercados financeiros, pero resulta que ese diñeiro que vai a gañar a maiores a empresa construtora o vamos a pagar cos impostos nosos; non o van a pagar os ricos, o vamos a pagar cos impostos de todos a través do canon que pague o Sergas.

Por último, dúas cuestións sobre as obrigas da sociedade e do que queda excluído deste capítulo. Di o proxecto que a sociedade comprométese á reversión da obra pública en adecuado estado de funcionamento. Me gustaría que nos explicara, ¿vai revertir a cafetería ou queda a construtora con ela? ¿Vai revertir a zona comercial —que xa nos gustaría saber en que consisten os centros comerciais nos hospitais— ou queda a empresa con ela? ¿Vai revertir a gardería? ¿Van revertir todos estes espazos que están comprados, están construídos, enriba de terreos expropiados con cartos públicos? Porque di vostede: Quedan excluídas do proxecto as expropiacións. ¿Pero tamén as expropiacións para os terreos dos centros comerciais cos que a construtora se vai a quedar finalmente?

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Bouza.

A señora BOUZA SANTIAGO: Si, remato, señor presidente.

¿Podería darse o caso de que expropiemos con cartos públicos terreos para zonas comerciais que non van revertir en ningún caso no erario público? ¿Que pasa, que só van poder conciliar os que poidan pagar, xa que vostede sacou este tema aquí?

Nos gustaría, señora conselleira, que respostara a todas estas preguntas e que deixara de haber máis dúbidas aínda que certezas sobre o seu proxecto para o novo hospital de Vigo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Bouza.

Polo Grupo dos Socialistas ten a palabra o señor Pose Mesura.

O señor POSE MESURA: Gracias, señor presidente.

Señorías, estamos nunha situación que sinceramente, conselleiro, eu pensei —dígollo de corazón— que non se iba producir nunca aquí en Galicia. Pensei que estes novos modelos de xestión eran cousa de Esperanza Aguirre e do señor Camps fundamentalmente, pero xa vexo que o señor Feijóo é exactamente igual, forma avanzadilla con Esperanza Aguirre e con Camps neste dos temas sanitarios.

Trabuqueime, e cando un se traba haí que recoñecelo, porque incluso discutín cun compañeiro: non, non se atreven. Porque están ustedes tomando unhas decisións que nos van a condicionar o futuro a todos os galegos.

Por certo, xa que van de coherencia, eu non recordo ningún debate electoral. Efectivamente, todos levamos no programa electoral facer un novo hospital en Vigo, pero, desde logo, non dixeron que iban facer un hospital con esta financiación. Eu non recordo para nada ese debate nin creo que estea no seu programa electoral, a pesar de que eu non son experto no seu programa electoral, pero vostede habitualmente parece que si.

Eu fago sempre un esforzo por ser moderado, señora conselleira, de verdade, pero é que vén usted e ponmo moi difícil, porque entra xa ¡plas!, ¡plas!, ¡o alcalde de Vigo, o alcalde de Pontevedra...! É que pedirlle ao alcalde de Vigo e ao de Pontevedra, que hai un Goberno lexítimo que ten plantexada unha orientación, que incluso ten un convenio firmado e que ten uns orzamentos previstos para o desenvolvemento dese convenio, e vostede vai, cámbialle a xogada, e por encima pídelles que lle aplaudan. ¡É que...! Agora, iso si, ponse usted moi digna cando hai que... No, aquí estamos para cumprir o convenio que o Goberno anterior fixo con Povisa. Xa llo dixo a portavoz do BNG, ¡que lástima que non cumpla outros convenios! ¡Que lástima! Por certo, ese convenio non lle di que ten que ter poboación asignada ao hos-

pital de Povisa, dille que será un hospital de calidad, de servizos xerais, non sei que, non sei canto, pero non que teña poboación asignada, porque entón vamos a estar nas mesmas de sempre. ¿Que di usted, que vai ter a porta única? ¿Para que, se vai haber outro hospital que ten unha poboación asignada e non vai decidir o Sergas como distribúe os pacientes?

Desde o Grupo Socialista defendemos a medicina privada, ¡por que non!, pero, iso si, complementaria, non que condicione o desenvolvemento e a planificación sanitaria dos poderes públicos; complementaria.

Mire, eu voulle facer unha argumentación. Vostede vén aquí como algo novedoso. Isto é unha cousa moi vella. Dixo a portavoz do BNG dez anos. Non, xa fai trinta anos que se inventou esta historia, xa fai trinta anos. Margaret Thatcher xa non é unha chavaliña, ¿verdade que non? Pois isto xa foi inventado daquela. E debéra de ler as publicacións que hai e os documentos que hai e as críticas que se fan a todo este procedemento, e verán como se trabucan.

Primeiro, isto non é rentable, isto non é austeridade, isto, desde o punto de vista económico, que obviamente non é a miña especialidade, pero ler sei tamén, non hai ninguén que o defenda como rentable. Bueno, eu, os papeños que me pasaron. Mire, coste de construción de edificio, hospital de Vigo, 300 millóns de euros; hospital de Pontevedra, 99. Financiación pública a través doutro sistema, 457,6 podíamos poñer, e no de Pontevedra, 141. Con esta financiación privada, coste de construción –o hospital ten menos camas e servizos–, 258; financiación privada, 418. Ao final dos vinte anos, vains custar 1.216,3 millóns de euros. O de Montecarrasco, 300 de coste e 479 de financiación privada, e vains costar ao final do proceso 1.279 millóns de euros. Cálculos nosos aproximados, non somos expertos. Cos seus números, cos números que vostede dá. Vostede, a empresa, porque ata cando presentaron o plan de viabilidade non lle quitaron o logotipo da empresa que llo fixo. Cálculos que dan: 758,7 millóns de euros para o hospital de Vigo e 1.137, un sobre-coste de 1.470 millóns de euros; case dous hospitais no caso de Vigo e case oito hospitais no caso de Pontevedra. Agora, eso si, como a ustedes lle entregan as chaves e non pagan nada ata que lle entreguen as chaves, parécelle que eso é unha boa operación.

Desde o punto de vista económico, señora conselleira, mal negocio para os galegos. Seguramente isto ha de ser un bo negocio para alguén, porque ustedes son superliberales. ¡Ah, que liberales somos! ¡Que bien, a iniciativa privada! Pero como lle decían alí, xa desde as bancadas, o que trinca os vinte anos, pois, en fin, alguén fará un bo negocio.

Van a escoller a forma de facer un hospital máis cara para os galegos. Sucumbiron á fórmula máxica, que non é nada nova, que é dunha incentivación perversa: “compre hoy y pague mañana”. Compre hoy y pague mañana aunque tenga que pagar cuatro o cinco veces máis. Pois eso é o que van facer co hospital de Vigo e tamén co de Pontevedra. Co de Pontevedra coa gamberrada –e perdóneme a expresión– de antes haber estado ustedes coa iniciativa de ampliar Montecelo e gastando recursos alí.

Ben, estas son as novas formas de xestión. ¡Caramba!, nosotros somos muy antiguos, estamos obsoletos. No compartimos esto, entón somos muy antiguos.

Eu voume centrar, desde o punto de vista sanitario, para unha reflexión do que pode ser o futuro hospital, estes futuros hospitais. E, por certo, anunciou que vai facer varios centros de saúde así tamén. A ver se hai corpo que o aguanten e Sergas que o resista. Pero isto significa abandonar a planificación sanitaria desde o punto de vista centralizado. Baixo o meu punto de vista é facer un hospital, volver o hospital ao centrismo e olvidar a relación do hospital coa primaria e a relación do hospital coa sociedade. E logo lle explicarei por que.

Isto, e está demostrado en todos os sitios, significa opacidade, falta de información, porque as empresas os secretos téñennos que gardar, porque non vaia ser que haxa espionaxe empresarial.

Isto significa monopolio, monopolio que vai exercer unha concesionaria. Non é igual que un servizo público teña repartidas concesións de limpeza, de seguridade, etc., que que todo eso esté concentrado, e ademais de varios hospitais, nun solo concesionario.

Como vostede sabe por outros hospitais, hai uns costes transaccionais elevadísimos que disparan o coste. Como vostede sabe tamén, isto significa que no futuro vamos a ter

un mercado cautivo porque o concesionario faise imprescindible para todas as tarefas. Póñolle un exemplo. Ten usted que cambiar o tubo do aparato de raios X e hai que facer unha obra, porque nos hospitales é unha evidencia que sempre se están facendo obras porque hai que readaptar, e entón os pacientes agora con este aparato entran por outro sitio e hai que facer unha remodelación. Aí xa o ten trincado a concesionaria, porque eso como no está en las concesiones, aí ya ponemos... En definitiva, unha xestión complexa, con dous xerentes. Un xerente domina todo o escenario e o outro xerente pois será un xerente dos médicos, das enfermeras e como moito dos [...].

Por certo, tempo ao tempo, que mañán estamos aquí debatindo que o Servicio de oncoloxía se vai privatizar ou o Servicio de radioterapia se vai... Non me faga así, porque o señor Camps o ten privatizado. O señor Camps ten nun hospital, na zona de Dena, por certo, un hospital de Torremolinos, que llo concedeu a un amigo, iso si, do señor Zaplana, aí non saliu a cousa... entendéronme. A oncoloxía... Por certo, tamén lle digo, o señor Camps, xa que falamos diso, a comunidade autónoma que máis resonancias magnéticas factura é a Comunidade Autónoma de Valencia. Curiosamente, sólo é propiedade da comunidade autónoma un aparato de resonancia magnética, pero facturar é a comunidade autónoma que máis factura, e máis caro. A Comunidade Autónoma de Valencia ten un 11% de deuda pública, polo tanto non me pode...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Pose.

O señor POSE MESURA:... non me pode vender este sistema como bo funcionamento.

En definitiva –e remato, señor presidente–, ustedes ademais non cren nesto. Ustedes fan esta medida para dicir fixemos un hospital, e os que veñan detrás... Isto é coma cando crearon as fundacións. Crearon as fundacións, fixeron as súas cacicadillas, e despois importoulle un comino cerralas, que funcionaran mal e que se integraran no Sergas; por certo, tendo que repoñer 22 millóns de euros como houbo que repoñer.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Pose.

Polo Grupo Popular ten a palabra o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Gracias, señor presidente.

Señorías.

Oíron vostedes aquí, Servicio de oncoloxía privatizado, dous xerentes, mercado cautivo, rendabilidade do hospital, como se o hospital solo se rendabilizara en euros...

Señor Pose, ten usted unha combinación de boca e pata que onde mete a boca mete a pata, pero bueno.

Señora conselleira, gracias, gracias pola clarividencia da súa comparecencia e demostrarnos nesta Cámara, expresión da vontade política de todos os galegos e as galegas, da que forman parte tamén os cidadáns de Vigo (*Aplausos.*), que a Consellería de Sanidade que vostede dirixe dispón por fin dun proxecto non virtual senón real dun novo hospital para Vigo e para a súa zona de influencia.

Para quen desexe crer, señora conselleira, expuxo vostede aquí mil razóns fundamentadas, pero para quen non quere crer endexamaís haberá razón algunha. Polo tanto, non perdamos o tempo en convencer os que non se van a convencer nunca. Iso si, expliquemos, demos a coñecer, consensuemos con todos os actores sanitarios e axentes sociais todo o relativo ao novo hospital de Vigo, pero esto non llo pido, porque, señora conselleira, xa sei que está superado e vostede ben o dixo aquí.

Señora conselleira, como no pensamento de Platón, tamén se fai necesario aquí unha síntese da ética e da política que deben rexir as accións encamiñadas, e que non se demoren máis as infraestruturas sanitarias de Galicia e de Vigo. Xa sufriron, por desgraza, unha longa noite de pedra de toda unha lexislatura, da lexislatura do bipartito. Que non se lle dé máis prazos aos cidadáns de Vigo e da súa área de influencia. Que non se minta máis a Vigo como se fixo na lexislatura pasada. A verdade se corrompe, señor Pose, coa mentira e co silencio, e vostedes gardaron silencio, un silencio elocuente, mentras o Goberno que vostedes secundaron e apoiaron entreteña con ofertas variopintas os cidadáns de Vigo.

Vostedes foron uns cómplices silenciosos da ocultación que lles facía o bipartito á cidadanía de Vigo. Gardaron silencio a sabendas que o extinto bipartito maltratara a Vigo en materia sanitaria, e agora, agora minten, embarran o campo e intentan –sin logralo, claro está– confundir os cidadáns de Vigo, e recorren a todas as fórmulas confusas habidas e por haber porque se decatan de que hai por fin un goberno e unha consellería que lle vai a construír o novo hospital a Vigo. Polo tanto, pídolles, rógolles, que non corrompan a verdade. Se non desexan axudar, alomenos que non vaian pondo atrancos polo camiño.

O reto ao que se enfronta este Goberno, o Goberno galego, por medio da Consellería de Sanidade que dirixe a señora Farjas, é conseguir dotar a Vigo –como moi ben dixo aquí– dunha infraestrutura sanitaria nun momento de crise económica e de evidente redución dos recursos públicos.

O momento é máis difícil que nunca, pero aínda así búscanse dous obxectivos moi claros: mellorar a capacidade de asistencia sanitaria especializada en Vigo con novas infraestruturas e que a construción do novo hospital sirva de dinamizador da economía e do emprego; cun reto claro, facelo no menor tempo posible e garantindo, eso si –o podo dicir máis claro e máis alto, aínda que non saiba a forma de como–, prestando uns servizos sanitarios cen por cento públicos, con fórmulas de pago que aquí se dixo, fórmulas de pago aprazado, por dispoñibilidade mediante concesión, que xa existen en diversos países do mundo e en comunidades autónomas.

Hoxe, señores, hoxe, los feudos del Partido Socialista abusan de la gestión privada en hospitales. El texto resalta el caso de Cataluña y sus contratos con entidades públicas o privadas. Centros andaluces figuran como empresas públicas de derecho privado. El reconocimiento de que la gestión privada de sanidad pública se expande por los territorios. Señor presidente, eu, si fai falta, lle cedo...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Proceda, señor Fernández. Siga, siga.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:... que non interrompan, que non interrompan.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Señor Cerviño, escoite atentamente o señor Fernández, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Escoite. El reconocimiento de que la gestión privada de la sanidad pública se expande por los territorios socialistas se produce entre las páginas 50 y 53 del *Informe anual del sistema nacional de salud 2008* que el Ministerio acaba de concluir. Vaia buscalo. Que llo busquen e léao, señor Cerviño.

En definitiva, a construción dun novo hospital de Vigo, dotado de tecnoloxía e recursos adecuados, tamén dinamizará o contorno económico e social, pois atraerá investimento e creará postos de traballo; un dobre reto.

Señorías da bancada da oposición, hai que dispor dunha redomada facies política –por non dicir cara política, que tamén– para non sonroxarse e vir aquí con semellantes mensaxes sobre o hospital de Vigo contando cos antecedentes que se encontran nas hemerotecas.

Eu comprendo que o señor Pose se enerva cada vez que lle quito as follas do notario da actualidade, dos periódicos, pero é que, señor Pose, non teñen autoridade moral nin ética, e foron e son carentes de toda responsabilidade cando en declaracións aos periódicos, á prensa, declaracións súas, non crónicas do periódico, din que un acordo entre Xunta y concello permite iniciar el nuevo hospital el próximo año (7 de marzo do 2006). Las obras del complejo de Beade empezarán en el 2007 y estarán listas en 28 meses. Señor López-Chaves, vostede que está en Vigo sempre a pé de obra, ¿sabe se empezaron as obras do hospital de Vigo no 2007? Mentíron. ¡Mentirosos!

Sanidade garantiza que en el 2007 estará el proyecto arquitectónico del nuevo hospital (3 de noviembre de 2006). Las expropiaciones del suelo para el nuevo hospital se iniciarán en un año (17 de marzo de 2007). La mayor inversión es una partida mínima para el nuevo hospital vigués. La Consellería de Sanidade anunció que su proyecto más ambicioso estará en obras en el 2008, pero los presupuestos lo hacen difícil. Apenas hai 7 millones de euros consignados al hospital con los que habrá que pagar las expropiaciones, el proyecto definitivo y los primeros trabajos. Pese a todo, pese a todo, esos 7 millones son la inversión más cuantiosa que detallan los presupuestos para Vigo. ¡Pobre Vigo!

El cuarto hospital vigués tendrá hotel y guardería (24 de junio de 2008). El nuevo hospital tendrá hotel y guardería; el

presupuesto alcanza ya los 447 millones. Pero ¡alto!, ¡alto! Sanidad omite el modo de financiación y asegura que estará inaugurado en el 2012. La consellería mantiene la apertura del hospital para el 2012, pese a que ayer no especificó como financiará los 447 millones. ¿Que terían que ocultar o martes 24 de xuño do 2008?

Touriño: Será el mayor de los centros sanitarios proyectados en Europa. E dice Caballero: Una demanda histórica que cobra cuerpo. ¿Que corpo lle quedaría ao señor Caballero, alcalde de Vigo, cando se marchou o bipartito e non deixou nin expropiados os terreos? Pero bueno. *(Aplausos.)*

Señorías, ustedes, como do hospital de Pontevedra, aproveitaban os santos inocentes para mentirlle aos vigueses. Domingo, 28 de diciembre de 2008. Touriño anuncia que las obras del hospital de Vigo se licitarán el próximo enero. Hasta aproveitaban os santos inocentes. Pero non sei.

Señor Pose, despois do que aquí escoitou, mire, nestos días pasados se refería vostede á figura do delito político. Dixo aquí, se houbera esa figura, a figura de delito político... Aplíqueo, aplíqueo, e despois desto, aplíqueo. Eu, de vostedes, tería un serio problema de conciencia. Seguramente vostedes, ao contrario de min, se dedican a confundir o personal con aquilo de que “minte, que algo queda”.

Señora conselleira, despois dos antecedentes que obran e acabamos de expor, continúe vostede co proxecto real dun novo hospital para Vigo. Dispón do apoio do Grupo Parlamentario Popular e do Goberno galego, só así Vigo disporá, ao fin, da infraestrutura sanitaria que tanto necesita para que os seus cidadáns e os da súa área de influencia reciban o ben máis preciado, o dereito á saúde, en condicións de equidade; dereito que lles foi quebrado durante a lexislatura anterior con métodos de engano, e a locomotora industrial de Galicia realmente non merece iso.

Señorías, a política é unha mestura ocasional de postergacións, administración e táctica. Vostedes, señores, hoxe da oposición, postergaron o hospital de Vigo discriminando os vigueses. Non administraron, nin moito menos xestionaron, a sanidade galega, a penúltima según o barómetro sanitario; todo un mérito feito demérito. ¿E a táctica? Emplearon a táctica da lura, que é o mesmo que dicir que vai deixando as defecacións mentras se sigue arrastrando.

Vostedes sigan por este camiño, que non van a ter consigo os cidadáns de Vigo.

Nós, o actual Goberno, antes do primeiro ano de Goberno e inmersos na crise económica na que nos atoparon, estamos en pleno esforzo. Un novo hospital para Vigo, un hospital para Pontevedra e a finalización do de Lugo. Vostedes, en materia sanitaria, cero, cero e cero.

Non se arrastren máis nin intenten levar con vostedes a quen poidan enganar. Pensen, pensen por unha vez que a verdadeira sabiduría está en recoñecer a propia ignorancia e en saber rectificar; rectifíqueno, mellor antes que despois.

Adiante, conselleira. Hegel dicía ou solía dicir que el buho de Minerva sale a volar al atardecer, aludiendo a la capacidad del hombre a sobreponerse a la crisis y al oscurantismo con nuevas y brillantes ideas.

Seguro, seguro, que vostede está coincidindo nos obxectivos que persigue para Vigo, señora conselleira, siga por este camiño.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Fernández Fernández.

Réplica da conselleira de Sanidade.

Ten a palabra a señora Farjas Abadía.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Farjas Abadía): Moitas grazas, señor presidente.

Vou clarexar e intentar responder algunhas das cuestións —que por non certas merecen clarificación— que se vertiron nesta tarde.

Primeiro, estamos a manter o acordo de Povisa do que podemos ao finalizar esta sesión entregarlles copia. Seguro que vostedes a teñen. Pero ademais engadimos un valor importante, a de liberdade de elección do centro hospitalario dos vigueses. Ese si é un elemento adicional que incorporamos no proxecto de plan funcional para a área de Vigo. Máis aínda, de verdade que nos gustaría manter o conxunto dos

acordos sindicais que foi necesario conxelar –non solamente conxelar en Galicia, senón na maioría das comunidades autónomas– e que establecían incrementos salariais para os traballadores sanitarios. Seguro que os traballadores sanitarios, que están facendo un importante esforzo de solidariedade, o entenden, e moito máis están a entendelo os galegos que están no paro. E, dende logo, no paro como resultado de la política do paro e da recesión do Gobierno do señor Zapatero. (*Aplausos.*)

Ademais –tamén importante–, o escenario que está en exposición pública, unha política de transparencia e de comunicación. Decía absolutamente coa información –e teñen vostedes claramente e puntualmente información–, remitimos nalgúns casos directamente ao seu correo electrónico a información dos traballos que están a facer, e despois desta sesión vou deixarlles os distintos documentos técnicos por se vostedes non os teñen. Decía, son vinte anos para a concesión, ao final dos cais directamente revirte ao conxunto das infraestruturas e ao conxunto dos servicios. Pero, máis aínda, quero recordar neste momento o tempo de concesión dalgúns servicios públicos. Por exemplo, o transporte urbano da cidade da Coruña, se non me equivoco, é de cincuenta anos. Porque mencionou o transporte. E non quero recordar o tempo das concesións da limpeza urbana, de cincuenta e setenta anos, por contextualizar claramente o valor deste dato.

Ademais, as melloras nas infraestruturas que sexa necesario realizar durante a vixencia dunha concesión, claramente quedan recollidas nos propios pregos, de maneira que garanten, mediante a supervisión permanente dos servicios técnicos da Consellería de Sanidade e do Servicio Galego de Saúde, a adecuación e a incorporación das innovacións que se poidan producir. Pero, máis aínda, non confundan, porque o que está a recoller dentro do ámbito da concesión claramente son servicios non sanitarios; e de feito aquelas inversións, aquelas dotacións, que son de equipamiento médico, tecnomédico, quedan fóra claramente da concesión precisamente no estudio que fixemos para garantir a posibilidade de innovación que ten a medicina e a posibilidade de innovación nos novos equipos diagnósticos ou terapéuticos.

Además, volvemos a insistir que se trata dun proxecto cos datos económicos que están neste momento en exposición pública, que claramente definen o período concesional,

vinte anos; o prazo de construción, 2,5 anos; un período de explotación de 17,5 anos; un nivel de apalancamento do 25%; e os datos de rendabilidade do proxecto, 8,7. Datos económicos que están en exposición pública de forma absolutamente transparente e para que poidan facer as alegacións que consideren. En ningún momento dentro deste plan de viabilidade están recollidos aspectos de canons que corresponden ás propostas que no momento de licitación terán que facer as empresas. E, polo tanto, están hablando vostedes de cifras que deberán de responder quen as dixo, porque, dende logo, non están no Plan de viabilidade económico-financeiro.

Más datos importantes. Todos os traballadores sanitarios teñen garantida a súa permanencia nos postos de traballo, e así debemos de insistir que estamos a traballar en colaboración coas organizacións sindicais. De feito se ten traballado dende o primeiro momento coas organizacións sindicais para garantir a transparencia informativa e trasladar aos traballadores a garantía na permanencia dentro do Servicio Galego de Saúde e os seus postos de traballo. Se ten informado ás xuntas de persoal do CHUVI e do Meixoeiro para que a terxiversación e manipulación de información evite crear inqedanzas inútiles e gratuítas que só responden a intereses partidistas.

As tarefas complementarias da xestión dos almacéns internos de roupa, dos servizo de comidas en planta, así como as tarefas de similares categorías, garantiza a permanencia dentro dos hospitais do Sergas aos traballadores da cociña ou da lavandería que dentro de catro anos poidan aínda estar vinculados á actividade de traballo da preparación das comidas ou da lavandería. Un compromiso claro coa exclusión dentro do contrato de todas as actividades vinculadas á prestación asistencial, prestación sanitaria, dotación inicial de equipamento médico, electromédico, suministro, instalación, mantemento de instalación informática e expropiación. Todos os servicios sanitarios serán prestados polos traballadores públicos do Sergas.

También falaron do número de camas, e como están a mentir claramente cando falan do tamaño do hospital, soamente tamén quero analizar cal é o número de camas que tiñan previsto nalgún dos catro estudos funcionais no que invertiron máis de 4 millóns de euros. Por exemplo, xuño 2006, 1.414 camas. Plan integral da área de Vigo, marzo do

2009, Intersalus –empresa que organiza–, 1.076 camas. Eses foron estudos que vostedes fixeron. Nós no plan funcional temos definido claramente en 1.465 camas o número de camas do novo hospital de Vigo. Algún dato tamén importante. O hospital contará cun único xerente, que será o responsable de garantir o conxunto da atención sanitaria.

Máis datos aínda. Quero volver a ratificar que a dotación das novas infraestruturas hospitalarias nas áreas sanitarias de Vigo, tamén de Pontevedra, son claramente unha necesidade imperiosa. O retraso no inicio dos proxectos nos catro anos da anterior lexislatura representa... Decía que a perda de catro anos da anterior lexislatura representa unha perda de oportunidade que nos sitúa no peor momento económico da historia da Autonomía, coa necesidade de abordar a construción destes hospitais. E a pregunta á que vostedes teñen que dar resposta é se queren ou non o hospital de Vigo. Esa é a verdadeira pregunta que os vigueses lles fan a vostedes: ¿queren que se faga o novo hospital de Vigo?

Dende o primeiro momento temos ofrecido e buscado o acordo, o consenso e o diálogo; témoslles remitido a vostedes toda a documentación explicativa dos proxectos; temos presentada cada unha das decisións á opinión pública, aos alcaldes, aos deputados, ás asociacións, a organizacións sindicais, aos colexios profesionais. Nós seguimos traballando co compromiso de informar nesta Cámara puntualmente das decisións do Goberno da Xunta, de cada unha das decisións que estamos a tomar para facer realidade a demanda dun novo hospital de Vigo. E seguimos cumprindo o compromiso de transparencia e lealdade institucional. E agora, ademais, reitero o noso ofrecemento de acordo ao consenso e ao diálogo, con responsabilidade, para abandonar as prácticas oportunistas que queren facer da sanidade un terreo de batalla, dando información falsa e creando alarmas baseadas exclusivamente en intereses partidistas. Porque sempre nos encontrarán no camiño da defensa da sanidade de calidade, cen por cento pública, prestada por profesionais do Servizo Galego de Saúde en centros públicos e con xestores públicos, que traballen para os pacientes e que volvan a poñer a sanidade galega na vangarda de España e de Europa.

E quero recordarlles que temos convocada –como decía– para o día 3 de marzo a reunión da Comisión técnica de seguimento da construción do novo hospital de Vigo, porque sabemos que é un proxecto que debe unir vontades de todas

as institucións, tamén dos concellos, que están implicadas neste proxecto. Porque este é un proxecto que require da iniciativa de todas as institucións, no que o Goberno municipal de Vigo non pode ser o gran ausente.

Algún aspecto adicional acerca do sistema de financiamento. Quero ademais volver a insistir que é claramente demagogia o que fan vostedes, enganando a opinión pública acerca da solución de financiamento que o Goberno está a estudar. Porque todas as comunidades autónomas están abordando para afrontar os grandes investimentos en infraestruturas sanitarias e ocultan que son estes modelos os que están enriba da mesa.

Porque son vostedes os que teñen que explicar á opinión pública que hai de malo en que as cafeterías, as lavanderías, o mantemento eléctrico ou a seguridade sexa prestada por empresas privadas que se dedican a elo con profesionalidade; mentras os traballadores dos nosos hospitais se dedican a atender os doentes. Son vostedes os que deben de explicar qué fan de malo as empresas legais, profesionais, que crean traballo estable e con garantías laborais e que prestan o seu servizo lavando roupa ou mantendo os aparcadoiros dos hospitais. E son vostedes os que deben clarexar por qué é mellor que os servizos sanitarios e os seus equipos de xestión teñan que dedicar o seu tempo a estudar como se xestiona unha cafetería en vez de dedicalo a comprobar que os doentes están ben atendidos, están satisfeitos coa atención, tamén de hostalería, e sobre todo coa mellora de calidade da asistencia sanitaria.

E os galegos deben de saber que están a mentir, enganar e facer demagogia porque non queren que Vigo e Pontevedra teñan os hospitais que necesitan e porque non queren que o actual Goberno faga o que vostedes venderon aos catro ventos e non foron capaces nin sequera de iniciar. E falar de privatización é xerar un discurso superado exclusivamente con intereses políticos, que o único que pretende é entorpecer a construción dun hospital que necesita Vigo e a súa comarca.

Ademais é clara a vantaxe que supón o sistema de concentración de determinados aspectos de xestión na centralización das compras ou na centralización das concesións. E, se non, me tendrán que explicar por qué un dos seus proxectos estrela na última lexislatura foi o proxecto Integra, coa inte-

gración da central de compras e a centralización dos concursos. Vostede me tendrá que explicar por qué naquel momento era eficiente e neste momento parece non selo. Vostede tendrá que explicar por qué claramente o seu discurso adolece da falta de criterio e seriedade que debería primar nos valedores dos servicios públicos. Porque, señoría, o que importa é que os nosos hospitais sean públicos e presten un bo servicio sanitario, independentemente de quen os constrúa.

Máis aínda, entre vostedes tampouco teñen clara a posición, posto que a propia ministra de Sanidade e Política Social dun goberno do PSOE –creo que nesto non existe dúbida–, dice claramente: “La cuestión no es si la gestión se realiza a través de una empresa privada o una institución pública, sino si se mantiene el fin público del servicio, ahí está la clave”. Díxoo un membro do Goberno do Partido Socialista no Estado.

A Xunta fará o hospital de Vigo, e farao en catro anos porque é posible facelo. Non podemos esperar nin dez nin quince anos para construír un hospital, porque a cidadanía de Vigo non o merece. Os cidadáns de Vigo contarán cun hospital de primeira, de referencia, de alta tecnoloxía e de vangarda e cunha capacidade de máis de 1.400 camas. E vostedes, señores da oposición, se prefiren tomar o camiño da paralización é cousa de vostedes.

Despois de retrasar esta infraestrutura, de catro anos perdidos, de facer catro proxectos, de gastar 4 millóns de euros, agora pretenden confundir a opinión pública antepoñendo os intereses de partido aos da cidadanía, que é dispoñer dun hospital, dun hospital punteiro, dun hospital coa asistencia sanitaria de calidade, dun hospital que sexa posible dispoñer del no menor prazo de tempo posible.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora conselleira.

Rolda especial de aclaracións. (*Pausa.*)

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Bouza Santiago.

A señora BOUZA SANTIAGO: Grazas, señor presidente.

Señor Fernández, voulle dar un exemplo de combinación de ética e de política que vostede pedía aquí. As concesionarias de Madrid teñen recuperado en tres anos o 70% do investimento. Conten que a partir do 2012, ate o 2037 que dura a concesión, 25 anos, a parte do canon correspondente á dispoñibilidade é todo beneficio para a empresa privada, porque o canon non se vai modificar. Esa é unha boa combinación de ética e política. ¿Que lle parece a vostede? Un argumento estupendo para defender o modelo que pretenden implantar en Galicia.

Señor Fernández, se vostede non é capaz de diferenciar o modelo catalán de xestión sanitaria do que vostedes intentan facer aquí, unha de dúas: ou é que vostede é un indocumentado, cousa que dende logo non vou crer, porque vostede aquí nos regala todos os días con mostras extraordinarias da súa erudición, ou é que pensa que os tontos somos nós. E tamén lle digo a vostede, podemos ter moitos defectos, pero de tontos ni una canita, nin un pelo de tontos temos.

Non nos van enganar. Todos sabemos que non é o mesmo, que ninguén está en contra de que haxa colaboración coa empresa privada, pero é que vostedes non pretenden unha colaboración, vostedes pretenden a privatización da sanidade. Hai moitos modelos e vostedes escolleron o peor, e por iso estamos en contra, e por iso estamos en contra.

Señores do PP, tamén lles recomendo que lle renoven o dossier de prensa ao señor Fernández, porque ten as follas amarelas xa. Trae aquí as follas do 2008. Os xornais seguiron editándose dende o 2008. Recomendolle que renove o dossier e que lle pida aos compañeiros de partido que lle manden o dossier diario, que non sei se sabe vostede que tamén o pode recibir do Parlamento a través do correo. Recomendolle que renove a súa documentación porque está vostede un pouco apalancado no pasado, e vostedes xa non están na mesma posición que estaban no 2008. É un pouco cutre vir aquí coa mesma posición que estaban no 2008, un pouco cutre.

Señora conselleira, na súa réplica vostede nos interpela aos grupos da oposición, e eu recórdolle que non vén vostede aquí a preguntar, aínda que, dende logo, no uso da súa palabra pode facer o que queira, naturalmente. Pero, dentro dese “o que queira”, vostede do que ten obriga é de contes-

tar, e houbo aquí unhas cuantas preguntas da oposición que vostede non contestou. Polo menos algunhas das preguntas do Grupo Parlamentar do BNG vostede non contestou.

¿Cre vostede de verdade que con 3.000 millóns de euros en vinte anos non se podería facer e xestionar durante eses vinte anos o hospital que estaba previsto no Plan de infraestruturas? ¿De verdade se atrevería vostede a vir aquí a este estrado e dicir que non? Porque, bueno, xa sería unha mostra, de verdade, de desvergonza absoluta. ¿Cre vostede que non?

Señora conselleira, ¿cando fala de manter os postos de traballo na área sanitaria de Vigo se refire ao personal fixo do Sergas que está prestando agora os servizos que se van concesionar? ¿Se refire ao personal interino do Sergas que está a prestar os servizos que se van concesionar? ¿Se refire ao personal eventual do Sergas ou ao personal das contratas que neste momento están a prestar os servizos que se van concesionar? ¿Van manter eses postos de traballo? ¿Que vai pasar coas OPE para as categorías que se ven afectadas por esta concesión? Tampouco respostou vostede a esta pregunta, señora conselleira.

¿Vai garantir que non suceda o que está a pasar en Madrid? ¿Que se hai un aforro de custes porque se renegocian os tipos eso vai ter unha repercusión no canon? ¿Pode vostede garantir que eso pode supoñer unha rebaixa do canon? ¿Que non vai repercutir? ¿Que non vai haber beneficios a cambio de nada? ¿Que non vai haber especulación neste proxecto? ¿Pódeo vostede garantir? Dende logo, na documentación que temos encima da mesa non está en absoluto garantido.

Tampouco respostou, señora conselleira, ¿van revertir vostedes os servizos privatizados? ¿Van revertir as garderías, os centros comerciais e os parkings? ¿Estes servizos que dende logo no proxecto non di que vaian revertir se farán en terreos expropiados para servizos sanitarios?

Señora conselleira, proponlle vostede á cidadanía galega un aluguer con dereito a compra falsario. Mándanos alugados a un hospital por vinte anos. Vai decidir agora nun contrato o que imos pagar de aluguer, pero ademais non poderemos decidir nese hospital ao que imos alugados nin o que comemos nin canto, nin a que temperatura imos ter a casa nin a roupa que imos usar...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Bouza.

A señora BOUZA SANTIAGO:...—si, señor presidente, xa remato—. Un proxecto que xustifican con medias verdades e mentiras nun sistema fracasado, que xa fracasara tamén en Galiza. Un fracaso que ademais van pagar as seguintes xeneracións.

Señora conselleira, é a súa responsabilidade, e o BNG vai estar aquí cada día que faga falta para recordarllo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Bouza.

Polo Grupo dos Socialistas ten a palabra o señor Pose.

O señor POSE MESURA: Gracias, señor presidente.

Señor Rosendo, voulle dedicar unhas palabras porque despois igual lle parece mal se non lle fago caso ao que usted dixo. Porque referiuse á conselleira como clarividencia. Algo por aí anda a cousa; fe, clarividencia, vai a cousa por aí. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* No, no, eu desas cousas... Home, tamén teño algún estudio. Poucos, pero algún estudio tuven tamén, que eu estúvenlle no seminario. ¡Coidadiño! *(Risos.)* Tamén vostede apela ao señor Chaves, que está moito a pé de obra. Creo que si, creo que si. Nas expropiacións creo que está bastante a pé de obra, nas expropiacións. *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora conselleira, eu procuro vir aquí... Non somos o Grupo Socialista os que pensamos así solo. Hai traballos de universidades, hai auditorías, hai informes da Organización Mundial da Saúde. ¿Quere que llos presente? Ao acabar a sesión lle dou as copias. Entón non somos nós uns bichos raros. E logo hai un sentido común, un sentido común que eu intenteille explicar. Pero bueno, faceremos outro esforzo.

Está usted co das camas. Eu non lle vou entrar no debate das camas. No, no, no, ¡que máis dá! Non é que dé o mesmo, pero usted sabe que un hospital moderno non se mide exactamente por se ten unhas poucas camas máis ou unhas pou-

cas menos. No, perdón, ese foi un discurso sempre noso, foi un discurso sempre do Partido Socialista. E di usted: gastaron catro millóns de euros en plans funcionais. Claro, un plan funcional serio costa recursos, porque hai que encargalo e teno que facer xente preparada. E ademais hai que adxudicalo e ten un procedemento. Non como ustedes, que entran no Consello da Xunta dicindo que aproban un plan funcional de 300 camas e cando saen xa ten 400. E despois vén o señor Telmo e corríxe e ten 700. Ustedes si que non son serios; tómannos o pelo ou intentan tomarnos o pelo.

Vamos a ver, ¿é tan difícil para unha persona normal pensar que, se hai uns señores que reciben a concesión dun hospital –de varios neste caso, pero dun– e a Administración tenlle que pagar un canon, eso nos sale caro a todos? Porque xa lle fixen as contas antes, que son as contas súas, e usted mesmo está predicando que eso ten un beneficio empresarial dun oito e pico por cento. Non traio aquí os recortes de prensa para facer a intervención como o señor Rosendo, pero creo recordar así de memoria que fixo algunha declaración nese sentido; estimulando ás empresas que van a ter uns beneficios por eso, uns beneficios importantes. E, obviamente, non se mete ningunha empresa construtora nun tema se non hai negocio. Eso parece unha cousa bastante clara.

É tan difícil pensar... Porque di usted: No, ¿es que tienen ustedes algo con que la limpieza, la gestione una empresa? Nada, nada. ¿E que a seguridad a gestione una empresa privada? Nada, problema ningún. Co que temos problema é que o dono do hospital non sea público, que o dono do hospital sea un consorcio privado, (*Aplausos.*) que é o que o dirixe, que é o que está dirixindo eso.

¿Está usted en condicións de subir aquí a decir que o dono non vai ser privado, que non vai ser o dono do hospital un dono privado? Usted dixo aquí que iba haber un solo xerente. Xa me preocupa moito máis, porque, se vai haber un solo xerente, vai a ser o xerente do consorcio. ¡Claro, hombre! ¿Usted que cre, que son tontos os do consorcio? O sea, ¿nosotros aquí ponemos la pasta y vienen estos listos del Sergas a dirigirnos? No, el hospital es nuestro. Eso parece unha cousa bastante clara.

Eu intentáballe explicar, o que pasa é que eu non sei a experiencia que ten usted de dirixir un hospital. Eu fun noutra época, hai moito tempo, seguro que agora hai moitas

modernidades. Eu acórdome que as cousas que eu facía despois deime conta de que tiñan nomes técnicos. Entón, aquilo que eu facía xa hai moito tempo, despois era dirección por obxectivos e cousas desas.

Un hospital élle moi complexo, e cada peza está encaixada, e se moves unha peza, móvese todo. E o que a usted lle parece que non é sanitario, ten moito que ver coa sanidade; ten moito que ver coa sanidade. Mire, se non vai o peluquero á súa hora afeitar ao paciente, hai un problema de retraso en quirófano. E o peluquero, e falamos da limpeza, falamos de moitas cousas que teñen un equilibrio inestable. É un rompecabezas un hospital.

E, por certo, con este sistema...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Pose.

O señor POSE MESURA:... que están compartimentando o proceso de toma de decisións, cada un manda no seu, e a experiencia demostra... Os arquitectos que están facendo os hospitales de Madrid vólvense locos porque teñen que falar con máis de vinte personas que representan a vinte e tantos intereses, ou a dez intereses que teñen no consorcio diferentes donos. Entón, nos preocupa o modelo asistencial porque vai cambiar totalmente, esa é a nosa opinión.

Por certo...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Pose.

O señor POSE MESURA:... que veña usted dicindo que usted non é demagórica...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, por favor.

O señor POSE MESURA:... cando di que non queremos o hospital os demais. Ou sexa, os que somos de Vigo e Pontevedra non queremos hospital para Vigo e Pontevedra. E usted da Coruña, que nos quere facer un hospital como usted o quere facer. ¿Por que non o fai na Coruña nese estilo?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Pose.

Polo Grupo Popular ten a palabra o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Gracias, señor presidente.

Señorías, como sei que lles gusta, voules a dicir máis. Vinte e catro de xuño de 2008: el hospital de Vigo se parecerá a un barco; 35 arquitectos han trabajado en el proyecto básico. Si señor, señor Pose, quen paga o gaitero, pide a tonada. Si señor.

¿Apalancado no pasado, señora Bouza? O futuro é un produto do pasado e do presente. Benvido sea o pasado. *(Murmurios.)*

Realmente, oíndolles falar a vostedes, se un non soubera de qué vai a cousa, ata pensaría que non están de farol, pero si que o están. Señorías, vostedes pisaron moqueta, é verdad que pisaron moqueta durante unha lexislatura, pero para presentar maquetas. Presentaron trinta e cinco maquetas e catro proxectos, pero ningún proxecto levaron adiante para a construción do hospital de Vigo. Agora pídennos deberes, e non é que sólo pidan, nos din como hai que facelo, como hai que construílo e como hai que financiarlo. ¡Así calquera! ¡Ese toque de queda, benvido! *(Aplausos.)* Con semellante [...], señores, queren quedar ben diante dos cidadáns de Vigo, pero non deixan de ser máis que palabras redentoras, señorías.

Rexeitan a fórmula de pago aprazado por dispoñibilidade mediante concesión porque entenden –malentenden– que se trata de privatizar.

Señor Cerviño, usted xa é un veterano, é o máis veterano desta Cámara, por certo, e usted sabe moi ben como sanitario que é, e de xestión de altura, que é a financiación, que é a xestión e que é a prestación dos servicios sanitarios o que dan carácter público á sanidade, e estas van ser cen por cen públicas. Cando un paciente acude a un hospital, ou o trasladan, que moitas veces o trasladan, no que non repara é en quen construíu ese hospital nin como se construíu, neso si que non o reparan. O único que quere ter é unha infraestrutura necesaria e precisa para dar acomodo ás súas necesidades. É no que pensan e non noutra cousa, señorías. *(Aplausos.)*

Pero mire, como ademais tratan de explicar o inexplicable, voulle dicir unha cousa. Trinta do 10 do 2009, fai uns meses, nuevo proyecto de ley: El consejo de ministros ha aprobado el proyecto de ley de captación de financiación en los mercados concesionales de obras públicas. La señora vicepresidenta primera del Gobierno, María Teresa Fernández de la Vega –que deben coñecela–, destacou que el texto busca facilitar que los recursos privados contribuyan a financiar las infraestructuras públicas. ¿Está eximindo esto as infraestruturas sanitarias? Póñanse de acordo, ¿ou é que o argumentario de Ferraz non o traen aquí e traen o argumentario do Carballiño?; se traen o argumentario do Carballiño, será outra cousa, pero pídanne consello á señora vicepresidenta primeira.

Como aquí faláron de xestoras, de expertas, Abby Bloom – que non sei se a coñecerán, pero en todo caso é unha investigadora e profesora da Universidade de Sydney– di, nunha viaxe a España, *(Murmurios.)* –exactamente, mire como saben en Vigo–: “El debate sobre la colaboración pública-privada debería estar ya superado y centrarse solo en considerar el contexto social, político y económico donde se desarrolla”, reconoce la experta; vén coincidir e coincide a experta coa vicepresidenta primeira. Xa sei que lles lastima pero tiña que lastimarlles máis e vailles lastimar máis.

Miren vostedes: acordo básico pola saúde na área sanitaria de Vigo. Na cidade de Vigo, o 26 de xuño do 2006, reunidos a excelentísima señora conselleira dona María José Rubio Vidal e entre outros don Xan María Castro, secretario xeral do sindicato nacional de Comisións Obreiras; don Antolín Alcántara, secretario confederal da negociación colectiva e saúde laboral do sindicato CIG; don Antonio Fontela –amigo do señor Aymerich–, presidente da Confederación de Empresarios de Galicia; don José Cidrás e don José Bernardo, reunidos, din no punto número 5 –teno dito aquí algunha vez, señor Aymerich; entón, non hai problema ningún–: constatamos a conveniencia de manter e potenciar os instrumentos de concertación público-privada, como mellor método ou xeito de alcanzar acordos coa creación de redes e alianzas cos axentes implicados. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que non lle importa? Páse-lles vostede, señor presidente, aos portavoces porque aquí está o quid da cuestión de por que no 2006 non dicían nada de como ía ser a financiación de Vigo; estaba plasmado aquí. *(Aplausos.)*

Felicítoa, señora conselleira. Continúe coas intencións que expuxo nesta Cámara para dotar a Vigo do noso hospital, que outros tiveron a oportunidade e a responsabilidade, pero preferiron darlle a Vigo, á súa economía e á saúde dos seus cidadáns totalmente as costas.

Señores portavoces da oposición, non quixera que tomaran isto como algo serio, pero si que se fan merecedores: cando os sabios sinalan a lúa, os parvos miran o dedo; (*Murmurios.*) cando nós sinalamos a lúa do hospital de Vigo, non queremos que os parvos nolo reprochen.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Fernández.

Para pechar a comparecencia, ten a palabra a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Farjas Abadía): Moitas grazas.

Algunha resposta tamén puntual, señora Bouza; espero que non confíe en que responda a preguntas que non responden á realidade. Inventan cifras e fan as súas propias interpretacións e conxecturas falsarias; non vou responderlles, evidentemente; porque son públicos os pregos e toda a documentación do plan de financiación. O plan de viabilidade está na exposición pública e serán públicos os pregos de condicións administrativas e técnicas e poderán coñecer cada un dos aspectos de criterios tanto económicos da concesión como de criterios técnicos.

Máis aínda, como saben, nun contrato calquera dos contratos que fai a administración, reúne dous aspectos: os criterios económicos e os criterios técnicos de calidade de prestación dos servizos. Tamén neste caso na concesión se establecerán os criterios de calidade de cada un dos parámetros e dos servizos que teña que prestar. E por suposto, ademais, establecerán o sistema de seguimento, o sistema de garantía, cos criterios de penalización dos contratos, como calquera dos contratos actuais das administracións públicas.

E imos continuar cos procesos de consolidación dos traballadores sanitarios e continuaremos nas seguintes OPE coa

oferta de prazas nas categorías que poidan ser afectadas, lóxicamente, como en cada unha das ofertas públicas de emprego, coas prazas que nese momento existan e de acordo aos acordos que se establezan coas organizacións sindicais.

Señor Pose, algo ten aprendido. Un hospital moderno non se mide por número de camas senón por dotación de alta tecnoloxía e quirófanos, e por iso temos que refacer o plan director do Hospital do Salnés, porque non recollía a ampliación de quirófanos. Pero algo ten aprendido nestes meses. Tamén me alegra que avance no que é a comprensión claramente de que o que marca a calidade da asistencia sanitaria non é quen fai a limpeza ou lava a roupa; algo tamén avanzamos.

E, por outra parte, claramente en canto a quen responde das actuacións, da calidade dos servizos, dunha concesión, é evidente que poden preguntarlles aos responsables de calquera dos concellos, a calquera das administracións que teñen en concesión determinados servizos públicos, e poderán coñecer –se non o coñecen, que o paso pola Xunta de Galicia, polo Goberno da Xunta, non ten como resultado que aprenderan– como se fai o seguimento das concesións. Está claro que as empresas concesionarias teñen que ter un responsable, e é máis doado seguir e traballar cun responsable que non con vinte, que, como na situación actual, cando se ten dez, quince contratistas distintos para os distintos servizos.

Polo tanto, o reto ao que nos enfrontamos é conseguir dotar para Galicia infraestruturas sanitarias nun momento de crise económica e de evidente redución dos recursos públicos. O verdadeiro reto está en facer pronto o hospital de Vigo. E, polo tanto, quero afirmar que o hospital de Vigo vaise facer e vaise facer canto antes, e no Goberno galego estamos plenamente involucrados neste obxectivo tan transcendente para a calidade de vida, a calidade e a asistencia sanitaria dos cidadáns. De aí que o novo hospital estea deseñado para mellorar a situación de accesibilidade, aparcamentos, eliminación de barreiras arquitectónicas, con máis flexibilidade estrutural, con facilidade, con oportunidade e servizos que permitan a conciliación da vida laboral e familiar. E estamos cumprindo coa palabra dada e os prazos previstos e por iso licitamos de forma conxunta o proxecto de execución e obra, para non perder máis tempo innecesariamente.

O estudo estima o período de construción da edificación propiamente dita en dous anos e medio, coa terminación da obra ao final do 2013. A nova área asistencial de Vigo responderá pois a un modelo de eficacia e de xestión, que dará resposta ás necesidades de saúde e á demanda que existe na área sanitaria viguesa, da que dependen nada menos que 650.000 persoas.

Así, no horizonte do 2014, a situación será a do novo hospital como o hospital xeral e materno-infantil, cunha porta única de urxencias. O Hospital do Meixoeiro será referencia en oncoloxía e cirurxía programada, o Nicolás Peña en psiquiatría e coidados paliativos, o hospital Povisa como hospital xeral e a torre do Hospital Xeral, Rebullón e Cíes como servizos complementarios.

E utilizaremos o modelo concesional para a construción desta infraestrutura coa fórmula de pago por dispoñibilidade; unha vantaxe: comezaremos a pagar cando dispoñamos de infraestrutura; ademais, a administración regula e controla a dispoñibilidade e a calidade da prestación dos servizos non sanitarios obxecto do contrato, que a día de hoxe xa están externalizados.

E, ademais, esta construción, a construción desta importante infraestrutura, será un importante elemento dinamizador da economía e do desenvolvemento social, pois atraerá investimento e creará postos de traballo, ademais de reforzar o noso sistema sanitario co novo centro; máis de 2.400 postos de traballo directos e indirectos.

O Goberno da Xunta de Galicia quere dar resposta firme ao compromiso de manter o servizo sanitario cen por cento público, con traballadores do Servizo Galego de Saúde, e garantimos o 100 % dos postos actuais do Servizo Galego de Saúde na área sanitaria de Vigo. E estamos traballando coas familias que van ver expropiadas as súas vivendas, porque non queremos que sexan prexudicadas nun proceso tan importante, un proceso tan importante e de tan gran interese xeral como é a construción do novo hospital.

E, ademais, despois de finalizar a exposición pública do plan de viabilidade económico-financeira, iniciaremos o proceso de exposición dos pregos de licitación. Temos convocada para o día 3 de marzo a reunión da comisión técnica de seguimento da construción do novo hospital de Vigo.

Convocamos a Deputación Provincial, o Concello de Vigo e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para iniciar o estudo e as decisións de viais, electrificación, redes de abastecemento de auga e demais requirimentos.

Imos iniciar os estudos xeotécnicos, imprescindibles para poder facer o proxecto construtivo. En conxunto, estamos claramente dando resposta tanto na información que estamos a prover a todos os cidadáns como sobre todo na adopción das medidas, na adopción das decisións que fagan posible que ao final do 2010 estea xa contratado o proxecto de obra e iniciada a construción do novo hospital e que no escenario do 2014 contemos cun novo hospital na cidade de Vigo, e, ademais, a través da licitación conxunta do proxecto de obra e de construción, de maneira que acurtemos en dezaioito meses o período.

Con todo elo estamos a dar claramente resposta ao noso compromiso de facer un novo hospital na área sanitaria de Vigo, de facer un novo hospital público, de servizos públicos, con traballadores públicos e no prazo desta lexislatura.

Moitísimas grazas, e deixo para as vosas señorías a documentación tanto do plan funcional como do plan de viabilidade, por se non o teñen.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora conselleira.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a María do Carme Adán Villamarín e D. Bieito Lobeira Domínguez, sobre a retirada das Bases para a elaboración do Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): A esta moción presentouse a emenda documento número 24690, do Grupo dos Socialistas de Galicia, e para formular a moción ten a palabra a señora Adán Villamarín.

(*O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Guillermo Meijón Couselo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do*

Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a retirada das Bases para a elaboración do Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (08/MOC0037, doc. núm. 23248)

Emenda de Adición

Débese engadir un novo apartado á resolución da Proposición non de ley co seguinte texto:

"O Parlamento de Galicia constituirá unha Comisión, que oídas as institucións, colectivos, expertas e expertos que considere oportuno convocar, elabore unha proposta de desenvolvemento consensuado do Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega, nomeadamente no eido educativo, tendo como horizonte de aplicación a presente lexislatura."

O señor PRESIDENTE (Varela Sánchez): Ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, señor presidente.

Boas tardes a todas e a todos; boas tardes, señor conselleiro.

Presentamos hoxe esta moción logo dunha interpelación ao Goberno no anterior Pleno a respecto dos criterios seguidos para a elaboración das denominadas bases para a elaboración do Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza, na que puidemos comprobar na anterior sesión que o Partido Popular non ten a intención realmente de entrar a debater o fondo deste tema. Realmente podemos ver como non hai intención de debater sobre os criterios sobre os que se elaboran estas bases do novo decreto. De feito, nós nesta moción non podemos ser máis simples: simplemente pedimos a retirada das bases. E nin tan sequera argumentamos a respecto desa retirada. Non poñemos ningún tipo de criterio político ao respecto, simplemente limitámonos a recoller as argumentacións que se fixeron desde diferentes instancias (asociacións, colectivos, institucións) representativas do mundo cultural e do mundo educativo deste país, representativas tanto en canto ao número como en canto ao coñecemento dos temas educativos e sociolingüísticos.

Mais a verdade é que eu creo que neste momento para vostedes o tema do debate xa non ten sentido; penso incluso nunca dende o primeiro momento tivo sentido para vostedes este debate; de feito, agora o que se atopan é diante dunha decisión política do Grupo do Partido Popular de intentar, bueno, pois deixar que idioma galego se extinga; o que debaten agora é canto galego están dispostos a tolerar, canto galego estamos dispostos a soportar na sociedade galega. Tolerar o galego nas matemáticas ou no coñecemento do medio, é aí o dilema. Nas matemáticas, bueno, tendo en conta que agora sabemos que o Partido Popular reivindica a cultura helenística e sabemos que as matemáticas son importantes para a mesma, pois non sabemos se, non, talvez mellor non en galego, pero, claro, en coñecemento do medio pode ser que o alumando adquira ese perigoso vocabulario extenso en rexistro culto, pois tampouco nos parece moi bo tolerar.

¿Podemos tolerar o galego na función pública? Pois depende ata onde o toleramos; nas institucións, pois tamén depende; imos ver ata onde toleramos o galego. Claro, e ademais a isto engadimos que agora entramos en precampaña —xa se nos anunciou por parte do Partido Popular—, polo tanto debemos introducir outra vez novamente o binomio imposición-liberdade.

Efectivamente, as urnas dan a un Goberno toda a lexitimidade para gobernar, sen lugar a dúbidas, mais gobernar significa fortalecer as normas de convivencia, fortalecer os marcos para que efectivamente se poida realizar a liberdade como tal; entendo que non crear facturas sociais, que é o que leva feito este Goberno, e nomeadamente a Consellería de Educación, desde o primeiro día.

Non podemos seguir a voltar falando de liberdade cando o que nos propoñemos nestas bases é liberdade como facer o que me dá a gana —o cal non é unha forma de entender a liberdade—, permitirlle ao alumnado que se dirixa ao profesorado como queira, iso non é liberdade, iso non é garantir-lle a súa boa competencia lingüística e o coñecemento dos termos. Polo tanto, fai deixación das súas funcións o Goberno e entende liberdade simplemente dunha forma simplista, non como é a súa obriga, para crear as condicións necesarias para poder realizar a liberdade.

Efectivamente, o Partido Popular, bueno, decidiron, polo que sexa, nun momento determinado, queimar as

pontes do consenso que existía a respecto do galego; queimaron esas pontes en campaña electoral, pero logo decidiron tamén queimar todas as naves e agora mesmo se atopan, bueno, nunha beira dun río que cada vez enchen máis de auga e máis, porque non se pode seguir falando de imposición do galego, é imposible falar de imposición de galego nun país onde é absolutamente imposible vivir un só día, un só día, cunha mínima normalidade na lingua galega; xa me explicarán como poden seguir a falar de imposición.

O certo é que, bueno, a ese respecto, para buscar pontes, para intentar construír, desde logo que aceptaremos a emenda que propón o Partido Socialista, pois que deriva da proposta do propio Consello da Cultura Galega.

Mais vostedes fixeron un mal case que irreparable á lingua galega, desprestixiárona completamente, seguen a facelo, falando de muros, de fronteiras e non sei cantas barbaridades que dixeron ao respecto; si, é certo, está documentado, é o que teñen as hemerotecas.

E soamente dúas cuestións. Non me gustaría argumentar de xeito pragmático –porque creo que a utilidade da lingua vai máis alá de calquera pragmatismo–, pero incluso a vostedes, que lles gusta tanto falar do mercado e dos presupostos liberais –acabamos de velo na anterior comparecencia–, non sei se non sería bo potenciar a lingua coa que se comunica unha das maiores potencias económicas do mundo como é o Brasil. Claro, de repente o señor presidente se entera de que existe o portugués e que igual había que potencialo no ensino, pero é que xa trinta centros estaban dando materia de portugués –por certo, que non se potenciou nada no presente curso–.

Ou sexa, que vostedes, incluso, nin tan sequera son capaces de ver as potencialidades do pragmatismo económico da lingua galega. ¿Que máis dá? O mal tamén está feito e, aínda que teñamos un conselleiro completamente desprestixiado non soamente dentro do seu partido senón para toda a comunidade educativa, unha consellería desprestixiada, un secretario xeral de Política Lingüística que nin tan sequera a universidade, pois os seus propios compañeiros cren o que está dicindo, vostedes prestáronse ao xogo de sumar máis prexuízos á lingua galega; esa é a verdadeira faciana da mentira que vostedes propagaron da imposición.

Pero aínda teñen outra maior, que é outra desas contradicións da que hoxe quería tamén falar, que é o tema do inglés, porque supoño que soamente dende –non sei– un despacho alonxado de toda a realidade educativa deste país, ou dende a mala fe –elixa vostede a que queira–, se pode falar de plurilingüismo, cando é a consellería que menos está a facer pola introdución do inglés no ensino.

Tres cuestións, soamente, tres cuestións, señor conselleiro –non me mire así, pregúntelles talvez aos seus cargos, ou sexa, aos seus directores xerais–: unha campaña de despresstixio contra o profesorado das escolas de idiomas e a eliminación de todos os obradoiros de conversación que se daban nela.

Segundo. Sae o programa PALE e mantén exactamente o número, igualiño, de prazas que o ano anterior, co cal vai haber profesorado que se quede fóra, pero, aínda así –terceiro–, eliminan as axudas para os intercambios; o ano pasado, 16 de febreiro de 2009, estaban no DOG esas axudas aos intercambios, 1.500 alumnos e alumnas foron beneficiarias, pero convocan as de inmersión lingüística, efectivamente, anulan unhas, convocan outras, as cales nos din –teño por aí a súa nota de prensa, destas–, bueno, que non sei nin tan sequera como foron capaces de presentala realmente.

Convócanse por primeira vez máis de 3.000 prazas, 580 euros menos que nas convocatorias do ano anterior, e por –non sei– 500 prazas máis ou así que o ano anterior; claro, esta responde á máxima de facer máis con menos, que é unha máxima que nos gusta moito, pero, claro, se imos vela, por fin conseguín entendela, a verdade é que me sentín ben cando comprobei os dous DOG porque dixen: por fin entendo que significa facer máis con menos, significa que hai un 21 % menos de prazas no estranxeiro para inmersión lingüística; si, así, efectivamente, señor conselleiro; entón, o programa de campamentos de inglés para 6.º de primaria pasa de 100 prazas a 870 –bueno, téñoas aquí, non sei se exactamente ese número–, fronte a todos os intercambios con Reino Unido, Canadá, Irlanda e Francia, o cal se reduce o 21 %, 500 prazas menos para a inmersión lingüística; claro, se a iso sumamos que os acampamentos o ano pasado os valorabamos en 800 euros e este ano en 500 euros, pois o que nos atopamos é que realmente menos prazas de inglés, bastante menos, e soamente máis propaganda.

Efectivamente, esa é a realidade, ou sexa, non vemos ningunha aposta polo inglés, quítenlle ese nome de plurilingüismo porque é absolutamente ridículo, completamente ridículo, fagan efectivamente un plan de apoio á ensinanza de linguas estranxeiras, comece alomenos por manter o que había –que sería un gran paso, un gran paso–, por manter o que había nas escolas de idiomas e na inmersión lingüística, porque é unha vergonza, porque pode ser que non saia en ningún medio de comunicación, pero non lle caiba a menor dúbida: o profesorado, o alumnado sabe perfectamente que se eliminaron 500 prazas de inmersión e que se eliminaron 1.500 de intercambios; iso é unha realidade que está aí e ese é o balance da súa xestión.

Efectivamente, unha xestión que, despois do que acabamos de dicir, soamente se podería cualificar de vergoñenta, vendéndonos o plurilingüismo despois desta realidade. Pero hai unha cousa que está clara; antes citáronse moitísimos clásicos –case nunha lección de filosofía– durante a presentación anterior do hospital; imos ir por un autor máis posmoderno; Michel Foucault sempre dicía que “onde hai poder, hai resistencia”; penso que vostedes neste momento conciben un poder dun xeito tan autoritario que atoparán resistencias, resistencias dunha sociedade civil que se sente orgullosa do noso, que se sente orgullosa do galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Adán.

Polo Grupo dos Socialistas, e para a defensa da súa emenda, ten a palabra o señor Meijón Couselo.

O señor MEIJÓN COUSELO: Señor presidente, señorías, o pasado 30 de decembro o actual presidente da Xunta, na rolda de prensa posterior ao Consello, presentaba as bases do decreto. O conselleiro de Educación ese mesmo día desgranaba o máis relevante do citado texto; por certo, unha presentación que respondía perfectamente ao patrón imposto pola factoría Feijóo-Vázquez: nocturnidade, premeditación, aleivosía, período vacacional..., sabedores de que o día 1 do ano 2010 non habería prensa para poder responder con inmediatez.

E a partir dese momento o Goberno lanzouse nunha aloucada carreira por instalar definitivamente os galegos e as

galegas nunha nova realidade que pretendía sustentarse no traballo dos técnicos da FAES –factoría Aznar–, que xa tiñan asesorado nesa cuestión ao Partido Popular durante a longa campaña electoral. A partir dese día inventaron, falsearon, terxiversaron conceptos –novos uns, mil veces repetidos outros–, cos que trataron de construír un gran marco de referencia baseado en endebles e ao mesmo tempo inexistentes andamiaxes que en ningún caso soportaron a estrutura prevista. Así, faláronvos de imposición, de conflito, de plurilingüismo, de decreto cordial, de estabilidade, equilibrio, consultas, resposta á demanda social, recuperar o consenso, respecto coa lei, etc., etc.

Sen embargo, a resposta da sociedade foi ben distinta. Onde vostedes dicían respecto coa lei, a sociedade respostou avisando que o Plan xeral de normalización lingüística, sen rango estrito de lei, sen rango estrito de lei pero si un documento consensuado e aprobado nesta Cámara por todas as forzas parlamentarias, si constituía un consenso; e comprobouse ademais que ese texto deixaba abertos moitos buracos por onde é posible derivar flagrantes incumprimentos lingüísticos a nivel da lexislación vixente, por non falar tamén de incumprimentos a nivel internacional, que hoxe mesmo poden verse na prensa; e dixéronllo recoñecidos xuristas e prestixiosas institucións como a Real Academia e o Consello da Cultura.

Onde vostedes dicían resposta a unha demanda social, a sociedade respostou que non existía ningún tipo de conflito xeneralizado –por moito que a FAES se empeñara en crealo–, que tampouco existía ningún conflito nas aulas, que o Decreto 124 estabase a desenvolver con absoluta normalidade, que estaban argallando, en suma, unha gran mentira social; e dixéronllo os directores dos colexios públicos, dos concertados, os docentes, os seus representantes, as nais e pais das asociacións máis representativas de alumnos e alumnas.

Onde vostedes dicían decreto cordial, a sociedade acusounos de rachar consensos, de crear conflitos onde non os había, de querer eximirse de responsabilidade, trasladar eses conflitos ás rúas; e dixéronllo desde todos os ámbitos da comunidade galega.

Onde vostedes dicían consulta aos pais, tiveron unha clara e rotunda resposta da comunidade educativa, das federacións e

asociacións máis representativas, dicíndolles que é a vostedes a quen lles toca gobernar, é a vostedes a quen lles toca decidir, a quen lles corresponde definir currículos horarios, non ás nais e pais, e véuselles claramente o plumeiro de querer botar balóns fóra, por medo a decidir vostedes de forma impopular.

Onde vostedes dicían que farían consultas *urbi et orbe* –afirmaron tamén que o Decreto 124, por certo, non fora consultado, pero era un decreto que se axustaba ao 100 % ao Plan xeral de normalización–, onde todos os sectores xa tiñan traballado, seguimos esperando que nos digan un só punto que non cumpra o Plan xeral de normalización. Por certo, ningunha protesta ao Decreto 124, si en todo caso moitos alagos polo respecto ao plan e ao traballo conxunto con todos os partidos do arco parlamentario, como ben recoñeceu a señora López Besteiro.

Agora vostedes anunciaron cun sorriso a consulta aos sindicatos, á Real Academia, ao Consello da Cultura, ata que viron os demoledores informes que se presentaron contra as bases. Daquela, o que era un elemento protagonista e fundamental –informes de institucións sobranceiras– foi absolutamente pasado a un segundo plano; xa non interesaba escoitar o que dicían, son simples opinións de académicos e aínda por riba seguramente ideoloxizados e anti-PP.

Onde vostedes dicían que apostaban polo plurilingüismo, houbo que recordarlles que, despois de dezaseis anos, foi o Goberno anterior quen apostou pola aprendizaxe de linguas estranxeiras, foi co Goberno anterior co que se deu o gran salto cualitativo e cuantitativo en actuacións e en orzamentos, e aínda así, por desgraza, queda moito que facer.

Que, sen embargo é o actual Goberno, o que entre outras medidas, contra os programas que estaban a funcionar o pasado curso, reduciu un 30 % a formación do profesorado ou por exemplo suprime as axudas por intercambios dos nosos escolares e estadias no estranxeiro –temos presentado iniciativas sobre esta cuestión, esperemos que mude a súa opinión–, e propoñen ademais un sistema totalmente rexeitado polos especialistas na materia e que mesmo ten sido cualificado do sistema do dobre asasinato, xa que os alumnos non aprenderían nin a materia nin o idioma.

Onde vostedes dicían equilibrio entre as linguas, tiveron que explicarlles que o equilibrio non é o mesmo que igual-

dade e que equidade, e que co establecemento da igualdade concretada na teima dos tres terzos o único que se consegue é incrementar o desequilibrio lingüístico entre as linguas, pois a situación de partida non é a mesma. E que se queremos equidade lingüística, se queremos lograr unha competencia semellante en galego e castelán, é preciso unha discriminación positiva na nosa lingua, discurso, por certo, este que sempre foi avalado polo Partido Popular; iso si, eran outros tempos, eran outros deputados, pero son moitos os que continúan aquí e mudaron de criterio –e estou mirando algúns–, de forma vergoñenta, entre eles o actual presidente da Xunta.

Onde vostedes dicían recuperar o consenso, houbo que recordarlles que o consenso en lingüística existira moito antes das variedades da factoría Feijóo-Vázquez, que o Plan xeral de normalización lingüística fora un modelo de actuación para conseguir un acordo final. Por certo, o mesmo desprezo que lles producirá de seguro a opinión e as votacións que preceptivamente se levarán a cabo na Mesa Sectorial de Educación ou no Consello Escolar de Galicia, por onde obrigatoriamente deberá pasar o texto final.

Vostedes acusaban de imposición, de conflito, de inestabilidade; isto é moito máis fácil de defender; escoiten: “é o Partido Popular quen está a separarse do vieiro lingüístico consensuado nos anos oitenta, por motivos de estratexia partidaria, quen se está afastando dese consenso lingüístico é o Partido Popular; sobre o Decreto 124 por suposto que nin hai modificación do obxectivo lingüístico final nin se está implantando a inmersión lingüística”. Estas eran as palabras do actual secretario xeral de Política Lingüística. Non fai falla recordarlle as verbas da señora Besteiro, do señor Celso Currás, do señor Fraga na presentación do plan. Mesmo a moitos de vostedes, cando se aprobou o Plan xeral de normalización –plan que tamén mereceu os eloxios do señor Román, o actual portavoz de Educación, quen traballou na súa elaboración e que agora mesmo non quere saber nada del, e non lle preocupa que o novo decreto respecte ou non respecte ese plan–, había que escoitalo a vostede daquela.

Si, sigamos co actual secretario xeral. Fágolle unha pregunta: ¿hai agora algún problema nas aulas cos idiomas? Resposta: nas aulas non, hai un decreto en vigor e estase cumprindo, problemas non detecto ningún. Entón, ¿que necesidade hai de cambiar o decreto?, preguntanlle ao señor

Lorenzo. Home, foi unha promesa electoral. Fenómeno, unha promesa electoral do señor Feijoo o que nos mete nesta historia e sen necesidade ningunha obxectivable de cambiar nada, porque, como ben dicía o señor Lorenzo, non se detectaba ningún problema, ningún conflito. Iso si, despois veu explicar o señor Lorenzo o seu papel no Goberno. Dixo: eu vin aquí para axudar a solucionar todo o debate. Un fenómeno, un fenómeno. Para, iso si, poucos días despois, sen ruborizarse, soltar unha nova perla: “Lorenzo apelou a pechar” –entrecomillado– “canto antes un conflito lingüístico que nunca existiu a este nivel de debate público-político”. Claro que nunca existiu, efectivamente; invento de Feijoo e da FAES. Recoñéceo o señor Lorenzo. Isto é, veu a solucionar, señor Lorenzo, un problema, un conflito que el mesmo di que nunca existiu, e páganlle por iso, por arreglar un problema que non existía.

Ben, en resumo, señorías, galimatías, involución, trasladar a tensión ás aulas, agresión ao noso idioma, regresión sobre as políticas existentes, inaplicable, meteranos nunha liorta, erro pedagóxico, caótico, confuso, etc., etc., etc.

O seu Goberno, señorías, pretende rachar todas as pontes que permitan un texto consensuado. Na nosa emenda –grazas, señora Adán, por aceptala– volvemos solicitar a aprobación desa Comisión parlamentaria na que todos xuntos traballemos por un texto consensuado. Señor Román, hoxe mesmo pola mañá vostede falaba do Plan do litoral e sinalaba que non tería por que pasar polo Parlamento. Certo, señor Román, igual que o decreto do galego, que non ten que pasar. E afirmaba rotundamente vostede esta mañá que non podemos caer no curtopracismo político, que apostemos por unha Comisión onde todos poidamos falar e debater. Si, si, que apostemos por unha Comisión. E dixo: “de tal xeito que o que se aprobe non sexa un instrumento dun Goberno determinado, que sexa de todos”. Pídalle o mesmo ao señor conselleiro de Educación, ao seu presidente, con respecto á nosa lingua. (*Aplausos.*)

¿Ou é que a nosa lingua é un patrimonio de segunda? A nosa lingua ¿é un patrimonio de segunda que non merece esa Comisión? A nosa lingua ¿é un patrimonio de segunda que non merece en ningún caso que o que se aprobe sexa un instrumento de todos e non unicamente dun Goberno?, que, por certo, ten a lexitimidade porque ten un deputado máis, pero seguramente vai ter a soberbia de aprobar algo cando sabe

que conta con menos votos que os votos que representa a oposición neste Parlamento.

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señor Meijón.

O señor MEIJÓN COUSELO: Máis nada e moitas grazas.

Hoxe teñen a oportunidade os do Partido Popular de amosar se consideran a lingua de segunda ou de primeira división.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Meijón.

Polo Grupo Popular ten a palabra o señor Baamonde.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Moi boa tarde, señor presidente, moitas grazas.

Moi boa tarde, señorías.

E moi boa tarde, señor conselleiro de Educación.

Señora Adán, pois, por un lado, o que xa sabe, e, por outro, ¿que quere que lle diga? Nosoutros tendémoslle unha man para o acordo e vostede respóstanos cun órdago de indiferenza.

Efectivamente, no Pleno pasado interpelaba vostede ao señor conselleiro de Educación e este dáballo cumprida resposta sobre os criterios de elaboración das bases para o Decreto do ensino e emprazábaa tamén a vostede e ao resto dos grupos políticos a un consenso. Hoxe resposta vostede –e permítame utilizar o símil futbolístico– cun desmarque de ruptura, de auténtica ruptura.

Está claro que o BNG non quere consenso; o que nos está pedindo o BNG é unha rendición incondicional. E mire vostede, señora Adán, coñece moi pouco ao Partido Popular se pensa que nosoutros nos imos render por un órdago deste calibre. Nosoutros –e xa llo digo agora neste momento– (*Murmurios.*) nin aceptamos nin podemos aceptar a retirada que vostede nos propón. Non o podemos aceptar porque iso

sería ir en contra das nosas conviccións, non o podemos aceptar porque iso sería tanto como faltar ao respecto ás 800.000 persoas que nos votaron nas eleccións autonómicas e que puxeron ao Partido Popular á fronte do Goberno da Xunta.

Di vostede, señora Adán –eu non sei se é nun xesto de prepotencia ou de autosuficiencia–, que renuncia a argumentar a súa postura. Pero ¿por que renuncia a facelo? ¿Porque non ten argumentos? ¿Porque seguramente non ten ideas? ¿Porque para vostedes valen máis os feitos que as ideas? ¿Renuncia, señora Adán, porque ten vostede medo ao consenso? ¿Renuncia, señora Adán, porque ao mellor a través do estudo dese consenso cae como un castelo de naipes a idea sobre a que vostedes basean a súa postura? A idea que, señores e señoras do BNG, señores e señoras do PSOE, deben de ir abandonando é a idea de pensar que o Partido Popular está só, de que o Partido Popular está illado neste debate da lingua. (*Aplausos.*) Iso non é verdade, non é verdade.

Cada vez que falan vostedes diso recórdanme aquela anécdota do primeiro ministro inglés, John Major, cando se inaugurou o túnel baixo o canal da Mancha, que empezou o seu discurso con aquelas palabras: “Hoy es un día para la historia, por fin Europa deja de estar aislada”. Claro, claro que o primeiro ministro inglés utilizaba a ironía propia dos ingleses. A vostedes non sei se é que as árbores non lles deixan ver o bosque ou é que seguen instalados na prepotencia e na soberbia de pensar que só vostedes teñen razón. Seguen instalados no absurdo de crer que toda Galicia secunda a idea do BNG de que aquí hai que vivir en galego, exclusivamente en galego, e iso non é verdade. (*Aplausos.*)

Miren vostedes, abandonen a idea de que o problema da lingua o crea o Partido Popular, o crea ninguén por capricho ou por calquera cuestión. O debate sobre a lingua existe en Galicia porque hai unha realidade social que o sustenta. Non hai nada máis que seguir a secuencia próxima para chegar a esa conclusión. Cando Manuel Fraga gana as eleccións no ano 89, nuclea toda a dereita galega ao seu arredor. Como un elemento de unión utilizou, efectivamente, a bandeira do galeguismo e foi quen de construír unha política lingüística que, ademais de potenciar o galego, conquistou que o idioma deixase de ser elemento de confrontación, fora un elemento pacífico e estivera fóra do debate social e do debate político.

E conseguíuno porque, á marxe de todas as cousas, o seu sistema estaba baseado na liberdade.

Cando chegou o bipartito, entendeu que ese sistema non era suficiente para a promoción do galego e deu un paso á fronte na inmersión, paso á fronte que se instrumentaliza fundamentalmente no Decreto do ensino. Iso, unido ás presas do BNG, unido ás mensaxes que empezan a lanzar en temas como, por exemplo, o do comercio, como o do acceso á función pública, claro que empezan a xerar unha notoriedade inquedanza en moitos sectores da poboación galega. Seguramente, seguramente esa inquedanza non tivera acadado maior transcendencia se a outra parte do Goberno, o Partido Socialista, tivera cumprindo a parte que gran parte tamén da sociedade galega esperaba que cumprise: servir de equilibrio, servir de contrapunto, servir de moderador respecto dos excesos do Bloque.

Pero o presidente Touriño non quixo nin soubo –ou non puido– cumprir ese papel de equilibrador. O resultado diso, ¿que foi? Que efectivamente en moitos sectores da sociedade galega, singularmente da dereita galega, pero máis aló da dereita galega, si que empezou a xurdir a preocupación polo tema lingüístico, porque empezou a ver claro que no tema do idioma se camiñaba claramente cara ás teses da imposición.

Loxicamente, iso provoca que o Partido Popular, que naquel momento non está no Goberno, teña que entrar no debate da lingua e o teña que facer da única maneira que o pode facer un partido que está na oposición, que é incluíndo no seu programa electoral a garantía de que en caso de gañar as eleccións se eliminaría a política lingüística baseada na imposición e se volvería ao equilibrio, ao bilingüismo e á liberdade. (*Aplausos.*)

Pois, señores, o Partido Popular gañou as eleccións, o Partido Popular goberna. Por iso, señoras e señores do BNG, mentres vostedes non se acaben de meter na cabeza que detrás da postura do Partido Popular hai unha cantidade inmensa de xente que a respalda, que hai un sector moi grande da sociedade galega que está con ela, pois vostedes estarán incapacitados para solventar o problema da lingua. Non só non serán solución ao problema senón que serán parte do problema. Vólvolles repetir o que dicía fai pouco o profesor Alonso Montero: queren tanto a lingua que van acabar afogandoa. (*Aplausos.*)

Pero, miren vostedes, eu a postura do Bloque podo compartir ou non; evidentemente, non a comparto, pero, polo menos, a entendo e a comprendo. A do Partido Socialista non sei se a entendo, pero evidentemente non a comprendo. Non a comprendo de ningunha maneira porque vostedes non teñen unha postura clara. O vello refrán di aquilo de que “se puede decir más alto, pero no más claro”; vostedes confúndeno: “se puede decir más claro, pero no más alto”; berran moito para tratar de tapar as súas contradicións (*Aplausos.*), berran moito para tratar de tapar as súas contradicións, que están constantemente ao alcance de todos.

Porque, para ter credibilidade, o primeiro que hai que facer é falar cunha voz única, para que se saiba cal é a idea que realmente vostedes expresan. Vaia como exemplo: fai poucos días, na Comisión 1.^a, un voceiro do Partido Socialista argumentaba o mesmo que nos acaba de dicir aquí a señora Adán, que non se pode falar nunca de imposición do galego en Galicia. E dicíanos... –señor Lage, tranquilo– (*Risos.*) e dicíanos que os proxectos colectivos deben de estar sempre por riba das liberdades individuais. Miren, dous matices: que os proxectos colectivos deben de estar por riba das liberdades individuais en termos xerais pode ser certo, pero, coidado, unha cousa é o respecto ás minorías e outra impoñer como criterio o criterio da minoría. E coidado tamén con esa teoría das liberdades individuais, porque o mesmo que pode ser a base da democracia pode ser a base do contrario.

E a min non me preocupa nin critico, respecto profundamente a postura expresada por ese voceiro socialista, paréceme absolutamente defendible e correcta. O que eu pregunto é por que o Partido Socialista, cando falan outros voceiros –e estou falando do máis autorizado que teñen ou que deben ter, que é o propio secretario xeral, o señor Vázquez– nos medios de comunicación, di, de maneira contundente e meridiana: “en educación, 50 % gallego y castellano, y en el resto, libertad de uso”. Oia, iso subscribímolos nosoutros, pero, ¿cal das dúas posturas do Partido Socialista é a que hai que manter?

E, miren, se saímos de Galicia, a posición do Partido Socialista é máis difícil de entender. Onte o presidente da Xunta e o lehendakari mantiñan unha xuntanza (*Murmurios.*); nesa xuntanza –miren vostedes– falábase de que termos: “bilingüismo”, “equilibrio”, “liberdade”, “promoción

do inglés”; e –non se confundan– esas palabras non as pronunciaba o señor Núñez Feijoo; esas palabras estábaas pronunciando o lehendakari do País Vasco, o señor Patxi López, era o que dicía esa cuestión. (*Aplausos.*) Eu chámooos simplemente a recapacitar. O señor López, nunha situación –é certo que cada país é un mundo– moi parecida á nosa, dá un paso adiante. (*Interrupcións.*) Vostedes seguen ancorados no pasado, pero pensen que ao mellor por iso o Patxi de alí está gobernando e o Pachi de aquí está na oposición. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Por iso, señores, eu o que lles pido é que abandonen esa postura de frontepulismo rotundo e meridiano. Collan o guante que lles tende o Partido Popular e que lles tendeu o señor conselleiro de Educación. Camiñemos todos cara a un marco normativo que non sexa problema, senón que sexa solución para a lingua.

E xa para rematar, señor Meijón, nosoutros non distinguimos entre linguas de primeira división nin de segunda división. O galego non é nin de primeira nin de segunda, o que é o galego é de todos e ninguén se pode apropiarse del.

Máis nada e moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Baamonde.

Para pechar o debate desta moción ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, señor presidente.

Bueno, quixera comezar dicindo que para nada prepotencia, todo o contrario: renunciei a ler as argumentacións das maiores institucións que existen neste país a respecto da lingua e a cultura galega. Como moi ben sabe vostede, señor Baamonde, considero que da presentación, á que vostede asistiu, das “55 mentiras sobre a lingua galega”, soamente bueno, pois, non se quedou con moitas cousas das que alí se dixeron, supoño, porque, efectivamente, se entendeu que nós, como BNG, renunciamos a argumentar a respecto da lingua galega, está moi, moi enganado.

O que simplemente formulamos hoxe é que non existen criterios sociolingüísticos, criterios pedagóxicos, criterios

xurídicos legais que manteñan estas bases. Iso está escrito e vostede o sabe, non nos chegaría o que nos queda de Pleno para ler todos os informes que existen ao respecto, aínda que a Consellería de Educación os considere unha opinión máis.

Por iso, evidentemente, nós temos un criterio político claro a respecto da lingua galega, efectivamente. Pero eu o que dixen aquí é que asumimos, asumimos eses textos, coincidindo máis ou menos con algúns, porque iso é tender pontes e consenso. Porque para o Partido Popular o consenso se resume en ou pensas como eu penso ou nada. Iso é como entenden o consenso unicamente, unicamente se entende así. Porque está moi ben chamar a falar. Falar é un acto dende logo que sempre é agradable e no cal se podería chegar a entendemento, pero para a Consellería de Educación é que consenso é ou pensas o que nós pensamos ou non entras dentro do consenso. Consenso é outra cousa, é primeiro marcar cal vai ser os criterios dende onde imos elaborar ese consenso, e non: mira, isto é o que hai e con isto tes que quedarte, que é exactamente como o plantexan vostedes.

Efectivamente, ese é o gran problema no que estamos: é que non se quere dar un debate a respecto da lingua galega, e volvemos outra vez falar de imposición e volvemos escoitar cousas como..., bueno, temos, efectivamente, que di o presidente da Xunta, o señor Feijóo, que non coñece a ningún paisano que non teña un coñecemento similar en galego e castelán. Eu non sei se isto é síndrome Monte Pío. É dicir, soamente ten que vir a Vigo, que é unha cidade que coñece perfectamente, e dar un paseo e coller calquera mozo, calquera moza, e descubrir que soamente aqueles que na súa casa os educan en galego poden ter un coñecemento similar en galego e en castelán.

¿Como se pode dicir este tipo de sentenzas? Que xa son absolutamente un despropósito, que soamente temos que coller o Mapa sociolingüístico para ver que, efectivamente, se non temos unha política lingüística que no ensino faga de compensación de todo o entorno, de todo o entorno, é imposible que os nenos e as nenas adquiren competencia plena en galego, adquiren competencia plena en galego. Que iso é un compromiso incluso que asumiu aquí o señor conselleiro de Educación.

Por iso, cando escoitamos falar de 50/50, é que non entendemos nada. ¡Pero se 50/50 é o decreto que xa temos! Ese é o decreto que está neste momento en vigor. Realmen-

te ¿cales son os criterios para dicir agora que se vai facer 50/50? É dicir, realmente non é un problema de horas nin de carga lectiva, sinceramente. O problema é como imos garantir que un neno e unha nena teñan competencia lingüística en galego, ¿como? Explíquenos realmente. Non é un problema de asignatura arriba, abaixo. Efectivamente, o problema vai moito máis alá, excede o marco das horas. É se, efectivamente, hai unha vontade ou non de que os nenos galegos teñan competencia plena en galego.

E eu o que lles digo é que o Partido Popular non a ten, simplemente non a ten.

Traía aquí un exemplo. Ínzannos o país agora co Xacobeo; mañá tamén lle traerei ao señor conselleiro de Cultura estes sinais –non sei se as ven– que din “Camino de Santiago”, isto é o que poñen. De todos xeitos, como temos aquí á beira en amarelo, iso xa é unha linguaxe que entendería calquera peregrino, non necesitabamos que o puxeran soamente no terzo castelán en todos os sinais, todos os sinais do Camiño que levan colocado.

Sinceramente, e xa por rematar, porque ás veces, efectivamente, non hai peor muro, non aquel posiblemente daquel que non sabe, senón daquel que se nega, que se nega de calquera forma a aprender polos prexuízos que ten; de feito, tamén lía as declaracións do señor Feijóo, que el considera que Galiza non é, non debe ser escrava da súa identidade, senón dona. Talvez deberíamos evitar estas linguaxes xa tan creo que *demodée*, ¿non?, de falar de escravas e de donas, talvez o importante é que a identidade galega é un legado, e, como tal, temos dúas opcións: podemos dilapidalo, tiralo –como fan os nenos e nenas mal criados–, ou talvez conservalo, incrementallo.

É certo que neste momento a decisión é do Goberno galego; teñen que decidir que van facer co legado de identidade...

A señora PRESIDENTA: Por favor, vaia rematando. Por favor, señora deputada.

A señora ADÁN VILLAMARÍN:... Esa é a súa decisión ou, como a vostedes lles gustaría dicir: [...]. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Adán.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Lage Tuñas, sobre os medios de comunicación públicos e a necesidade de que Galicia dispoña dunha nova lexislación

A señora PRESIDENTA: A esta moción presentáronse as seguintes emendas: a número 24750, do Bloque, e a número 24808, do Grupo Popular de Galicia.

(O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu depurado Anxo Manuel Quintana González e ao abeiro do artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á Moción doc. núm. 23278, do Grupo Parlamentar Socialista, sobre os medios públicos de comunicación e a necesidade de que Galicia dispoña dunha nova lexislación, que será debatida na sesión plenaria do día 23 de febreiro de 2010. (08/MOC0038).

Emenda de Modificación

Débese substituír a parte resolutiva da Moción pola seguinte:

"O Parlamento Galego acorda:

1. creación, previos os trámites regulamentarios pertinentes, dunha ponencia no seo da Comisión 1ª (Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior) para o estudo da situación actual dos medios públicos de comunicación de Galicia e a elaboración dun proxecto de lei para a modificación do marco legal polo que se rexe na actualidade a CRTVG e as súas sociedades.

2. Instar ao Goberno a que pola vía do artigo 142 do Regulamento da Cámara, presente, no prazo máximo de dous meses, unha resolución para a elección do Director da CRTVG por maioría cualificada de dous terzos da Cámara e proceda á elección do novo director polo novo método no actual período de sesións."

(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda á Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre os medios de comunicación públicos e

a necesidade de que Galicia dispoña dunha nova lexislación."08/MOC0038 (23.278).

Emenda de Substitución

"O Parlamento de Galicia acorda:

1. A creación, durante esta lexislatura, dunha Ponencia no seo da Comisión 1ª (Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior) para o estudo da situación dos medios públicos de comunicación de Galicia e a elaboración dunha proposición de lei para a modificación do marco legal polo que se rexe na actualidade a CRTVG e as súas sociedades.

2. Incorporar, na dita proposición de lei e como parte dos puntos da reforma do marco legal polo que se rexe na actualidade a CRTVG e as súas sociedades, a elección dun novo director/directora xeral da Compañía por maioría de 2/3 da Cámara lexislativa galega, por un período máximo de cinco anos, non renovable en máis de dous mandatos."

A señora PRESIDENTA: Para formular a moción ten en primeiro lugar a palabra don José Manuel Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señoras deputadas, señores deputados.

En nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia defendo hoxe aquí na tribuna do Parlamento de Galicia unha moción que ten por obxecto dar un paso adiante na reforma dos medios públicos de comunicación de Galicia.

Propoñía no Pleno pasado unha reforma dos medios públicos a partir do impulso do Goberno galego co envío a esta Cámara dun proxecto de lei que modificara o marco legal dos medios públicos galegos.

Daquela o señor conselleiro da Presidencia, o señor Rueda, xa deixou claro que o Goberno non ten intención de cumprir os seus compromisos electorais durante os tres primeiros anos da lexislatura, xa que situou no ano 2012 o envío dun proxecto de lei por parte do Goberno. Na práctica, dende o meu punto de vista estaba amosando como unha

vez máis se renuncia por parte dun Goberno a levar adiante a reforma dos medios de comunicación públicos.

Eu preguntome cal é o problema para facer agora a reforma: se ten custos económicos facer agora a dita reforma, se ten custos sociais. ¿Cal é o problema? E iso é o que espero que teña resposta hoxe, de maneira construtiva, de maneira propositiva por parte do grupo maioritario, do grupo que sustenta ao Goberno, dando pé a que poidamos avanzar e propiciar a constitución dunha Ponencia no seo da Comisión 1.^a, ou ben dando unha explicación convincente de por que non é posible levar adiante agora a reforma dos medios públicos de comunicación, e a ser posible que non teñamos que estar sempre falando do pasado. Díxeno no Pleno pasado: que auga pasada non move muíño. O que non se fixo xa se coñece, pero agora o que conta é o que se faga no presente e o que se deseñe e planifique de cara ao futuro.

Daquela o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia con esta moción mantén unha actitude construtiva, e por iso propoñemos a creación desa Ponencia para o estudo da situación actual dos medios públicos de comunicación de Galicia e a elaboración dun proxecto de lei para modificación do marco legal polo que se rexe na actualidade a Compañía de Radio e Televisión de Galicia e as súas sociedades.

Pero tamén que haxa unha manifestación explícita deste Parlamento para a elección dun novo director ou unha nova directora xeral da Compañía de Radio e Televisión de Galicia por maioría reforzada, por maioría de dous terzos da Cámara lexislativa galega, co obxecto de dotar de independencia aos medios públicos, aos órganos directivos deses medios públicos.

E aquí si vai haber proba do algodón e se vai ver se quen sustenta ao Goberno, se o Partido Popular de Galicia está disposto a dar sinais inequívocos de que poidamos camiñar conxuntamente nunha reforma necesaria ou se, pola contra, se abona ao pasado e a seguir utilizando a televisión para beneficio do seu partido político.

Os socialistas entendemos que é preciso facer unha reforma integral do conxunto dos medios públicos de comunicación galegos, da radio e da televisión, unha reforma para a cal temos unha oportunidade diante do que é un asunto

crucial, desde o meu punto de vista, para a mellora da calidade democrática do noso sistema institucional.

Os socialistas galegos comprometíamonos aquí fai quince días a traer un proxecto de lei para reformar os medios públicos ante de que remate o actual período de sesións, no caso de que o Goberno non o fixera, e volvemos reiteralo hoxe. Pero coa nosa moción o que estamos é tendendo a man a que sexa posible construílo conxuntamente entre os tres grupos desta Cámara.

Os socialistas galegos temos apostado e apostamos porque haxa esa maioría reforzada de dous terzos de deputados e deputadas, esa maioría cualificada que elixa os órganos directivos, a nova Dirección Xeral da CRTVG; en dotar a eses medios de comunicación da independencia a través dos seus órganos directivos, cunha elección limitada, cunha elección dun consello de administración por un tempo determinado e onde se remate dunha vez por todas cunha dinámica partidista e se dea cabida aos profesionais da comunicación; pola creación dun Consello do Audiovisual de Galicia a partir dunha nova Lei de comunicación audiovisual de Galicia; porque se controle, se vixie a normativa referida á publicidade e, polo tanto, que se faga cumprir o que hoxe xa está recollido en preceptos legais; tamén porque abramos un debate necesario entorno á limitación da publicidade nos medios públicos; e, dende logo, por mellorar as condicións laborais dos xornalistas e dotar de estabilidade aos traballadores da CRTVG.

Eu entendo que un sistema democrático avanza, é mellor cando un dos seus piares, como son os medios de comunicación, dignifica o traballo dos seus profesionais, e iso significa rematar coa precariedade laboral e dotar de estabilidade aos profesionais da comunicación, comezando polos medios públicos, que estamos a falar agora deles, pero tere-mos tempo a falar tamén do que está a pasar noutros ámbitos da comunicación, porque aí hai axudas públicas e, sen embargo, séguense despedindo os xornalistas todos os días neste país.

Creo que é importante apostar polos medios de comunicación de calidade e porque os profesionais da comunicación poidan desenvolver a súa tarefa sen presións e nunhas condicións diferentes ás que teñen na actualidade. Eu creo que iso é crer nun país mellor. Crer nun país mellor signifi-

ca finalizar cun modelo de medios públicos dependentes do Goberno de turno, finiquitar a televisión de partido e dar paso a novos órganos directivos na CRTVG que gocen de independencia e non estean presos das consignas partidarias. Que o director xeral da CRTVG non teña que ver como lle nomean á xefa de informativos porque teña un carné do Partido Popular.

Rematar coa televisión de partido e coas consignas do partido que está no Goberno significa apostar por outro modelo, e outro modelo significa nin máis nin menos que ao final os partidos políticos renunciemos a ter o mando a distancia dunha televisión ou dunha radio.

Considero que se precisa unha reforma integral da CRTVG, un novo marco legal e unha definición da misión de servizo público. A diferenciación con respecto aos modelos de negocio privado e tamén a necesidade dun novo modelo de financiación, dotar de estabilidade laboral –diciá antes– os traballadores dos medios públicos, eliminar a incertidume no cuadro de persoal e definir mellor as necesidades en materia de recursos humanos.

Recordaba no pleno pasado que o desenvolvemento das misións do servizo público foran desvirtuadas pola práctica e pola clara competencia dos medios de titularidade pública cos operadores privados, ao entrar na oferta de contidos que nada teñen que ver coa definición de servizo público dun medio de comunicación.

Superouse un modelo europeo concibido na década dos sesenta, que tuvo a súa ruptura en España e en Galiza na década dos oitenta, e hoxe precisamos introducir novas formas de goberno no que son as canles públicas.

Galicia ten que avanzar nun cambio de modelo de medios públicos introducindo o pluralismo social, cultural e político na TVG e na Radio galega para rematar cun modelo xa caduco onde se remate coa manipulación informativa por presións do Goberno e se abran espazos a que se prime a actualidade informativa e a profesionalidade de moitos e moitas traballadores dos medios públicos.

É tamén preciso –o decía no pleno pasado– a modificación da cultura política no referido á relación entre o poder e os medios de comunicación de titularidade pública, eso é

unha responsabilidade de todos. Estamos diante dunha revolución tecnolóxica no eido da comunicación e se están modificando as formas de relacionarse. Estamos diante unha oportunidade única, e o partido que sustenta ao Goberno está diante da oportunidade de non quedar fóra dun compromiso para unha reforma real e integral dos medios públicos de comunicación. Falo da proba do algodón, porque hoxe se verá onde está cadaquén, e desde logo creo que hai bastantes elementos que nos deberían permitir poñer en común, mirar cara adiante e construír un país mellor.

Creo que é necesario chegar a un acordo, e, desde logo, o que espero é que se explique aquel que non esté de acordo con que comence xa a reforma dos medios de comunicación públicos de Galicia. O Grupo dos Socialistas de Galicia está disposto a chegar a un acordo, está disposto a que miremos cara adiante e a que non sempre nesta tribuna se utilice o ventilador e se faga política de regate corto.

A CRTVG necesita decisións que superen o ámbito partidario e poñer en mans dos profesionais da comunicación as decisións, con independencia e sen depender das consignas partidarias. A palabra é dos deputados e das deputadas, pero a historia tamén nos enxuciará se fomos capaces de dar resposta á necesidade de finiquitar o modelo dunha televisión de partido para dar paso á profesionalidade....

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Lage, por favor.

O señor LAGE TUÑAS:... e rematar coa manipulación informativa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lage.

Intervención dos grupos parlamentarios enmendantes.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra don Anxo Manuel Quintana González.

O señor QUINTANA GONZÁLEZ: Grazas, señora presidenta.

Señorías, temos a oportunidade hoxe de reiniciar un debate xa plantexado na pasada sesión a respecto dunha interpelación presentada polo Grupo Socialista, que hoxe

substanciase nunha moción, e que nos permitiu levar a nosa atención respecto da situación actual da Compañía de Radio-Televisión de Galiza, e sobre todo, e o que é máis importante, poder fixar tamén as nosas posicións para o futuro dun ente tan importante para a nosa autonomía política como é este.

Creo que todos acabamos concluíndo na pasada sesión na necesidade de reformular o marco legal que rixe a Compañía de Radio-Televisión de Galiza. Sería, por parte de quen non o fixera, unha terrible irresponsabilidade e, sobre todo, unha cegueira política, modificándose todas as circunstancias que obraban no momento da creación da compañía, e, polo tanto, é lóxico tamén que a día de hoxe, despois de tantos anos, procedamos a articular un novo marco legal.

Podíase decir que discrepábamos unicamente nos tempos para realizar esto, pero nós pensamos dende o Bloque Nacionalista Galego que, máis alá do debate dos tempos, temos tamén discrepancias de fondo, que non insalvables pero si importantes, e nós aspiramos a que este debate poida servir para clarificar e aproximar.

Nós o que si queremos é volver a afirmar hoxe que, a pesares de todos os cambios producidos na sociedade e no mundo audiovisual, para nós a día de hoxe sigue sendo tan importante, ou máis aínda que cando se creou, a existencia da Compañía de Radio-Televisión de Galiza.

Creo que é importante facer esta afirmación, porque en máis dunha ocasión tense escoitado por parte destacados dirixentes de diferentes grupos políticos —aquí, e fóra de Galiza— que no actual panorama audiovisual os medios públicos de comunicación carecen totalmente de sentido. Non é esa nosa posición, máxime aínda nun país como o noso, que ten a súa cultura, o seu idioma e a súa presenza no mundo aínda por normalizar. Precisamente nun mundo globalizado a defensa da nosa identidade significa a única posibilidade de estar no mundo como alguén, e a defensa da nosa identidade ten un instrumento fundamental na televisión e na radio públicas galegas.

E digo esto porque temos asistido nesta mesma sesión, e hai ben poucos minutos, a unha redacción histórica a respecto da defensa da identidade do noso idioma que eu quixera matizar tamén como parte da miña defensa da existen-

cia da televisión pública galega. Porque se atreven a decir, e teño que escoitar, que a discrepancia a respecto do noso idioma no pasado era unha discrepancia entre partidos políticos, e que gracias a acción dun presidente da Xunta esa discrepancia entre partidos deixou de existir.

Oigan, a realidade da historia non é esa. É que, cando había esas discrepancias, por non haber non podía haber nin sequera partidos políticos. E a discrepancia a respecto do idioma era a discrepancia entre os que pensábamos que o galego era o noso idioma, que o tiñamos que usar e que tiña tanto dereito e era tan bo coma calquera outro idioma, e os que pensaban que o galego era o idioma dos palurdos, dos atrasados, e que non merecía a pena usalo porque non servía para nada. Esa era a auténtica discrepancia. E a chegada de democracia serviu para que pudéramos facer unha defensa explícita dos dereitos do noso idioma, e foi así como se acabou asumindo a necesidade de facer procesos de normalización lingüística, e neses procesos intentamos estar todos e estivemos todos. E parte deste proceso de normalización foi a creación dunha televisión e dunha radio pública integralmente en galego.

Eu teño que escoitar aquí que o Goberno anterior puxo en marcha un decreto para a utilización e a normalización do galego no ensino que propiciaba o 50%-50%, e se ten calificado ese decreto do decreto da imposición do galego. ¿Que é entón a creación dunha Compañía de Radio-Televisión Galega integralmente en galego? Señoritas e señores deputados e deputadas, coa actual estrutura ideolóxica do Partido Popular, a televisión pública galega en galego sería imposible de crear hoxe. Esa é a auténtica realidade, unha realidade que debía facernos meditar a todos; unha realidade que nós queremos hoxe apuntalar a base da redacción dun novo marco legal. Dun novo marco legal que defenda a nosa identidade, que defenda, polo tanto, a existencia galega da televisión e da radio públicas do noso país, pero tamén un novo marco legal que faga fronte á nova realidade do mundo audiovisual, unha realidade, por certo, que aumenta na oferta pero non aumenta na diversidade e na pluralidade desa oferta.

Tense aberto nos últimos días un debate moi interesante a partires de aparecer as novas canles de TDT que todos os cidadáns hoxe poden ver nas súas casas. Un debate moi interesante porque traslada aos medios de comunicación algo

que moita xente ten percibido xa no receptor do seu domicilio, e é que, tertulias, moitas, pero todas falan do mesmo, e case sempre falan os mesmos. A existencia dunha televisión pública galega, a existencia dunha radio pública galega que leve ao cidadán contidos de formación non marcados unicamente polo mercantilismo do que vende en pantalla, resulta fundamental, e por eso é tan importante nun mundo audiovisual cambiante, nun mundo audiovisual competitivo como o que temos que enfrentar, que a televisión pública galega se dote dun novo instrumento legal que lle permita competir onde realmente pode competir, en facer identidade, en facer información plural e en servizo público.

É importante tamén que neste momento poñámonos a redactar esta norma legal, porque é importante definir con claridade cal é o mecanismo e o instrumento de xestión do que vamos a dotar a Compañía de Radio-Televisión pública galega para que poda realmente competir no mundo audiovisual e no mundo da radio.

Nós pensamos que é necesario dotar a Compañía dunha entidade pública mercantil que a faga competitiva, pero sería bo que todos os grupos políticos puideran expor aquí nesta Cámara cal é a súa proposta a ese respecto. Porque, dende logo, se o que se pretende ou o que se considera óptimo para o ente público da Radio-Televisión de Galiza é un modelo de xestión como o que acabamos de escoitar defender veementemente aquí para o modelo sanitario, nós decimos que neso non só non estamos de acordo senón que estamos convencidos de que levaría á Compañía de Radio-Televisión de Galiza non só a competir en inferioridade de condicións, senón a deixar de cumprir o seu papel fundamental, estatutario e básico no noso sistema autonómico.

Cremos que é necesario un novo marco legal, porque é necesario tamén pasar, dunha vez por todas, a regular o ámbito laboral dos traballadores e traballadoras da televisión e da radio pública de Galiza, acabando co dislate actual.

Escomencei a miña intervención decindo que poderíamos acabar pensando que a única discrepancia que temos a respecto de todo isto é unha discrepancia de tempos. ¡Ogalá fora así! Eu penso que temos unha discrepancia máis alá dos tempos, que é unha discrepancia de fondo, pero non insalvable. Penso que podemos chegar a puntos de encontro e que estamos obrigados a chegar a puntos de encontro.

Dende logo, de nada serviría facer con isto a mesma deturpación histórica que se intenta facer ás veces co devenir histórico do noso idioma, porque o que non se nos pode facer crer é que a Autonomía galega empezou no ano 2005. E se ben é certo que houbo un goberno anteriormente que non foi capaz en tres anos e medio de modificar o marco legal, non é menos certo que houbo outro goberno antes, dezaseis anos, que tampouco o fixo. E como nin o un nin o outro o fixo, agora estamos os deputados e deputadas deste Parlamento para intentar facelo. E o que non pode ser, como podemos escoitalle ao conselleiro da Presidencia na interpelación, é dicir que o cambio legal, que foi un compromiso do Partido Popular en campaña electoral, farase ao final da lexislatura. Porque eu supoño que todos os marcos legais as organizacións políticas democráticas os fan en función da necesidade social e non do interese partidario.

Eu me pregunto, ¿que vai cambiar no ámbito financeiro, no mundo audiovisual, na competencia das cadenas de aquí ao final da lexislatura para que se considere que é mellor facelo naquel momento e non agora? Nada. Polo tanto, se se elixe aquel momento hacia o final da lexislatura e non agora, é unicamente por unha cuestión de interese partidario imposible de defender en termos públicos dende esta tribuna.

Por eso nós pensamos que é boa a creación —e nese sentido temos presentado unha emenda que intenta contribuír ao acordo conxunto— inmediata dunha Ponencia que permita a redacción dun novo marco legal, e aí poderemos marcar os tempos a respecto de como queremos que vaia e canto tempo nos temos que dar para a redacción desa lei.

E remato, presidenta. Por eso propomos tamén que, ao mesmo tempo que se crea esa Ponencia, o Goberno, que é quen ten a potestade para facelo, e en utilización do artigo 142 do Regulamento desta Cámara, presente unha resolución ante o Parlamento para elixir o director da Compañía por unha maioría cualificada de dous tercios, e que, en función dese novo método, o director no actual período de sesións sexa elixido por este Parlamento. Porque cremos que se é bo, se é necesario que empecemos a facer un novo marco legal, pensamos que sería igualmente bo que ese novo marco legal se fixera dende unha perspectiva de independencia do propio ente público, e, polo tanto, cun director elixido por maioría cualificada deste Parlamento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Quintana.

Polo Grupo Popular de Galicia ten a palabra don Agustín Baamonde Díaz.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Moitas gracias, señora presidenta.

Señorías.

Señor Lage, eu teño que decir, antes que nada, que non deixa vostede de sorprendeme. Na sesión plenaria pasada nos reñía porque decía vostede que non tiñamos intención ningunha de modificar o marco legal da Compañía da Radio-Televisión de Galicia. Hoxe, que eu creo que o sentido da emenda que presentamos é perfectamente claro, pois tamén nos enche de reproches e de reticencias cando realmente nosoutros vimos aquí con ese espírito construtivo, con ese espírito de concordia, ao que apela o señor Quintana.

Claro que estamos de acordo en que é necesario reformar a lei da RTVG. Claro, hoxe a liberdade de expresión está instrumentalizada a través dos medios públicos de comunicación. Todos sabemos que os medios públicos de comunicación teñen unha dependencia moi notoria do poder político que os controla. Todos somos perfectamente conscientes que en moitas ocasións esos medios de comunicación esquecen a función de mediadores sociais da comunicación que lles corresponde e se acaban convertindo pois en auténticos aparatos de propaganda do poder de turno en cada momento. Eso o sabe o señor Quintana, o sabe o señor Lage e o sei tamén eu. Pero, á parte de sabelo por coñecemento, señor Lage, señor Quintana, hai que chamarlle ás cousas polo seu nome.

Aquí non se trata de deturpar a historia, pero a historia hai que respectala, hai que dicila e hai que contala como é. Se hai que cambiar a lei da RTVG, entre outras cousas hai que cambiala porque vostedes, que prometeron que a iban a cambiar, non o fixeron. Hai que cambiala porque vostedes incumpliron claramente a promesa que habían feito. (*Aplausos.*) Nesto, señor Lage, señor Quintana, como en moitas outras cousas, o cambio que prometían vostedes, ao final, evidentemente, teremos que acabar facéndoo nós.

Señor Lage, vostede interpelaba o señor Rueda, conselleiro de Presidencia, no Pleno pasado. A min me dá a impresión de que non escoitou debidamente o señor conselleiro, porque el lle deixou ben claro naquel momento a aposta da Xunta de Galicia por uns medios de comunicación públicos, a prol de todos os galegos e de todas as galegas; por uns medios de comunicación públicos baseados nos principios de independencia, modernidade, transparencia, solvencia, consenso e participación social.

Tamén o señor Lage –perdón, o señor Rueda– lle deixou perfectamente clara a idea de acometer inmediatamente eses cambios e de acometelos con consenso. Como no Partido Popular somos xente seria, pois nosoutros vamos a acometer inmediatamente eso que dixo o señor Rueda.

Pero mire, señor Lage, a nosoutros non nos fan falta probas do algodón porque nosoutros non temos feridas, nosoutros o que temos é vontade de modificar e non vontade de decir unha cousa para facer outra completamente diferente.

E por certo, señor Quintana, a discrepancia entre partidos houbou, haina e haberaa. Eu non sei quen a inventou, si sei unha cousa, que quen elevou á enésima potencia a discrepancia entre partidos, e curiosamente entre partidos que teoricamente se axudaban uns a outros, foi precisamente o Goberno bipartito. Evidentemente que de discrepancia poden dar vostedes moitas leccións.

Pero mire, se len debidamente a nosa emenda, pois eu creo que o espírito construtivo do Partido Popular é perfectamente claro, é perfectamente contundente. Falamos de consenso, e efectivamente aceptamos o que vostedes nos propoñían na sesión plenaria anterior: a creación dunha comisión para o estudo da situación dos medios de comunicación e para a elaboración dunha lei que modifique o marco legal da CRTVG. Eso aceptámolo plenamente, de feito a nosa emenda coincide case literalmente coa redacción tanto da moción como da emenda presentada polo Bloque; pero si introducimos un elemento moi concreto, precisamente para que non queden dúbidas de ningunha clase sobre cal é o noso obxectivo, para que quede ben claro a vontade decidida de acometer esa reforma, que é introducir un límite temporal: ten que estar feita nesta lexislatura. Poñémoslle ese prazo, debe de estar feita nesta lexislatura, e loxicamente facemos simplemente unha modificación case de léxico por-

que vostede, señor Lage, fala de estudar a situación actual da RTVG, cando todos sabemos que a RTVG non é un compartimento estanco, que o antes, o presente e o despois, loxicamente, deben estar presentes, e o espírito debe de ser aberto a revisar todas as circunstancias.

No segundo punto tamén, o outro problema que se plantea é a elección do director ou directora da RTVG por maioría de dous tercios da Cámara. Eso xa o incorporaba o noso programa electoral e estamos plenamente de acordo en admitilo. Xa llo dixo tamén o señor Rueda. Loxicamente o admitimos, señor Lage, sólo que cunha diferenza: nosoutros incardinamos o nomeamento do director xeral dentro da modificación da lei á que anteriormente facíamos referencia.

Incardinámolos dentro da lei, en primeiro lugar, por unha cuestión de procedemento legal. Loxicamente, ese nomeamento ten que ter un soporte legal que o sustente xuridicamente, non vale un acordo parlamentario, por eso o señor Quintana traballa na súa emenda tratando de darlle ese marco xurídico que lle corresponde.

Pero nosoutros entendemos que non procede un nomeamento anticipado por unha razón moi simple, porque, efectivamente, estamos decindo que vamos asumir a modificación e a reforma dentro desta lexislatura, polo tanto, non ten sentido anticipar algo que despois tería que figurar na lei ou restar competencias a ese debate que debe de realizarse. O propio señor Quintana, na súa emenda, fala do marco legal para o nomeamento do director, a presente lexislatura. Pois ben, a presente lexislatura é a que nosoutros poñemos como límite para ter elaborada esa nova normativa. Polo tanto, a pelota non está no noso tellado, a pelota está no tellado de vostedes. Vostedes agora nos teñen que decidir se, efectivamente, están dispostos a chegar a un acordo cunha proposta que no substancial recolle o que vostedes estaban pedindo, que recolle o espírito de todos os grupos da Cámara, dunha televisión independente, plural e profesional, e nos terán que decidir, loxicamente, en caso de non aceptala, por qué razón, e nos obrigarán a seguir en solitario o noso camiño. E ao aceptar esos principios estamos aceptando, loxicamente, o consenso, estamos aceptando a incorporación de todos os axentes sociais e profesionais que queiran incorporarse a este acordo que nosoutros propoñemos.

Pero a modificación a facemos non porque o diga o PSOE, non porque o diga o BNG, non porque o diga o bipartito. A modificación hai que facela porque así nosoutros o entendemos en virtude do estipulado no noso propio programa electoral: un programa que aposta decididamente por esta reforma, un programa que aposta por facer esa reforma en consenso e un programa que aposta por uns medios públicos independentes e profesionais. Por eso na fase, loxicamente, de Comisión propoñeremos outras medidas; por exemplo, a elección tamén dos membros do Consello de Administración por maioría de dous tercios do Parlamento, pero co criterio de que sexan profesionais de prestixio e que pasen tamén o exame previo do Parlamento antes da elección, coa idea de eliminar –dito sea con todos os respectos– o cementerio de vellas glorias en que está convertido neste momento ese ente. Tamén propoñeremos o establecemento de incompatibilidades e a designación do equipo directivo de acordo coa avaliación dos méritos profesionais.

Todo isto son, loxicamente, apostas de alcance elevado e que teñen por obxecto que se poda decidir que hai un antes e un despois do paso do Partido Popular pola xestión da CRTVG, non un antes, un antes e un antes, como pasou coa xestión do bipartito, que seguiu anclado en todo aquilo que –xa digo– prometeu e non chegou a cumprir.

Xa para rematar, dicirlle, señor Lage e señor Quintana, que nos parecen moi ben as consideracións éticas, pero xa lle decía no pleno pasado, e reitero agora, que para intentar dar leccións de ética primeiro hai que facer autocrítica. Eu cando os oigo falar de darnos esos consellos, perdóname que lles cite aquela anécdota de Óscar Wilde, cando decía el caballero campesino inglés, corriendo detrás del zorro, lo inabordable, persiguiendo desesperadamente a lo inabordable.

Mire, é inabordable e é inabordable que vostedes nos queiran dar referencias éticas sobre todo aquilo que deberon de haber feito, sobre todo aquilo que prometeron, sobre todo aquilo que non fixeron. Agora lles tendemos o guante para ese acordo e eu espero que non debe de haber ningunha dificultade en chegar a algo que todos estamos propugnando.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Baamonde.

Polo Grupo Parlamentario autor da moción ten a palabra don José Manuel Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Gracias, señora presidenta.

Señor Baamonde, parece que John Mayor utiliza o castelán como lingua, e Óscar Wilde. Ás veces os complexos exprésanse de moi diferentes maneiras, pero, ¿verdade?, vostedes que son tan partidarios dese plurilingüismo, que é falso que sexan partidarios do plurilingüismo, porque eso xa foi unha proposta do anterior Goberno na pasada lexislatura e precisamente vostedes non apostaban por ese plurilingüismo, agora vén vostede aquí a dar leccións facendo citas históricas.

Señor Baamonde, construtiva é a nosa proposta, vostede aquí acaba de facer un brindis ao sol tratando de escurrir o vulto. E trata de escurrir o vulto cando sitúa o acordo para constituír unha Ponencia durante esta lexislatura. Podía ser na seguinte, ¿por que non nos situaron na seguinte? ¿Por que non facer a reforma da CRTVG? ¿Por que non é posible agora, señor Baamonde? Non foi capaz de explicalo nesta tribuna. Non sabe por qué. Descoñéceo, vostede que é tan culto e utiliza tantas citas para contraponer as propostas da oposición. Explíqueo, porque o que necesitamos é construír o futuro, pero sobre todo dar pasos neste presente para que o noso país, para que Galicia, señor Baamonde, mire cara adiante, e para que o sistema institucional, o sistema democrático do que nos dotamos, mellore para que sexa de maior calidade.

Para que sexa de maior calidade precísanse medios públicos de comunicación que sexan independentes do poder político ou que os seus órganos directivos non estean presos das consignas partidarias. E se como vostede dice estamos todos de acordo, o que non sei é por qué non é posible facelo agora.

Nós propoñemos que se constituía esa Ponencia, e o Partido Popular sitúa a súa proposta durante a lexislatura. A lexislatura pode ser o último día, señor Baamonde. A súa proposta carece de validez porque, ¿como se concreta iso? Durante a lexislatura, ¿e despois como facemos, señor Baamonde? ¿Xuntámonos un día na cafetería e decidimos que vamos a constituír a Ponencia? É un brindis ao sol, tratan de escurrir o vulto, e, desde logo, non pasan a proba do algo-dón, señor Baamonde.

O apagón analóxico en Galicia se vai a producir o 3 de abril deste ano. A introdución de forma universal da televisión dixital terrestre se produce neste ano. Os cambios tecnolóxicos que estamos a vivir e que afectan ao conxunto da poboación están agora, no presente, non no conxunto da lexislatura.

Polo tanto, trátase de falar de presente e de futuro, non se trata xa de ter moitas canles, como poden estar vendo aqueles que siguen os debates en torno aos contidos televisivos e audiovisuais. Se trata da creación dunha marca, dun produto e dun contido. ¿Por que temos que renunciar os galegos e as galegas a dar pasos adiante a prol do sector audiovisual, a facer da CRTVG un dos motores desa industria audiovisual? ¿Por que o Partido Popular lle quere cercenar as posibilidades ao sector audiovisual de Galicia? Esas son respostas que non se deron nesta tribuna.

Desde logo que eu falei algo da calidade dos medios de comunicación e de mellorar as condicións laborais dos traballadores, dos xornalistas. A vostedes, señores da dereita, como nunca lles interesaron as condicións laborais nin dos profesionais da comunicación nin dos traballadores en xeral, non lle prestaron atención. Non se alteren, porque quero recordarlles que a última vez que tiveron capacidade para tomar decisións no marco laboral intentaron un decretazo, e eso non foi fai tanto tempo. Polo tanto, creo que estamos diante da posibilidade de construír un acordo sempre e cando o Partido Popular esté disposto a que durante este período de sesións —non ten que ser mañá—... É dicir, nós temos vontade de chegar a acordo, pero ten que ser un acordo real, sen trampas. Vostedes intentan situar a trampa de que sexa nesta lexislatura, señor Baamonde, e eu fágolle unha oferta non cando nos xuntemos tres, fágolla aquí, dende a tribuna do Parlamento, que sexa neste período de sesións, se teñen vontade real de levalo adiante.

E quero, unha vez máis, denunciar o comportamento do señor Feijóo, que incumpleu o seu compromiso electoral de nomear un director ou directora da CRTVG por maioría cualificada. Non é que o leven no programa electoral. No programa electoral, señor Baamonde, xa sabemos que o levan; o que pasa é que o programa electoral non o cumpriron, nin tampouco ao que se comprometeu aquí na sesión de investidura. O señor Feijóo se comportou como un triler político,

porque enganou intentando decir que había un acordo cando non o había, señor Baamonde. Mínteu...

A señora PRESIDENTA: Señor Lage.

O señor LAGE TUÑAS:... e faltou ao seu compromiso na sesión de investidura.

A señora PRESIDENTA: Señor Lage, as emendas. Rematou o seu tempo e quería saber se acepta as emendas.

O señor LAGE TUÑAS: As emendas, señora presidenta, voulle pedir un receso para que poidamos intentar un acordo con esta proposta que acabo de facer, se é que posible e se é que se quere o acordo.

Remato, señora presidenta, decíndolle ao señor Baamonde que eu o que dixen na Comisión 1.^a mantéño, señor Baamonde. Non creo que a lingua, que é nosa, a lingua dos galegos e das galegas, se lle poda impoñer a un país, o que é de un non se lle pode impoñer a ninguén, señor Baamonde, non teña complexos. O galego é o noso idioma, non teña ningunha dúbida deso, e eso levámolo defendendo os socialistas dende que existimos como organización política.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lage.

Facemos, pois, un pequeno receso para ver se os grupos chegan a un acordo.

Suspéndese a sesión por uns minutos.

Retómase a sesión.

A señora PRESIDENTA: Ben, os grupos remataron –entendo–. Se lles parece, vamos a comezar a votación.

Pechamos as portas.

Votación do texto transaccionado da Moción documento número 23248, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a María do Carme Adán Villamarín e de D. Bieito Lobeira Domínguez, sobre a retirada das Bases para

a elaboración do decreto de plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA: Pasamos agora á votación da moción, que a min me gustaría que o señor Lage lera o texto, se hai acordo dos tres grupos.

Ten a palabra, señor Lage.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señora presidenta.

Si, hai acordo dos tres grupos parlamentarios. O texto do acordo sería o seguinte:

“O Parlamento de Galicia acorda a creación dunha ponencia, previos os trámites regulamentarios pertinentes, no seo da Comisión 1.^a, durante o actual período de sesións, para o estudio da situación actual dos medios públicos de comunicación de Galicia e a elaboración dun proxecto de lei para a modificación do marco legal polo que se rexe na actualidade a CRTVG e as súas sociedades.”

O segundo punto do acordo sería: “Incorporar en dita proposición de lei, e como parte dos puntos da reforma do marco legal polo que se rexe na actualidade a Compañía de Radio-Televisión de Galicia e as súas sociedades, a elección dun novo ou nova directora xeral da compañía, por maioría de dous tercios da cámara lexislativa galega, por un período máximo de cinco anos non renovable en máis de dous mandatos”.

Fareillo chegar...

A señora PRESIDENTA: Faga chegar vostede o texto.

O señor LAGE TUÑAS: Señora presidenta, hai un erro técnico.

Cando falamos de proxecto de lei sería proposición de lei, que é o correcto, pero lle pasaremos o texto aos servizos da Cámara.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, prégolle que o faga.

Entón votamos o texto transaccionado.

Votación do texto transaccionado da Moción documento número 23278, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Lage Tuñas, sobre os medios de comunicación públicos e a necesidade de que Galicia dispoña dunha nova lexislación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta moción por unanimidade.

A señora PRESIDENTA: Pasamos ao punto catro da orde do día, proposicións non de lei ante o Pleno.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol, sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego respecto das reivindicacións do sector da pesca en relación coa insuficiencia de titulados náutico-pesqueiros para completar as tripulacións mínimas dos buques necesarias para saír a faenar e da homologación das súas atribucións

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: a número 24799, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a Soledad Soneira Tajés; e a número 24803, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Bieito Lobeira Domínguez

(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Marisol Soneira Tajés, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego respecto das reivindicacións do sector da pesca en relación coa insuficiencia de titulados náutico-pesqueiros para completar as tripulacións mínimas dos buques

necesarias para saír a faenar e da homologación das súas atribucións (doc. núm. 1504), que se debaterá na sesión plenaria do día 23 de febreiro de 2010.

Emenda de modificación

O texto da resolución debe ser substituído polo seguinte:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a.

1 °) desenvolver e dotar economicamente o "Plan Céfire" (Plan Integral de Formación MarítimoPesqueira e Portuaria de Galicia) de acordo coas características e obxectivos fixados polo Grupo de Traballo creado por resolución do 27 de marzo de 2006 da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

2 °) A promover unha mesa de diálogo, coa participación das distintas forzas políticas con representación no Parlamento, a administración, os traballadores, os empresarios, e as organizacións representativas da nosa flota pesqueira, en aras a establecer as bases sobre as que deberían sustentarse as modificacións, se fose o caso, da normativa actualmente en vigor sobre o número mínimo de tripulantes a bordo."

(O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado Bleito Lobeira Domínguez e ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á Proposición non de lei doc. núm. 1504, do Grupo Parlamentar Popular, sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego respecto das reivindicacións do sector da pesca en relación coa insuficiencia de titulados náutico-pesqueiros para completar as tripulacións mínimas dos buques necesarias para saír a faenar e da homologación das súas atribucións, que será debataida na sesión plenaria do día 23 de febreiro de 2010. (08/PNP0051).

Emenda de Modificación

Debese substituír toda a parte resolutiva pola seguinte:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a adoptar as seguintes medidas:

1 °) Elaborar un estudo que avalíe o actual sistema de formación de mandos de buques de pesca co obxecto de

tirar conclusións prácticas que permitan adaptar a normativa na materia á realidade e necesidades deste sector na Galiza, sen menoscabo dos niveis de seguranza precisos.

2.º) Definir normativamente un cadro mínimo de tripulantes nos buques pesqueiros, en función das súas dimensións e GT's, caladoiro no que faenan, artes empregadas, etc., que garanta unha distribución racional de traballos entre os membros da tripulación en función das súas diferentes categorías profesionais, tanto en gardas e tempos de descanso na ponte e en máquinas como no respecto a xornadas laborais dignas en traballos de cuberta e adegas (almacenamento e procesado), e nos servizos xerais da embarcación. Os proxectos construtivos e de modernización de buques pesqueiros contemplarán condicións dignas de habitabilidade, adaptadas aos cadros de tripulantes que se determinen en cada caso.

3.º) Reclamar do Goberno español o desenvolvemento das xestións precisas, perante a Unión Europea e a Organización Marítima Internacional, para o establecemento dun marco común que homologue condicións e procesos de formación das tripulacións, así como o cadro mínimo de tripulantes por buque, a fin de evitar a sobreexplotación laboral e os riscos na actividade pesqueira por carencias formativas e excesos de fatiga."

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición non de lei ten a palabra don José Manuel Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Gracias, señora presidenta.

Señoras diputadas e señores deputados, a iniciativa que hoxe presentamos ten por obxecto abordar na Cámara galega unha problemática que está a afectar a nosa pesca. Unha e outra vez este asunto forma parte das principais inquedanzas manifestadas nos distintos foros de opinión.

O sector está a sufrir unha crisis relacionada coa dificultade de completar as tripulacións mínimas dos buques; este feito converteuse nunha tarefa imposible. Saben ben desto, moi ben, moitos dos representantes do sector que hoxe nos acompañan desde a tribuna de convidados, aos que fago extensible o meu saúdo e o saúdo do Grupo Popular. Eles son conscientes —e así nolo transmitiron— que estamos aca- dando unha situación límite, unha situación límite á hora de

dar cobertura aos postos de responsabilidade dos buques, tanto de mecánicos como de patróns.

Os factores son varios:

Primeiro. Nas escolas náutico-pesqueiras, ademais de ter un número baixo de alumnos, ningún destes recala no sector, a non ser que se trate dunha persona moi vinculada ao mesmo.

Segundo. Os plans de estudo quizás non están enfocados debidamente; quizás non están convenientemente enfocados ás posibles incorporacións á pesca. Se a isto lle engadimos que non hai relevo xeneracional en moitas categorías, temos o caldo de cultivo ideal para afondar na crisis pola que atravesa o sector pesqueiro. Ademais, a opción de recorrer a realizar ofertas de emprego pola vía oficial a través do INEM está esgotada, porque a resposta sempre é negativa en moitas das categorías. Frente a esta realidade, os barcos demandan cada día máis titulados. A súa carencia pode dar lugar —e, de feito, dá lugar— ao amarre dalgúns barcos.

Outras das consecuencias negativas desta situación, da carencia de titulados, é que moitos armadores poida optar por abandeirar barcos noutros países europeos nos que a regulamentación ao respecto é moito menos esixente. Así, por exemplo, na normativa inglesa o réxime xurídico da tripulación do Reino Unido é moito máis doada. Todo buque con potencia inferior a 750 cabalos non ten necesidade de incorporar ningún titulado mecánico. ¿Como competir con esta situación?

Esta Cámara debe impulsar unha solución. Insisto nas principais ideas. Hoxe, os titulados náutico-pesqueiros ou non recalán no sector ou non o fan en número suficiente. Este tipo de carencias afecta a todos os segmentos da flota, desde a baixura á gran altura. Tampouco é alleo o sector á cada vez maior complexidade tecnolóxica dos buques. Se ben é certo que as innovacións tecnolóxicas trouxeron consigo un gran avance en materia de seguridade e automatización, non é menos certo que tamén trouxeron novas esixencias para os profesionais do mar, posto que os tripulantes deben dispoñer dun máis alto nivel de coñecemento e formación. E precisamente aquí está outro dos problemas que cómpre abordar, a situación pola que pasa o sistema da formación náutico-pesqueira.

Non podemos conformarnos con que o Goberno central manteña unhas titulacións obsoletas. Deben adaptarse á realidade actual da nosa flota; deben adaptarse sen máis dilación aos requerimentos do traballo dos profesionais do mundo do mar. E se o Goberno central, que é o competente, non o vai facer, será Galicia quen lidere desde esta Cámara. Desde o novo Goberno Galicia liderará a petición e o sentido do cambio que o sistema formativo precisa.

Por eso hoxe aquí facemos unha proposta construtiva e moi necesaria, que nos poñamos de acordo para solicitar a elaboración dun informe no que se avalíe o actual sistema de formación de mandos para buques de pesca. Avaliar a súa situación é o primeiro paso para propoñer posibles solucións.

Queremos acadar unha maior adaptación da formación á realidade presente. Pensemos no futuro da nosa pesca, traballemos desde xa para favorecer, para implementar, os mecanismos que permitan dispoñer de máis e mellores profesionais para a pesca de hoxe, de mañá e do futuro.

Nesa liña tamén resulta conveniente dar un paso máis aló e requirir unha revisión moi ambiciosa da normativa actual. Cómpre revisar a regulación sobre tripulacións mínimas, tendo en conta as problemáticas descritas con anterioridade.

Se abordamos este tema, teríamos que falar dunha orde ministerial que data de 1964, e ¡canto non ten cambiado a pesca desde entón! E, ¿por que non?, Galicia tamén pode liderar o debate e a reflexión sobre estas reformas. Hoxe temos a oportunidade de facelo. Ademais, trocar a antiga normativa sobre tripulacións mínimas por unha máis moderna non ten por qué estar reñido nin coa dignidade no exercicio da profesión nin coa defensa dunhas condicións sociolaborais e de seguridade axeitadas nin co fomento da galeguidade das tripulacións.

Pero tamén é certo que na pasada lexislatura non se ten plantexado este debate, nestes catro anos de goberno bipartito, por parte do Goberno, non así por parte de quen formaba naquel momento as bancadas da oposición. E non podemos adialo máis. Cómpre abordalo con valentía e determinación, porque non podemos dar as costas á realidade. Porque aos políticos, aos servidores públicos, nos pagan para ofrecer solucións e non para ser parte do problema.

Queremos tamén falar de Europa, da necesidade de que os barcos galegos non se vexan prexudicados. Que a diversidade normativa entre os países europeos en materia de cadros mínimos non supoña unha competencia desleal para a nosa flota. Cómpre avanzar na harmonización da normativa aplicable en todos os países europeos sobre as atribucións e competencias dos distintos postos do escalafón. Que os patróns, que os oficiais da ponte, o persoal de máquinas, teñan as mesmas funcións segundo a normativa particular dos distintos países europeos. Non nos conformamos con que Galicia saia perdendo nin con pechar os ollos como fixo o bipartito ante a progresiva substitución dos tripulantes galegos.

O Partido Popular aposta tamén pola necesidade de promover a homologación completa a nivel europeo en atribucións –xa dixemos como– harmonizando a lexislación, pero tamén a nivel de títulos profesionais. Queremos un marco común nas atribucións de titulados náutico-pesqueiros, común a todos os países de Europa e homologable dentro da organización marítima internacional.

Esta non é a primeira vez que a Cámara galega escoita estas propostas, porque o Partido Popular sempre estivo comprometido con esta labours, porque sabemos dos problemas do mar e temos vontade para corrixilos. Pero si é a primeira vez que podemos plantexalo como forza de goberno, como partido de goberno e co respaldo maioritario da sociedade galega.

O Partido Popular sempre tomou a iniciativa, agora esperamos que o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego estean á altura das circunstancias, e que o cambio das bancadas do goberno polas da oposición servera para que despertaran da súa xordeira. Que sumen o seu voto a un acordo que enriqueza unha mensaxe clara: Galicia, que lidera o mundo do mar en Europa, tamén ten valentía, disposición e ánimo para liderar as solucións.

Soubemos escoitar o sector, avaliar as circunstancias e liderar as solucións. Estou seguro que o Goberno galego sabará facelo, a nova Administración así o ten demostrado xa. Agora a dúbida é se podemos contar cos grupos da oposición. Pola nosa parte existe vontade de consenso para chegar a un acordo.

Nada máis e moitas grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Balseiro.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Lobeira Domínguez.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados.

Este que hoxe nos trae aquí o Partido Popular non é un debate novo nesta Cámara, efectivamente. Xa na anterior lexislatura o Partido Popular, a través do señor Balseiro, ten suscitado en máis ocasións un debate destas características, mais non exactamente do mesmo tipo.

Afortunadamente, nesta ocasión tanto a iniciativa escrita como a oralidade ocultan ou omiten unha serie de auténticas barbaridades que o Partido Popular ten chegado a defender de xeito absolutamente desacomplexado. Comprobamos con satisfacción o feito de que probablemente desde a propia Consellaría do Mar foran quen de edulcorar a posición do señor Balseiro suavizando o texto da proposición non de lei. O que pide a proposición non de lei non é nin máis nin menos que facer un informe e elaborar un estudo. Para iso, desde logo, xa o pode facer o propio Goberno, e a nós parécenos bon que se fagan os informes e os estudos que fagan falta. Iso si, nós imos ao fondo da cuestión, que é o que nos preocupa, coñecendo precisamente de onde procede —do Partido Popular— esta iniciativa, coñecendo os antecedentes que se teñen debatido a este respecto no Parlamento galego.

Esta proposición non de lei do PP propón, por exemplo, que nese estudo se observe e se estude a posibilidade de modificar a Orde ministerial de 1964 sobre tripulacións mínimas, entendendo que o actual nivel de tecnificación e automatización dos buques pesqueiros debe conlevar unha redución do seu cadro de persoal.

En primeiro lugar, a orde ministerial á que fai alusión, de 1964, non é unha orde que regule o cadro de persoal de traballo nun buque pesqueiro. Non, xa llo teño dito en máis dunha ocasión. Establece o mínimo cadro para que un buque se desprace dun porto a outro, mais non o que son as condi-

cións de traballo habituais nunha embarcación pesqueira, ata o punto de que determinadas categorías laborais como a de fogoneiro aínda siguen existindo nesa orde ministerial de 1964.

Existe outra normativa, neste caso convenios internacionais, como é o Convenio STCW de gardas do mar, que establecen, efectivamente, gardas mínimas tanto na ponte como en máquinas, por tanto vinculadas exclusivamente a postos de responsabilidade, mais tampouco fan alusión ás condicións de traballo, de xornada laboral ou de cadro de persoal en xeral dun buque pesqueiro.

Con todo, no Bloque Nacionalista Galego facemos unha análise ben diferente, que fundamenta a presentación da nosa emenda de substitución ao texto que presenta o Partido Popular. Non é nova a nosa posición, en esencia afirma que non se pode superar unha situación de crise obxectiva que, efectivamente, está padecendo o sector pesqueiro galego a través da degradación das condicións de traballo dos mariñeiros embarcados nesa flota, nin pola vía da degradación da formación nin pola vía da redución do cadro de persoal nas propias embarcacións.

Se hai unha situación de crise económica, pois haberá que enfrentala, e o Goberno galego tamén ten instrumentos que pode optimizar a través da valoración dos produtos pesqueiros extraídos do mar, da mellora da comercialización, do control das importacións, de moitas outras vías. Mais nós no que non imos entrar é en utilizar o problema dos custos sociais ou laborais como método para degradar aínda máis as condicións de traballo dun colectivo de traballadores, dun colectivo de mariñeiros, que nós pensamos que o que precisamos é todo o contrario, dignificar e humanizar moitísimo máis as súas condicións sociolaborais, e así o facemos na nosa emenda.

O Goberno español ten moitísimas responsabilidades nos problemas de formación. Nós, o BNG, si estamos a favor de que se adapte a normativa vixente en materia de formación á realidade específica do sector. Pensamos que hai moito que avanzar nese ámbito. Agora ben, señor Balseiro, a Consellaría do Mar, por exemplo, xestiona unha serie de titulacións específicas que son básicas, como por exemplo o cambio, a substitución, indo polo máis básico, de competencia mariñeira, mariñeiro-pescador, e vostede sabe que na Escola

Náutico-Pesqueira de Ferrol hai unha lista de espera de centos de mariñeiros. Sabe que hai mariñeiros galegos que tiveron que marchar do seu país para acceder a unha titulación que é básica, como a de mariñeiro-pescador. Sabe –e o debatimos na última Comisión de Pesca– que, a diferenza do que acontecía o ano pasado, o novo Goberno do Partido Popular suprime a gratuidade da estadía, da manutención, na Escola Náutico-Pesqueira de Ferrol para que aqueles tripulantes, mariñeiros tanto de ponte como mariñeiros de máquinas embarcados en buques de máis de 10 GT, aos que lles seña indispensable esta titulación para acceder a un posto de traballo. Pois agora xa non lle é gratis, teñen que pagar, e iso non axuda do punto de vista da formación para completar tripulacións, ¿verdade que non? Pois isto é unha responsabilidade da Consellaría do Mar. ¡Tomen nota!

Claro, é moi doado dicir: é culpa todo do Goberno español, da Unión Europea e da Organización Marítima Internacional. E nós pensamos que si teñen responsabilidade, mais aquelas cuestións que si pode resolver o Goberno galego, que o faga; que o faga e canto antes. E non o está facendo, como comprobamos na última Comisión de Pesca.

Nós seguimos insistindo: hai que adaptar a normativa vixente en materia de formación á realidade específica do sector pesqueiro galego, porque non está adaptada. Pero, ollo, ollo –e o defendimos e o seguimos a defender, sempre o fixemos así–, o sector pesqueiro galego, en concreto os tripulantes embarcados na nosa flota pesqueira, precisan de dignificación das súas condicións de traballo.

Non é normal, sendo unha potencia pesqueira como somos, que aquí non haxa ningún convenio colectivo, que non haxa negociación colectiva, no mundo do mar. Non é normal –condicións de carácter retributivo á parte neste caso– que haxa problemas para acceder a coeficientes reductores da idade de xubilación en función de que tipo de flota, mesmo para acceder a unha xubilación digna. Porque a veces, falando deste colectivo de traballadores, nos esquecemos, ou hai quen se esquece, xa non digo de que sexan traballadores, de que son seres humanos.

E nos encontramos nun momento, ademais, de progresiva substitución –e o falabamos aínda o outro día na Comisión de Pesca– de mariñeiros galegos por outros procedentes doutras nacionalidades, fundamentalmente indonesios, que pro-

vocan a degradación das condicións de traballo, retributivas e condicións de vida desta masa de traballadores ate uns niveis que non se coñecían. Hai mariñeiros indonesios embarcados na nosa flota pesqueira en condicións de auténtica miseria retributiva. É así. Hai buques de altura con 40 tripulantes dos cales hai 10 asegurados, e onde hai catro salarios diferentes en función practicamente da nacionalidade de cadaquén. E teoricamente hai inspeccións de buques, inspeccións de traballo, que para ese tipo de cousas non existen.

Nós estamos por dignificar as condicións de vida e de traballo dos mariñeiros, da nosa flota, si señor, e a crise non poden pagala eles. Hai que establecer outro tipo de mecanismos –como dixen, que é posíbel– para valorizar os produtos pesqueiros. Seguimos apostando pola mellora desas condicións de traballo.

Por non poder, os mariñeiros de altura galegos non poden nin votar. Ate niso lle levan ventaxa os mortos da Arxentina, que votan, ¡e vaia se votan! E ben que se ten aproveitado o PP, por certo. E non só exclusivamente do voto dos mortos. Os mariñeiros galegos, non. Os embarcados na flota de altura non poden votar. Por tanto, ni sequera dereitos civís.

Por tanto, a realidade para nós é ben diferente. A nosa emenda, como pode comprobar, vai na dirección contraria. Cremos que si hai que adaptar a normativa en materia de formación á realidade específica da nosa flota, mais non para degradar esas condicións de traballo ou para reducir as tripulacións, senón para adaptalas ao que é a realidade en ponte, en máquinas, na cuberta ou en servizos xerais da embarcación, á realidade e ás necesidades dese sector.

Porque o que temos escoitado aquí, e afortunadamente neste caso non aparece nesta proposición non de lei, pero é o fundamento, a esencia, do proxecto político do Partido Popular en relación co mundo do mar, é: menos formación. E nós estamos de acordo en que a experiencia no mundo do mar incrementa a formación, naturalmente. Mais o outro, quitar formación, é evidente que aumenta riscos. Menos tripulantes, máis xornada laboral, máis sobreexplotación laboral, máis fatiga, máis riscos, máis inseguranza no mundo do mar.

Por tanto, ¿adaptar a formación á realidade do sector? Si. ¿Degradar as condicións de traballo e reducir tripulacións?

Señor Balseiro, señores do Partido Popular, co Bloque Nacionalista Galego non contén.

Obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Lobeira.

Polo Grupo dos Socialistas ten a palabra a señora Soneira Tajés.

A señora SONEIRA TAJES: Señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, este é un vello tema que o Partido Popular ten traído a esta Cámara en varias ocasións, e concordo co señor Lobeira en que hai matices –afortunadamente– distintos; algúns deles eu diría, incluso, que retratan, digamos, o fondo de quen presenta estas iniciativas. Porque aquí podemos recurrir ao debate da última vez que vén en practicamente o mesmo texto, con estas modificacións de matices que son moi importantes, e podemos repasar o que se argumentaba naquel momento e o que se argumenta hoxe.

Cando falamos, señor Balseiro, señores do Partido Popular, de adaptar a realidade formativa, a realidade laboral e as necesidades da nosa flota, hai que dicir algunhas cousas. Hai que dicir, por exemplo, que no orzamento para o 2008 o Goberno anterior aumentou en máis de tres millóns de euros a partida específica do programa 422K, que é o de formación pesqueira; 3.238.025 euros foi o aumento que se produxo, entre outras cousas ao poñer en marcha o Plan Céfiro, que daba, era produto, dun grupo de traballo que recomendaba a formación a todos os niveles para os tripulantes da nosa flota, tanto para os tripulantes de condición, digamos, que máis modesta, con menos titulación, como para aqueles que necesitaban unha adaptación ás novas tecnoloxías, o aproveitamento e a optimización de todas as melloras e evolución tecnolóxica que hoxe están a bordo dos nosos barcos.

Bueno, no orzamento que está hoxe vixente, 2010, a Consellería do Mar, a pesar de que incorporárselle orzamentos que significa Portos de Galicia –porque tamén a formación incluía a formación para todo o que ten que ver coas súas instalacións portuarias– baixou en 1.535.797 euros, señor Balseiro. E unha cousa é predicar e outra dar trigo. Ao

final, o que non podemos é pedir mellorar as condicións de formación e solucionar os problemas da nosa flota cando por vía orzamentaria nun solo exercicio reduxemos os orzamentos para a formación pesqueira de 10.336.862 euros a 8.801.065 euros. Esa é a realidade coa que temos que contar.

E podemos vir aquí a defender –que me parece razoable– a resolución dalgún problema que ten especificamente algún segmento da nosa flota, e máis concretamente esta. Pero, por exemplo –diciáo moi ben o señor Lobeira–, cando un barco noso... Non me vale que poña o exemplo de Gran Bretaña, porque vostede sabe que tamén aquí a normativa non é igual para un barco que salga de Burela e vaia nunha xornada diaria de dezaseis horas que se ten que ir ao Gran Sol. Claro, a min non me estraña que pidan menos obrigacións a unha tripulación que sale de calquera porto de Gran Bretaña, que ten o caladoiro, ao mellor, a catro ou cinco horas e que en vinte e catro horas está en porto, pero se ten que estar dúas ou tres semanas para completar a marea, señora Balseiro, ¿vámoslle pedir a mesma esixencia? Parece que todo iso temos que estudialo.

E, segundo, vostedes recortaron absolutamente todo o que tiña que ver co Plan Céfiro, e hai un dato, un tema que é moi importante, por exemplo, algo que parece que ten unha importancia relativa: o idioma de comunicación a bordo dun barco, nestos que teñen tres, catro, cinco nacionalidades, con distintos niveles de formación, ¿cal é?, ¿quen llo enséña? Vostede creo que sabe –non vou a discutilo– que a linguaxe mariñeira ponlle un nome a cada unha das pezas dunha embarcación e dun útil de pesca. Bueno, cando temos a bordo dun barco, con distintos salarios, como moi ben dicía o señor Lobeira, a españoles, a caboverdianos, a peruanos, a filipinos, ¿vostede non cre que é necesario tamén que a estos lles demos formación e que non os obriguemos a durmir nun coche nunha rúa de Ferrol porque este ano a Consellería do Mar reduxo en máis de millón e medio os recursos para a formación? ¿Ou que teñan que durmir no...? Si, si, si, señor Negreira, é así. Pregunte vostede nos Servizos Sociais de Ferrol e verá que hai inmigrantes, que os demandan os armadores, os tripulantes, e que necesitan a titulación obrigatoria para ser enrolados e que están durmindo durante dúas semanas –porque o curso é intensivo– nun aloxamento para indixentes en Ferrol porque non se poden pagar ningunha pensión, e non van a durmir nas rúas. Eso é a primeira vez que pasa en Galicia como consecuencia destas econo-

mías tan estrañas que fai este Goberno que nos levan a reducir sobre todo naqueles que máis o necesitan. Despois facemos o que cadre, incluso hasta cambiamos e compramos unha “aiga” nova cando temos dezasete pudréndose alí nun garaxe cheo de polvo. Polo tanto, as prioridades xa sabemos cales son.

¿Que dicía, en todo caso, e que nos di a Xunta de Galicia? Eu teño aquí unha resposta, señor Balseiro, que me dá a Consellería do Mar onde eu me preocupo por estos temas e lle digo que a flota do cerco ten auténticos problemas para cubrir a súa tripulación. ¿E que me contesta a Consellería do Mar a través de don Roberto Castro? Di: “A Consellería do Mar, aínda que non lle corresponde a Xunta de Galicia facilitar man de obra aos pesqueiros en canto que non se trata dunha axencia de embarque de tripulantes...”. Pero bueno, ¿vostede querenos convencer realmente de que hai preocupación cando esta é a resposta que se nos dá? Pois claro que hai un problema, ¡home!, e hai un problema porque, desgraciadamente, cos salarios que se acadan á parte na flota do cerco, pois só se enrolan inmigrantes, salvo nos postos e nos cadros de mando e cando o armador é o propietario que vai a defender os seus intereses.

Pero claro, señor Balseiro, eu tampouco lle escoitei a vostede nada aquí pedir que o Goberno de Galicia asuma as súas competencias en formación, cando vostede, no debate último que tivemos aquí, nesta Cámara, sobre esto, dicía... –non o vou ler porque se non agoto o meu tempo– Hai vontade de chegar a acordos para solucionar problemas, pero vostede daquela dicía pouco menos que a responsabilidade era única e exclusivamente do Goberno de Galicia. Decíao cando se debateu aquí, e non lle escoitei absolutamente nada de momento. E aquí xa se dixo que vostede, que o Goberno de Galicia, ten moitísima responsabilidade en canto ao que é a política formativa, e, desde logo, non lle vou repetir o que lle dixen antes.

Primeiro, nós, desde logo, os titulados náutico-pesqueiros, no sentido que plantea vostede a iniciativa, non están de acordo; polo tanto, a primeira información que vostede plantea eu creo que había que, en fin, polo menos matizala. Non discutimos a necesidade que teñen as empresas armadoras e os barcos en dotarse de tripulación cualificada e, ademais, con experiencia. Eso asumímolos todos, pero témoslle que buscar solucións, non vamos a cambiar o marco de relacións

laborais sencillamente a proposta de parte. E aí vai a nosa emenda.

¿Que significa eso? Pois significa que, desde logo, temos que xenerar formación desde as propias competencias da Xunta de Galicia para coas tripulacións en todos os seus niveles. Un armador pon nas mans de xente moi cualificada e de xente menos cualificada investimentos multimillonarios, e estamos a falar de que a moitas desas tripulacións lles negamos a formación básica mínima. Dicía o señor Lobeira, centos. Eu dígolle o número, señor Lobeira: máis de 600 personas están en lista de espera para recibir formación básica obrigatoria para ser enrolados na Escola de Formación Náutico-Pesqueira de Ferrol. ¿Que significa eso? Que temos 600 posibilidades de emprego que estamos desaproveitando, e temos 600 posibilidades de empresas armadoras que non poden enrolar a mariñeiros e a técnicos sencillamente porque a Xunta de Galicia reduce o seu orzamento en máis de millón e medio.

E ¿que lle pedimos, ademais –porque estou acabando o tempo–? Pois que creemos unha mesa. Eu creo que a nosa emenda é compatible co que propón vostede e co que propón –tamén como emenda– o grupo nacionalista: unha mesa onde nós tamén aportemos, porque vostede sabe ou debería saber que este tema estase estudiando, liderado por “Marina Mercante”, con distintos colectivos para tratar de buscar unha solución ás máis de 500 normas que inciden no exercicio da nosa pesca, dependendo do nivel. Mírame o señor Santalices como sorprendido. É certo, señor Santalices, temos regulación autonómica, estatal, da Unión Europea e temos lexislación aplicable dos convenios marítimos internacionais, e é un galimatías, e temos ademais normas que hoxe pois ¡hombre! xa nin tan sequera na propia nomenclatura das referencias que se fan se utilizan.

Polo tanto, ¿que pedimos nós? Desde o punto das relacións laborais, non é normal que aquí aprobemos unha norma que exclusivamente se fai a petición de parte. Os traballadores terán que dicir algo, as organizacións tamén. Porque hai unha cousa que vostede obvia nesta iniciativa –a que debatimos anteriormente e que lle votamos en contra no seu momento–, vostede dicía que a presentaba despois de asistir a unhas xornadas, cun grupo moi determinado...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES:... –sí, remato, señor presidente–, que nos parece lexítimo e normal; agora, algo terán que decir os traballadores, algo terán que decir os sindicatos, algo terá que dicir a Administración. Polo tanto, a nosa emenda vai nese sentido. Cumpramos nós como comunidade autónoma a nosa obrigación e formemos. E, segundo, creemos unha mesa donde todos participemos e donde propoñamos ao Estado as reformas desde o noso punto de vista que, ademais, son moi importantes pola importancia da nosa flota.

Nada máis. E a nosa vontade para chegar a acordos, tamén. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Soneira.

Para pechar este debate, ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Gracias, señor presidente.

Señoras deputadas.

Señor Lobeira, falou vostede de barbaridade. Barbaridade é a resposta que lle deron a este deputado cando vostede estaba no Goberno dicindo que no sector non había problemas de titulados náutico-pesqueiros. Están aquí os membros do sector e dirán se isto é unha barbaridade ou non; (*Aplausos.*) aquel Goberno que vostede apoiaba. Esa si que é unha barbaridade.

Falou vostede, coma sempre... E vostede, do acordo da emenda, le dous puntos e deixa outros dous puntos sen ler. Vostede sempre manipulando a información. Aquí pídese que se proceda á revisión da normativa vixente sobre a asignación de tripulacións mínimas á que fai referencia a Orde ministerial de 1964 e que se senten as bases para humanizar as existenciais legais de cuadros mínimos. Isto é o que se dice.

Fala vostede tamén..., falou vostede aquí de tantas cousas, e falou tamén a señora Soneira dicindo que a competencia que tiña a Xunta de Galicia... Vamos a ver, as competencias son do Goberno central, quéirano vostedes ou non o queiran, son do Goberno central, a través do Ministerio de Educación, quéirano vostede ou non o queiran. O departa-

mento de pesca só é o encargado de conceder a tarxeta profesional correspondente, pero as competencias son de aquí. E tamén é de ter valentía para defendelo diante da Unión Europea, que de momento o Goberno central esa valentía non a tuvo.

Falan vostedes e nos acusan de reducir o emprego. Miren, non hai emprego cos barcos amarrados. Porque vostede falou agora aquí dos indonesios, falou de non sei cantas cousas, pero se non son os indonesios a flota está amarrada; entón, non hai nin para os galegos nin para os outros. Esa é a realidade, se vostedes o queren ver. E non podemos condenar ao paro á xente por carecer de titulación suficiente, porque non hai un relevo xeneracional para a xente do mar, e iso sabémolo todos, salvo vostedes, que siguen todavía na oposición, encerrados nesta casa. Non saian desta casa, non vaian por aí polos portos –ao mellor, algúns non os queren escoitar a vostedes anque vaian–, pero sería bon, os poucos que os escoitan, que falaran con eles, e lles dirían o que lles estamos dicindo nosoutros aquí neste momento: que non hai relevo xeneracional, non hai xente que queira ir ao mar, e, se non é por esta xente, os barcos estarían amarrados.

E acabamos tamén contratando –aí coincido coma vostede– persoal foráneo, con peor formación. Pero flexibilizar os criterios e adaptalos á realidade non é reducir o emprego, señor Lobeira, é garantir a operatividade da flota, con totais garantías de formación, con totais garantías de seguridade marítima e con personal máis experimentado.

E fan vostedes da Escola Náutico-Pesqueira de Ferrol, aí os queriamos ver nosoutros. Mire, todos os cursos de formación da Consellería do Mar son gratuítos, todos; todos os cursos de formación da Consellería do Mar son gratuítos. Isto si que contrasta co feito de que... (*A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.*) –¿tamén vostede entende, señora Sestayo, de pesca? Vostede é moi lista– Contrasta co feito polo Goberno central do PSOE co Centro de Jovellanos de Xixón, que depende do Estado, e que ten un custo de 1.409 euros –sen incluír manutención nin pernocta– cada curso. Eso é o que defenden vostedes. E as órdenes de axuda á formación marítima foron publicadas nos mesmos termos que as do bipartito. ¿Cal é o problema que teñen vostedes? ¿Saben cal é o problema que teñen vostedes? A presenza na hoxpedaría de persoas que realizan os cursos de formación básica, estudantes alleos á escola; é un

problema que heredou este Goberno. E ¿por que o heredou este Goberno? Non había un criterio de admisión e as persoas, nin na hoxpedaría nin no comedor regulados. Ademais, o bipartito deixou un contrato erróneo co comedor asinado en marzo do 2009, cando estaba o Goberno en funcións; contrato que ten 50 prazas única e exclusivamente de 90 que ten a hoxpedaría, e agora aumentou a matrícula e a xente non colle polo contrato que vostedes fixeron, porque é certo que a matrícula dos ciclos formativos aumentou nun 33% na escola de Ferrol. Esa é a realidade.

¿E que vostedes non están de acordo nesto? Pois non é ningunha cousa nova, sabémolo os deputados que estabamos aquí na pasada lexislatura. Vostedes votaron catro veces en contra disto, pero, iso si, hoxe lles vamos a garantir aos representantes do sector que esta iniciativa vai saír adiante, e lles vou a garantir máis, vai a saír adiante tal e como está o texto da iniciativa, porque xa vin que vostedes non estaban polo consenso. Nós anunciamos que estabamos polo consenso na primeira intervención. Despois de oílos a vostedes, claro, fixéronnos cambiar o sentido da iniciativa e dicirllles que non vamos a contar con vostedes. Se vostedes queren sumarse, súmense a esta iniciativa, e se vostedes queren seguir sendo un obstáculo para que isto saia adiante sigan sendo un obstáculo, pero a iniciativa si temos garantizado que vai saír adiante.

Nada máis e moitas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Balseiro.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María Carmen Acuña do Campo e tres deputados máis, sobre as actuacións para levar a cabo co fin de paliar os efectos da crise económica nas empresas galegas do sector da lousa

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): A esta proposición non de lei presentáronse as emendas documento número 24805, do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, e a emenda documento número 24809, do Grupo Popular.

(O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu depurado Henrique Viéitez Alonso e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regula-

mento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei doc. núm. 2086, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións para levar a cabo co fin de paliar os efectos da crise económica nas empresas galegas do sector da lousa, que será debatida na sesión plenaria do día 23 de febreiro de 2010. (08/PNP73).

Emenda nº 1 de Modificación

Débese substituír o punto 2. da Proposición non de lei polo seguinte:

"2.— Lanzamento dunha campaña de promoción nos mercados internos, tanto galego como estatal, recalcando os beneficios da lousa ante os produtos alternativos de menor custe e peor calidade."

Emenda nº 2 de Adición

Débense engadir ao final do punto 2 os seguintes puntos:

" 3. Fomento de convenios de colaboración, mediante o Centro Tecnolóxico da Lousa, coa FEGAMP, administracións autonómica e locais coa Asociación Galega de Pizarristas para o apoio técnico na colocación e mantemento das obras públicas nas que se empregue a lousa.

4. Campaña de comunicación directa ás corporacións locais ao obxecto de informar ás equipas redactoras de planeamento e técnicos/as municipais para que, a hora da elaboración do planeamento, se teña en conta as cualidades e características da lousa, co obxecto de tender a que as restricións do seu uso sexa en función da necesaria adaptación das edificacións ao entorno e ao medio natural e atendendo, en casos particulares, aos elementos e edificacións tradicionais.

5. Instar ao Goberno do Estado a que as importacións cumpran un certificado de extracción e elaboración no que contemplen as mesmas condicións que se lles esixen ás empresas propias.

6. Fomento da diversificación do seu uso, nomeadamente orientada ao revestimento de paredes e pavimentos."

Emenda n" 3 de Modificación

Débase substituír o punto 3 da Proposición non de lei polo seguinte:

"7. Poñer en marcha un plan para promocionar e potenciar o mercado da lousa galega na Franza, Reino Unido, Alemaña, Irlanda, Benelux e nos países do Este de recente incorporación á UE. "

(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e a iniciativa do seu deputado Alberto Sueiro Pastoriza, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións para levar a cabo co fin de paliar os efectos da crise económica nas empresas galegas do sector da lousa 08/PNP0073 (2086).

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Continúe co apoio dirixido a facilitar o acceso ao capital circulante así como o acceso a financiación adicional para as empresas relacionadas coa pedra natural que demostren que son viables e con futuro.

2. Estableza as medidas necesarias de cara a busca de novos mercados, á internacionalización das empresas relacionadas coa pedra natural e a súa potenciación mediante plans de promoción a nivel internacional nos que se poña en valor estes recursos."

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Ten a palabra, para formular a proposición non de lei, a señora Acuña do Campo.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Gracias, presidente, e boa tarde, señorías.

A lousa, como as súas señorías saben ben, é unha roca característica da nosa xeografía e utilízase dende sempre en

Galicia como material de construción natural porque permanece case inalterable co paso do tempo e, ademais, é moi resistente aos ataques atmosféricos.

España é o primeiro país do mundo produtor de pizarra, e Galicia representa o 70% desa produción estatal, o que a converte na primeira potencia mundial produtora e exportadora de pizarra elaborada.

A maioría da lousa producida destínase á exportación e véndese fundamentalmente en Francia, Alemania, Reino Unido, Bélxica e Irlanda. Xera esta actividade só na comarca de Valdeorras, ou, mellor dito, antes da crise, xeraba uns 3.200 empregos directos, aínda que hoxe falemos só duns 2.400, e máis de catro indirectos por cada un deles.

Mención especial vou facer dende aquí para os colocadores de lousa, que chegaron a ser máis de mil só nesa comarca e que levan diminuído ata nun 70% debido á crise da construción.

Recalcar que esta industria, a industria da lousa, resulta moi importante para Galicia, xa que supón o 3,3% do PIB da nosa Comunidade Autónoma, do produto interior bruto.

Ademais, e sobre todo, señorías, esta actividade resulta imprescindible para as comarcas do interior de Galicia, para asegurar a súa supervivencia, xa que se vive dese monocultivo, e a quebra do mesmo podería conlevar ao despoboamento masivo pola situación de verdadeira necesidade económica, de penuria económica que se produciría.

En comarcas como a de Valdeorras, en Ourense, ou na zona de Quiroga, no sur de Lugo, a lousa o é todo, xa que alí se depende practicamente desa actividade. Mais este produto tan interesante para o noso mercado, tanto interior como exterior, está pasándoo mal por mor da crise. Case un 20% era a porcentaxe de descenso rexistrada nas exportacións de pizarra o ano pasado. Alomenos estes eran os datos que o sector comunicaba na asemblea xeral convocada pola AGP, pola Asociación Galega de Pizarristas o pasado mes de xuño; por certo, o mesmo mes en que dende o noso grupo se rexistraba esta iniciativa. Sen esquecer, señorías, que previamente a lousa xa caera cáseque un 20%.

Agora temos que dicir que, debido ao comportamento do mercado exterior, recuperouse un pouco, ou polo menos dei-

xou de caer, excepto no Reino Unido, onde continúan con grandes e serias dificultades. Os louseiros, sen embargo, seguen pesimistas e din que non están a vender lousa, que máis ben lles compren a lousa, xa que o precio non o están apoñer eles.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas dende que se iniciou a crise non deixou de pedir medidas específicas para axudar a un sector que para nós está a vivir dúas crisis ao mesmo tempo: a crise da construción, xa que se trata dun produto cuxa principal utilidade é precisamente esa, e a propia crise económica que está a sufrir o conxunto da economía internacional e que lles afecta tamén, como a calquera outro tecido empresarial.

Os socialistas sempre fomos sensibles ás circunstancias deste sector e, cando tivemos responsabilidades de goberno, con criterio e con coherencia deixamos patente ese interese.

Durante a pasada lexislatura se rematou por fin coa situación de alegaldade na que os anteriores gobernos populares galegos mantiveron, e durante moitos anos, o sector da lousa. Se puxo en marcha a Lei de minas, donde se contempla unha vía administrativa que permite, por fin, conseguir as licencias urbanísticas municipais oportunas. Pero, ademais, dende o Igape se impulsaron liñas de internalización e se puxeron en marcha novas liñas de financiamento; por certo, das que agora vostedes pretenden apropiarse a través dun convenio entre sociedades financeiras e sociedades de garantía recíproca para conceder préstamos para cubrir necesidades de ampliación de capital, financiamento de circulante e renegociar o pasivo.

Se potenciou a actividade do Centro de Tecnificación da Lousa, garantindo o persoal suficiente para poder facer os controis de calidade da pedra sen ter que ir a Francia a facelos como ata entón. E se asegurou, a través da Consellería de Traballo, un plan específico para os parados do sector da lousa que permitía mantelos nas comarcas extractivas á espera de que a situación mellorase e poideran ser recolocados nesas empresas, dada a formación tan específica que teñen eses traballadores e a importancia de fixar poboación nesas comarcas. En definitiva, se xestionou para tratar a crise deste sector dende varios frentes.

Pois ben, nós agora nos preguntamos qué ten feito o Partido Popular por este sector, qué levan feito vostedes, que

tanto prometeron dende que chegaron ao Goberno, pola lousa galega. Cando vostedes estaban na oposición tan só tiveron en conta a lousa para facer demagogia, e ademais non dubidaron en utilizar un sector tan importante, como é o desta minería, na súa sucia campaña electoral. Trouxeron a lousa a esta Cámara, si, pero só para facer campaña, pedindo cousas tan absurdas como que se abrisen novos mercados, por exemplo, en Canada; por certo, sabendo ustedes moi ben, señorías, que Canada é un país exportador de lousa e, ademais, en plena crise todos os expertos recomendan que o que temos que facer é potenciar os mercados existentes. Pero isto lles serviu para despois ir alí dicindo que o BNG e o PSdeG votaran en contra da súa proposta para a lousa, da súa absurda e pintoresca proposta, para ser exactos, porque así é como fan vostedes as cousas, e ademais a lousa non lle importaba o máis mínimo, o único que buscaban era facer este anuncio. Unha vez coñecida a negativa do PSOE e o Bloque, o voceiro de industria do Grupo Popular, Ángel Bernardo Tahoces, anunciou que o próximo Goberno do PP de Galicia presidido por Feijóo “porá en marcha de forma inmediata ese Plan de internalización e difusión da lousa galega como instrumento acaído para superar a crise actual, a maior que se recorda na historia recente do sector”. Mensaxe este que, por certo, aínda conservan vostedes na súa páxina *web* como fiel testimonio dos seus incumprimentos.

E, se eso fixeron vostedes coa lousa dende a oposición, ao chegar ao Goberno, ¿que fixeron? Pois, miren, paralizaron o proceso de concesión de licencias, de maneira que en todo este ano tan só se tramitaron esas 23 licencias que quedaron xa case rematadas polo anterior Goberno –Si, si, señor conselleiro.–, suprimiron o Plan Laxa para os parados da lousa, polo que en enero, que rematou ese plan, se disparou o paro de forma moi significativa nesas comarcas. Claro que a vostedes, co seu habitual cinismo político, iso non lles preocupa nada. Para vostedes, eu penso que incluso lles parece mellor así, porque así teñen vostedes a oportunidade de botarlle a culpa a Zapatero, como se o Goberno popular galego non tivera competencias. Pois lle recordo que o paro e que a marcha da economía galega depende de vostedes.

Suprimiron tamén as axudas para os traballadores do Centro de Tecnificación da Lousa, poñendo en perigo a homologación conseguida. Pero o máis grave é que continúan vostedes pretendendo enganar e utilizar o sector. Busquen vostedes, señorías, nos orzamentos da Xunta do señor Feijóo

a ver se encontran algunha partida para ese plan de internalización que fan poñer en marcha de forma tan inmediata.

A Dirección Xeral de Minas transfire á Consellería de Industria uns 900.000 euros sen definir, que son os que vostedes esgrimen cada vez que nós lles preguntamos polas axudas á lousa; euros, que, miren, valen igual para levar a cabo a internalización das nosas empresas que para axudalas nas súas dificultades de financiación. Tiveron que ser os propios pizarristas os que lle fixeron ver que con eses euros non chega nin para financiar a unha soa; así que moito menos para atender o sector no seu conxunto.

Peor é que, ademais, os créditos que negociaron vostedes coas entidades bancarias son —me van permitir que lles diga— para chorar. Conseguen vostedes os créditos cuns intereses moi superiores aos que lles ofrecen a eles directamente. ¿Saben que din alí? ¡Que menudo negocio lles queren montar vostedes aos bancos! Por iso nós, e a pesar de que esta iniciativa xa foi rexistrada no mes de xuño e hoxe poderíamos engadir moitas máis medidas para combater a crise nese sector, optamos por pedir que alomenos se continúe facendo o que quedaba xa en marcha co anterior Goberno, xa que parece que o Goberno do señor Feijóo nin sabe nin quere facer nada máis. Por iso hoxe pedimos financiamento, si...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO:... —remato, señor presidente—, pero en condicións; internalización, si, fomentando os mercados internacionais xa; e medidas urxentes e específicas para potenciar o mercado no Reino Unido, que é o que máis caeu, de tal maneira que as empresas de lousa que viven do mercado da exportación no Reino Unido son as que peor o están pasando nestes momentos.

Pedímoslle non xa que fagan o que prometían, senón que, polo menos, continúen vostedes facendo o que xa se estaba a facer, e para iso esperamos contar co apoio da Cámara.

Moitas grazas e desculpas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Acuña.

Intervención dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Polo do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Viéitez Alonso.

O señor VIÉITEZ ALONSO: Boas tardes a todos e a todas.

Gracias, presidente.

Á mañá, no debate ao que asistimos sobre a modificación da Lei do solo, entre outras cuestións, nas intervencións, escoitamos que era unha ferramenta moi importante, entre outras cousas para fixar poboación e, sobre todo, para evitar o desequilibrio territorial que había entre a franxa costeira e o interior. Vén a conto esta reflexión que escoitamos á mañá cando tratamos do sector da lousa. E é como a partir dun recurso natural implantado en zonas xeográficas moi concretas, como se comentou fai pouco pola portavoz do Partido Socialista, no caso concreto basicamente de Valdeorras e de Quiroga, pero, bueno, tamén hai noutros lugares, na comarca de Ortigueira, en Vilarchao, en Mondoñedo, na Pastoriza, como, utilizando un recurso local, se é capaz de fixar poboación, xerar emprego e, polo tanto, perspectiva de futuro ás persoas de en donde nacen. Esta reflexión é moi importante porque xa se teñen dado debates eiquí, na Cámara, doutras empresas e doutros sectores que, por diversas circunstancias, están abocados ou pecharon a súa actividade.

E é esta unha das razóns tamén para considerar o sector da lousa como un sector estratéxico para a actividade económica galega. En primeiro lugar, é un sector primario, é certo, pero está moi localizado ou irremediamente ligado ao territorio, e sobre todo a donde se atopa o recurso; e, o que é máis importante, non permite a súa deslocalización a aquelas empresas que están traballando coa lousa, porque este sector, este produto, a lousa, hai que non só extraelo senón tamén transformalo no propio lugar de orixe. E ese é un valor engadido moi importante —insisto— para fixar esa poboación, para xerar emprego e actividade económica, porque sobre todo este recurso, como ustedes saberán, está moi ligado a zonas escasamente industrializadas. Polo tanto, debemos de consideralo —como decía antes— un sector estratéxico da nosa economía. E, o que é máis, este sector primario ten demostrado ser capaz de vertebrar e fixar toda a cadea de valor, creando unha enorme riqueza: como, a partir dunha actividade dun recurso primario fixado moi local-

mente, se é capaz de pechar practicamente todo o ciclo, co que lle dá un valor engadido moi importante. Pero, a pesar disto, é un sector que depende moi moito das vendas no exterior, da exportación; é un sector tremendamente internacionalizado e hasta fai moi pouco cunha balanza de pagos tremendamente positiva. Aproximadamente debe de haber sobre sesenta empresas –en números redondos– donde hasta fai pouco prestaban aproximadamente tamén sobre 2.600 traballadores. E, desde logo, é o principal motor económico destas comarcas produtoras.

Ben, Galiza practicamente representa o 50% da pizarra que se utiliza para as cubertas. Pero, dadas as circunstancias de crise económica a nivel mundial e, sobre todo, pois unha recesión importante, no sector da construción, este sector non é alleo a esas circunstancias. E sobre todo teñen descendido as vendas internacionais aproximadamente nun 20%. Pero tamén teñen descendido aproximadamente un 60% as vendas no mercado interno. E nestes momentos as empresas ou ben están con expedientes de regulación de carácter temporal ou ben pasan por momentos de apuros tremendos porque, entre outras cousas, fáltalles liquidez para ser capaces de ofrecer o seu produto.

E, por suposto, como consecuencia de toda esta situación, ten descendido o que é o emprego, o número de traballadores neste sector, en aproximadamente o 20%. Son uns datos pensamos que importantes e interesantes para que nos leven á reflexión de que este sector require unha atención prioritaria, esencial, fundamental. E, desde logo, non observamos, en practicamente un ano que leva este novo Goberno, medidas concretas, explícitas, para este sector. O único de que alardea é dun convenio de aproximadamente 500.000 euros co sector da pizarra para facer estudos de mercado e internacionalización. Por certo, o fixeron gracias a que o anterior Goberno deixou esa consignación orzamentada.

E, desde logo, hai un aspecto que non podemos deixar de lado, e é que como esta actividade, cun gran impacto no medio ambiente, é necesario que neste caso o Goberno galego desenvolva xa a Lei da minería –que, por certo, está practicamente paralizada– para devolverlle a dignidade a esta actividade e regularizar esta actividade. Nese sentido nós o que temos feito é unha serie de propostas; propostas simples pero estratéxicas para o sector, porque recollen as demandas

do sector en función do que temos falado con eles e que, desde logo, a nós nos parecen importantes.

En primeiro lugar, é moi importante recuperar o mercado interno. Estamos falando de internacionalizar, estamos falando de promover a venda no exterior, que está ben, pero, ¿que facemos a nivel interno?, ¿que medidas temos tomado para reactivar desde as nosas propias necesidades este sector? Pensamos que moi pouco. E nese sentido temos presentado unha serie de emendas que, ao noso entender, complementan a proposición non de lei que presentou o Partido Socialista. Pode ser que a alguén lle pareza que son moitas; a nós, desde logo, o que nos parece –e, insisto, falando co sector– é que son nestes momentos as necesarias para poder reactivar o sector. O sector aínda nestes momentos é tremendamente pesimista. Se ben é certo que hai a reactivación dalgún mercado dalgún país, o que si é certo é que no conxunto o sector aínda non dá arrancado, cando menos coa súa capacidade que viña mantendo antes de presentarse nesta situación.

Polo tanto, nós o que presentamos é unha serie de emendas que paso a delas porque a nós nos parecen imprescindibles: en primeiro lugar, o lanzamento dunha campaña de promoción nos mercados internos, tanto galego como estatal, recalcando os beneficios da lousa ante os produtos alternativos de menor custe e peor calidade. É unha emenda de modificación que presenta o Partido Socialista, pero nós pensamos que recolle dun xeito máis acaído esta realidade.

E despois facemos unha proposta de engadir diversos puntos, que pasan, entre outras cousas, por promocionar mediante convenios de colaboración coas administracións, evidentemente, coa Fegamp, coa Administración autonómica e local e coa Asociación Galega de Pizarristas, para que mediante a utilización e potenciación do Centro Tecnolóxico da Lousa se dea un apoio técnico na colocación e mantemento das obras públicas nas que se empregue a lousa. Ás veces o cartel do produto vén debido non tanto ao produto en si senón a como se utiliza –e moitas veces como se mal utiliza, como mal se usa– nas propias obras. A nós nos parece que o Centro Tecnolóxico da Lousa está chamado a xogar un papel importante para dignificar este tipo de material nas obras públicas.

Hai un aspecto que pensamos que se debe de recoller, e é que debe de haber unha campaña de comunicación direc-

ta, tanto ás equipas redactoras como aos técnicos municipais, para que á hora de cando elaboren o planeamento se teñan en conta as cualidades e as características da lousa, co obxecto de tender a que as restricións que nestes momentos se recollen na Lei do solo sexan en función só única e exclusivamente da necesaria adaptación das edificacións ao entorno e ao medio natural; e atendendo, en casos particulares, aos elementos e edificacións tradicionais. E, desde logo, debemos de instar o Goberno do Estado –por certo, non é ningunha novidade porque se utiliza noutros estados– a que as importacións que entran no propio Estado español cumpran un certificado de extracción e elaboración no que se contemplen as mesmas condicións que se lles esixe ás empresas propias. Isto o teñen utilizado outros países da propia Comunidade Europea, esixindo ben certificados de carácter ambiental, ben certificados en donde se rexistre que non hai...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate.

O señor VIÉITEZ ALONSO:... traballo infantil nestas minas.

E, desde logo, o que si debemos de fomentar é o uso, nomeadamente, da pizarra para o revestimento de paredes e de pavimentos, que nestes momentos está moi pouco utilizado.

Agardemos, en todo caso, que os propoñentes acepten estas modificacións para chegar a un acordo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Viéitez.

Ten a palabra, polo Grupo Popular, o señor Sueiro Pastoriza.

O señor SUEIRO PASTORIZA: Moitas grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Ben, accedo á tribuna para explicar a posición do Grupo Parlamentario Popular e defender ao mesmo tempo a conveniencia da nosa emenda presentada á proposta do Grupo Socialista sobre a situación das empresas galegas do sector

da lousa ou, máis xenericamente, para falar da pedra, do sector da pedra natural de Galicia.

Hai que aclarar, para empezar, que estamos falando de empresas do sector da lousa e da súa problemática e da súa situación actual. Creo que é fundamental aclaralo porque asistimos a un estrano debate por parte da propoñente do Grupo Socialista, presentando, en primeiro lugar, unha proposta que ten nove meses de antigüedad. Eso xa en si mesmo pode parecer unha cuestión salientable, e un non se explica por que alguén, se ten –como dixo– a apreciación de que as cousas mudaron tan sensiblemente, non cambiou a súa proposta e vén a defender algo que defendía ou que propoñía fai nove meses. Despois da súa exposición un xa ten claro cal era a razón: sencillamente os problemas das empresas da lousa pois quedaron en segundo lugar, porque non perdeu nin medio minuto nin medio segundo en intentar defender a situación actual das empresas da lousa; en intentar acreditar que o que ela propoñía era mellor que o que se estaba facendo neste momento. A súa intervención, señora Acuña, era de xuño do ano 2009 e parece que o que tiña escrito tamén nos retrotraía a xuño do 2009. Pero a situación hoxe é completamente distinta e, polo tanto, temos que falar do que está acontecendo hoxe e de cal é a situación hoxe.

Polo tanto, esta extemporaneidade, esta falta de actualidade da súa iniciativa, ten moito que ver con cal era o verdadeiro obxectivo que a trouxo aquí, que non era máis que volver outra volta máis a facer ese continuo *restyling* de defensa do Goberno bipartito –que xa é o pasado e que practicamente a ningún lle importa– e volver a atacar de forma absolutamente inxustificada neste caso o novo Goberno. E nós o que temos que falar é do que fai o Goberno de Galicia hoxe, cal é a situación hoxe e en que situación se atopan as empresas do sector da pedra natural de Galicia hoxe. E por eso é moi importante contextualizar as cuestións, e eu quero facer unha reflexión que é moi importante e que vén acaída a este tema. É preciso adaptar a súa proposta á nova perspectiva, a unha nova perspectiva que incorpore o verdadeiro efecto da crisis, que vostedes negaban sobre as empresas e sobre o conxunto dos sectores produtivos e o conxunto da economía galega. Porque para que as decisións sexan correctas o diagnóstico tamén ten que ser correcto. E, dada a intensidade da crise económica, é certo que as medidas parciais ou máis sectoriais téñense que ver notablemente influenciadas por un carácter máis xeral. A mudanza do

entorno é fundamental para tratar en rigor esta proposta, xa que a extensión xeralizada ao conxunto da actividade empresarial do que se identificaba como un problema sectorial modifica a aproximación aos problemas sinalados, porque inevitablemente necesitamos unha actuación que teña un ámbito máis xeral, menos específico e menos sectorial. E esta extensión ou esta reflexión empresarial tamén é extensible á visión territorial das consecuencias provocadas pola crise económica, xa que, sendo certo que existe unha altísima dependencia de determinados concellos, mesmo comarcas enteiras, da industria da lousa, non é menos certo que a universalización da crise económica está a producir os mesmos efectos sobre outros sectores e para outros territorios igualmente lastrados pola escasa diversificación produtiva. Logo, temos que facer política que teña un ámbito máis xeral.

Por eso, e como primeira reflexión e como marco xeral para situar o problema, desde o Goberno galego as medidas que se propoñen para axudar a superar un entorno tan desfavorable deben ter vocación de ser aplicables, en termos xerais, a outros sectores e dar posibilidades de acceso a elas desde outros sectores. Dito isto, é inescusable tamén, loxicamente, para a actuación política concreta, ter actuacións parciais, e con máis motivo naqueles sectores que teñen que ser estratéxicos —e o son— dentro do entramado produtivo. E nesa medida estase traballando de xeito específico en relación co conxunto das empresas agrupadas baixo a denominación xenérica de “Pedra natural de Galicia”.

Plantexábase vostede: ¿e que fixo o Goberno de Galicia nestos nove meses? Pois, fíxese, o que fixo... E tamén dicía vostede: polo menos fagan o que nós estabamos facendo. Eso, nunca; eso, nunca, porque ustedes estábano facendo mal, ustedes estábano facendo mal, e eso é o que nós non podemos facer. Non vamos a facer o mesmo que lles levou a vostedes a perder as eleccións, temos que facer cousas distintas e mellorar a súa xestión. E por eso, nesta mudanza, o Goberno galego o que está facendo é traballar desde o Igape. E non é certo que o Igape puxera xa con anterioridade ferramentas de crédito para a financiación de circulante, non é certo. É certo que desde a anterior dirección empezouse a orientar o Igape hacia a subsidiación de tipos de interés, nunca para financiar operacións de circulante. E o que se pretende agora é mobilizar recursos privados cara ás empresas a través da ampliación do sistema de garantías e avais

directamente ou en colaboración con sociedades de garantía recíproca. Ese é o camiño que está seguindo o Goberno galego e que está sendo e tendo gran aceptación, fronte ao que vostede di, no sector da pedra natural de Galicia.

Discrepamos de xeito xeralizado en que a Administración deba actuar de xeito directo en substitución do sistema financeiro privado. Por certo, ese tamén era o criterio da anterior dirección, dos dous anteriores directores do Igape; ese era o criterio, non actuar directamente senón a través..., como veño de dicir, mobilizando recursos privados do sistema bancario. Pero, claro, a vostedes tamén temos coñecemento que lles costa moi pouco defender unha cousa e a súa contraria; ese famoso posicionamento total que lles permite estar dicindo agora o contrario do que defenderon e pedindo en xuño o contrario que defendía o seu director xeral do Igape en febreiro.

E, nese sentido, para financiar, para facilitar a financiación operativa das empresas galegas e, por suposto, dos sectores da pedra natural, existen operacións de crédito e de financiación de circulante mediante a habilitación de liñas de financiación subsidiada e avalada que poden chegar hasta tres millóns e medio de euros, e onde o Igape, como término xeral, pode avala até o 50% dos importes adeudados. Ou incluso, en situacións de reaval a favor das sociedades de garantía recíproca, os importes garantidos chegan hasta o 90% das entidades dispostas.

Pero, ademais deste conxunto de ferramentas operativas que conxuntamente van supoñer mobilizar máis de 260 millóns de euros entre os programas Resolve e Remóvete industrial, coñecedores da situación particular deste sector, que ten problemas específicos, é verdade, e ten problemas específicos relacionados coa obtención de operacións financeiras, e a instancias dos seus representantes, estase a traballar en mecanismos específicos que permitan superar as reticencias do sector financeiro privado ao respecto das empresas deste sector.

Polo tanto, o que vostede solicitaba no punto 1 non solo está cumprido, senón que está superado con creces, estase a traballar nesa dirección e estase a traballar ben.

Pero tamén é coñecido, e tamén estase traballando neso, que a principal demanda das empresas do sector está rela-

cionada coas estratexias de captación, fixación e fidelización en novos mercados, así como a potenciación da identificación dos produtos e da oferta galega. E, neste sentido, a Consellería de Economía e Industria ten comprometido un incremento do 56,5 nos investimentos a prol da internalización das empresas galegas, nomeadamente e particularmente tamén das empresas da lousa e da pedra natural, e especificamente dese sector.

Existe asinado un convenio de 568.000 euros que permite financiar os eixes principais da estratexia de internalización das empresas deste sector. Eso está firmado, asinado e en marcha. Polo tanto, non se pode de ningunha maneira instar a Xunta a que, digamos, traballe en términos de internalización cando está xa absolutamente cumprido ese obxectivo, esta xa en marcha e síguese traballando nel.

Insisto, reforzamento do posicionamento, imaxe e implantación dunha marca de calidade do produto e do sector que se materialice na creación da marca “Lousa de Galicia (España)” e que se incluíra en todas as etiquetas das empresas da Asociación Galega de Pizarristas; incorporación de accións de formación e divulgación entre profesionais e prescritesores que permitan fomentar aspectos técnicos e melloren a identificación e a correcta utilización dos produtos. Pero, dígolle máis, dígolle máis, vaise acadar por primeira vez a clasterización do conxunto do sector. Estase a punto de conseguir algo que é un desexo comunmente manifestado e fondamente reclamado polo sector. E estase a punto e vaise acadar a clasterización, o cal é un punto e é un paso fundamental no desenvolvemento deste sector. E non solo é fundamental no que supón de mellora para o propio conxunto, senón fundamental como palanca para esa internalización.

En resumen, os problemas están identificados, as solucións están propostas e en marcha, a metodoloxía é camiñar e traballar da man das empresas do sector, e, nese sentido, coincidimos coa raíz desta iniciativa, coa raíz moi profunda e a que vostede non se esforzou en explicar. Aportamos unha emenda que non contradí para nada o que é a raíz, o fundamento, da súa intención: mellora da financiación e mellora o traballar cara á internalización. Polo tanto, a nosa emenda o que propón é profundizar nesa dirección, profundizar nesa orientación e buscamos, eso si, coma sempre, desde o Grupo Parlamentario Popular, entendemos que as manifestacións

plenarias son importantes porque en sectores coma este, que necesitan de todos os apoios, nunca sobra o consenso político. Polo tanto, esperamos que a nosa emenda sea aceptada porque vai na dirección correcta, mellora, na nosa opinión, o que se ten dito e o que se ten escrito e, sen dúbida, aporta solucións para este sector.

Máis nada e moitas grazias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Sueiro.

Para pechar o debate desta proposición non de lei ten a palabra a señora Acuña do Campo.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Gracias, presidente.

Quero empezar agradecendo aos demais grupos que plantearan tamén propostas para axudar o sector da lousa. Iso, e a presenza do señor conselleiro, que, xuntando as dúas cousas, fai que teña esperanzas de obter algún resultado desta proposta que presenta hoxe o noso grupo.

Xa me gustaría, señor deputado, que fora algo distinto, algo diferente, despois de todos estes meses de xestión popular ao fronte da Xunta. Pero, efectiva e desgraciadamente, en medidas, en axudas, en xestión é o mesmo, é, desgraciadamente, nada de nada; é a absoluta parálise do seu Goberno.

Mire, o que si hai algo diferente neste tempo é que vostedes agora empezan a recoñecer o carácter internacional da crise económica. Dicirlle... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si. Dicirlle ao señor voceiro do Partido Popular que o seu grupo leva dende antes de chegar ao Goberno enredando coa internalización, coa dinamización e co Plan de choque da lousa, pero a realidade é que ata o de agora, nada de nada. A única actuación que levan feito vostedes —e non o digo eu, senón que o di o propio Goberno nunha resposta a esta deputada recibida fai dez días—, a única actuación —repito— dese prometido Plan de dinamización da lousa é un convenio, un convenio aínda sen desenrolar, firmado en setembro, coa AGP; convenio que pretende levar a cabo accións de información entre arquitectos, aparelladores, etc. para que nas obras que se prescriba lousa non se utilicen outros materiais que non cumpran coas especificacións europeas para considerarse como tal.

Ese, señor deputado, é todo o plan de axuda do Goberno do PP á lousa. E, se non, voulle dicir unha cousa: pregunten vostedes alí. Iso é todo o que fixeron dende o Goberno popular, señor deputado.

E xa analizamos antes todo o que vostedes desfixeron –desfixeron– dende o Goberno popular durante este tempo. Este Goberno... Miren, señorías, este Goberno está resultando ser unha desgracia; unha desgracia para a lousa e unha desgracia para toda Galicia, porque é incapaz de facer nada, de facer nada novo. Pero é que, ademais, está empeñado en desfacer, en revisar o feito, e todo iso, ademais, en plena crise económica.

Vostede me fala de que se está a traballar. Pero, mire, eso non chega nestes momentos, o de “estase a traballar”, o que necesitamos é que se vexa ese traballo. Fagan vostedes algo dunha vez dende o Goberno autonómico, porque, miren, lle recordo de novo e llo recordo, teño oportunidade de recordarllo directamente ao señor conselleiro, a economía, a industria e a minería é competencia súa. Non poden vostedes limitarse a criticar o Estado, a desfacer o pasado e a mentir, e a mentir, señor deputado, sobre o presente; teñen que poñerse a gobernar dunha vez.

Pero, en aras de ser útiles para o sector da nosa minería, para a lousa, tan importante para o mercado exterior galego e tan imprescindible, como quedou aquí patente nesta Cámara hoxe, para a supervivencia das comarcas do noso interior, queremos dende o Grupo Parlamentar Socialista propor aos demais grupos unha transacción coa intención de chegar a algún acordo que veña a mellorar a situación da lousa.

Sobre o que propón o Grupo Parlamentar Popular, que engade a palabra “continuar”, o que máis o menos planteamos dende o noso grupo, a pesar de estar tan trasnochada a nosa iniciativa, pois, miren vostedes, nada que obxectar, xa que nós mesmos pediamos que se continúen alomenos as medidas postas en marcha polo anterior Goberno; pero, iso si, señor deputado, para a lousa. É o sector do que estamos a falar hoxe, porque, mire, outros sectores da pedra natural xa se teñen abordado noutras iniciativas. E porque, ademais, insisto en que a lousa ten unhas peculiaridades e unhas características propias que debemos ter en conta cando nos planteamos poñer en marcha algunha medida para ese sector.

En canto á proposta do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, estamos de acordo en moitas das cousas que propón, aínda que algunhas entendemos que xa foron aprobadas na Comisión de Industria, como é o caso do Pacto coas administracións públicas para a utilización da lousa coa garantía de darlle a cambio asesoramento técnico a través do Centro de Tecnificación...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Remato, señor presidente.

Sobre as medidas urbanísticas, pensamos que, dada a súa transcendencia e complexidade, merecen ser tratadas á parte para que non resulten resueltas ou abordadas só parcialmente.

En definitiva, seguro que, tras unha pequena negociación, poderemos consensuar un texto que satisfaga os tres grupos e, sobre todo, que sexa interesante para o sector da lousa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Acuña.

Modificación e alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Antes de levantar a sesión, comunicamos á Cámara modificacións no desenvolvemento da orde do día na xornada de mañán: as solicitudes de aprazamento polo Goberno das interpelacións, o documento 19660, que é a interpelación 5.4, e tamén a que figura na orde do día co punto 5.2, que é a interpelación documento 9695. E tamén as preguntas que están incluídas na orde do día nos números 7.5 e 7.10. É dicir, aprázanse as interpelacións 5.2, 5.4 e as preguntas 7.5 e 7.10.

E despois comunicar a alteración da orde do día consistente en que a pregunta 7.11, que é o documento 22072, formulada polo señor Meijón, será tratada inmediatamente despois de concluído o punto 6.º da orde do día, que é de preguntas ao presidente da Xunta.

Suspéndese a sesión ata mañán ás dez horas, que a reiniciaremos precisamente co punto 6.º, de preguntas ao presidente da Xunta de Galicia.

Máis nada e moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás oito e cincuenta e oito minutos da tarde.



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25